

Sentimento de lugar e eucaliptos:  
unha aproximación interdisciplinar  
ao estado do monte en Galicia.

Traballo Fin de Mestrado presentado na  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais  
da Universidade de Santiago de Compostela,  
por Helena Martínez Cabrera como requisito  
para obter o título de Mestrado Universitario en  
Desenvolvemento Económico e Innovación.

Curso 2015-2016, Convocatoria Setembro 2016


Estudiante: Helena Martínez Cabrera

Titor: Gonzalo Rodríguez Rodríguez

TFM-12

**"Se queremos comprende-lo xeito no que o pasado se convirte en presente, temos que comprender tamén as nosas complexas relacións con este pasado, que inclúen tanto a necesidade histórica de transformalo, como o desexo de manter, establecer e aínda inventar unha continuidade".**

**Eric Hobsbawn, A invención da tradición.**



**Aos de Cas Basanta, por abirme as portas da Mariña.**

**Aos da Casa de Dás, por axudarme a pechalas e escribir este traballo.**

**E a Gonzalo Rodríguez, pola confianza e esixencia alegre, tan característica.**

## **1. Resumo: unha panorámica á relación entre eucaliptización e sentimento do lugar.**

Galicia non é un paraíso natural: é verde eucalipto. Ou piñeiro, como ben louba Pondal no himno galego. O IV Inventario Forestal Nacional, recollía que por primeira vez na historia, o 20% da superficie arborada de Galicia corresponde a poboacións de eucalipto, 2 puntos percentuais por enriba da seguinte especie máis común, a de piñeiro pinaster ou piñeiro do país. Os últimos datos dispoñibles falan de que un 51,2% da superficie arborada de Galicia corresponde na actualidade a plantacións forestais (Vallejo Bombín, 2011).

O estado do monte en Galicia evoca cuestións sobre a causalidade. Por que o monte está así? A quen interesa? Por que a fuxida cara unha monotonía na paisaxe cando dende fóra vese Galicia como unha xoia natural? Por que a repoboación con especies de crecemento rápido, como o piñeiro e eucalipto está aceptada socialmente? Que fai falla para constituír un rural vivo? Dentro desa lóxica, este TFM-12 busca revelar como os cambios no monte galego, en especial o aumento das plantacións forestais para usos industriais nas derradeiras décadas poden ter influenciado na consideración do monte como significativo para a poboación.

Identidade, construción dun rural vivo e interiorización dos cambios na paisaxe. Sobre estes tres eixos xira o traballo que a continuación presentamos. Lonxe de querer constituírse o mesmo como un alegato nostálxico do sistema agrario tradicional galego, trataremos de expoñer como a extensión do cultivo de especies forestais de crecemento rápido en Galicia pode estar poñendo en risco a sostibilidade futura e presente de todo o ecosistema, tanto no senso ambiental, económico como social. Farémolo dun xeito interdisciplinar.

O noso obxecto de estudo será a aceptación xeralizada e en consecuencia a falta de comportamentos reactivos a grande escala en Galicia diante os cambios no estado do monte e o uso medrante do mesmo para a produción forestal con especies de crecemento rápido. En resumo, a aceptación da eucaliptización.

Como proposta de abordaxe do tema, centrarémonos na idea de sentimento de lugar, unha variante do apego ao lugar que ten sido estudada máis amplamente polas Psicoloxías Social e Ambiental e cuxa plasticidade axudará a tender pontes cara outras Ciencias Sociais, como a Antropoloxía, Ciencias Políticas, Filosofía, Socioloxía ou Economía, pero tamén coas Ciencias Ambientais, a Edafoloxía ou a Enxeñería Forestal, dende as que se teñen tamén abordado temáticas semellantes. Así, escollimos como variable explicativa desa inmovilismo respecto da eucaliptización o concepto de sentimento de lugar.

Aliás, o sentimento de lugar ten sido demostrado pola investigación empírica como un predictor sólido do comportamento pro-ambiental. Así, ao achegarnos ao sentimento de lugar en relación á forestación do monte, aos cambios percibidos no mesmo ao longo do tempo así como as variacións atopadas entre diferentes persoas, achegarémonos ao conxunto de explicacións causais que explican o inmovilismo da poboación respecto do mesmo, e a súa evolución percibida. O interese engadido de achegarnos aos comportamentos políticos da poboación vía exploración do sentimento de lugar, é que este concepto é fundamental para o benestar das comunidades e persoas a nivel individual; tanto nun plano estático (calidade de vida) como dinámico (resiliencia ou capacidade de adaptación a posibles cambios futuros). A análise nas mudanzas sobre os significados do lugar na formación da propia identidade permitiranos tamén achegarnos a unha explicación de como a xente valora a paisaxe, en especial o estado do monte en Galicia e como interactúa con el. Así, tentaremos respostar ás seguintes preguntas de investigación:

1. Por que se acepta en Galicia o estado do monte e a eucaliptización?
2. Hai un desprezo pola terra e as actividades relacionadas co monte?
3. Ten cambiado a a relación das persoas co monte como resultado da eucaliptización?
4. Que papel xoga o lugar como factor de identificación? Está perdendo peso relativo fronte a outros factores?
5. Que tipo de xestión dos recursos forestais axudaría a dinamizar o rural en Galicia?


Relacionado co anterior, os obxectivos deste Traballo Final de Mestrado serán:

1. Avalia-la contribución do modelo forestal e a cadea forestal-madeira ao benestar en sentido amplo de Galicia na actualidade.
2. Analiza-los efectos que os principais cambios no monte en Galicia teñen sobre o sentimento de lugar das persoas e as repercusións para a sustentabilidade futura das comunidades.
3. Tantexa-las posibilidades de cambio cara un modelo de aproveitamento e uso dos recursos forestais compatibles co desenvolvemento local e rural sostible en Galicia.

Para o cumprimento destes obxectivos e dar resposta aos interrogantes enriba descritos, a investigación presentada nas páxinas que seguen foi elaborada mediante técnicas de investigación cualitativa. Dúas hipóteses foron enunciadas seguindo o traballo de Stedman (2002), e logo contrastadas, nun intento de ofrecer unha explicación aos posicionamentos en Galicia respecto do estado do monte:

- **H1:** As persoas que dan apoio ao monocultivo forestal mostran un apego elevado ao territorio e unha satisfacción elevada respecto da situación do monte.
- **H2:** As persoas posicionadas contra o monocultivo forestal ou ben teñen un apego alto e unha satisfacción baixa ou ben se sinten persoalmente ameazadas polo cultivo do eucalipto.

A metodoloxía de traballo, componse de dúas fases. A primeira fase, de revisión teórica e do estado da arte sobre identidade, benestar e xestión forestal foi acompañada por outra fase empírica. Nesta segunda, realizáronse 10 entrevistas en profundidade semiestruturadas a persoas de entre 45 e 90 anos residentes e nadas na zona da Mariña lucense.



A grandes trazos, a escolla da Mariña lucense como área para a realización do traballo de campo debeuse ao especialmente intenso proceso de cambio paisaxístico da área debido á influencia da fábrica pasteira na veciña Navia; ao relativo dinamismo económico e demográfico que presenta a Mariña dentro do rural galego; á facilidade de acceso a informantes chave polo previo coñecemento da área e a que identitariamente falando, pode considerarse unha unidade ao que a poboación segue intensamente vencellada. (Castro & Martínez, 2015).


Realizouse unha transcripción literal das 10 entrevistas, que foron a continuación codificadas e analizadas seguindo 6 ítems ou bloques temáticos: crenzas avaliativas sobre a natureza e o monte na Mariña lucense; historia de vida; apego ao lugar e identidade; satisfacción co lugar, actitudes e probabilidade de comportamento proambiental e finalmente expectativas de cambio futuras.

Para o procedemento de análise dos resultados empíricos seguimos a Grounded Theory e codificáronse as entrevistas na busca de pautas comúns para facilita-la inferencia sobre as diferentes percepcións sobre os cambios na paisaxe e estado do monte en Galicia, as variacións no sentimento de lugar asociadas e as perspectivas de cambio percibidas.

Con todo, o principal interese deste traballo será o de abordar un problema específico, o de comprender por que se acepta a extensión das plantacións forestais con especies de crecemento rápido no monte galego, causa común de diferentes disciplinas dentro das Ciencias Sociais e Naturais, co fin de amplia-lo rango analítico do problema e así poder intervir sobre o mesmo de xeito máis sinxelo, fuxindo de estereotipos e simplificacións.

Entre as conclusións, vimos que este traballo comezaba a andar dende unha perspectiva errónea: a de que os e as galegas aceptabamos maioritariamente a eucaliptización do monte porque non queremos o noso, porque desprezamos á terra e non temos apego ao lugar. Era a vía fácil e demostrouse falsa.

Ademais, observamos que a expansión do eucalipto no monte en Galicia na actualidade ten as súas raíces no rápido proceso de cambio do sistema de



economía de base agrícola tradicional. Explícase tamén polo efecto demostración das repoboacións practicadas polo Patrimonio Forestal do Estado e ICONA, a escasa eficacia das normas de ordenamento forestal galegas, as axudas directas á plantación até o ano 2000 e pola demanda de especies de medra rápida para trituración nas plantas pasteiras de Navia e Lourizán. O espallamento desta especie, ademais, ten que ver coa estrutura da propiedade da terra, que desincentiva o uso múltiple do monte e fomenta as estratexias de maximización de beneficios por parte dos e das pequenas propietarias.

Malia te-la cadea forestal-madeira unha importante implantación nas zonas rurais e ser responsable dunha considerable porcentaxe da industria nestas áreas, a súa contribución ao PIB é modesta no rural, exceptuando casos puntuais onde teñen peso as industrias de segunda transformación. A rendibilidade das plantacións forestais é a principal contribución ao benestar destes usos, malia sinalarse que representan unha fonte secundaria de ingresos para a meirande parte dos e das propietarias forestais. Con todo, os cultivos forestais e os ingresos provintes deles, serven como apoio económico para a poboación no contexto de crise actual e durante as derradeiras décadas e funcionaron como un seguro diante imprevistos para amplas capas sociais. No que atende ás oportunidades de traballo ligadas ao sector, o emprego dentro da cadea non é considerado relevante como dinamizador do rural e non contribúe a frea-lo despoboamento rural. A progresiva mecanización das actividades ligadas ao sector así como o modelo de expansión da industria, vía abaratamento de custes de produción, aventuran unha redución dos postos de traballo no mesmo.


En xeral as persoas enténdense fortemente vencelladas aos seus lugares de orixe, identificación na cal o monte cumpre un papel importante. O espallamento do eucalipto entre as formacións arbóreas non implica un menor sentimento de lugar. As persoas consideran que atributos físicos do monte e interaccións con outras realizadas nese espazo forman parte da súa identidade, malia sinalarse unha perda de contacto e un enfeblecemento progresivo dos vencellos có monte asociados á eucaliptización. O eucalipto é causa e consecuencia da

perda do apego comunitario. A perda gradual de vencellos coa comunidade ten unha orixe consensuada: o abandono do rural. O eucalipto é entendido sobre todo como unha consecuencia do movemento da poboación cara ás cidades, malia indicarse tamén que pode ser unha causa do mesmo.

Independentemente das preferencias e valores asociados ao monte, atopamos a idea compartida de que o eucalipto supón unha ameaza á paisaxe, que habería que diversificar as masas forestais e que unha maior convivencia dos usos produtivos e non produtivos do mesmo sería beneficiosa para o conxunto da poboación, propietarios/as forestais incluídos/as.

Nun lado da balanza, o abandono do rural, un fenómeno que semella ser difícilmente reversible e que dificultaría a diversificación dos usos do monte. No outro, o efecto chamada sobre as xeracións mozas que os novos usos do monte, de lecer, poderían ter, sumado a unha maior porcentaxe de persoas que traballarían a terra para produción de alimentación e unha maior incorporación de I+D+i nos sectores produtivos asentados no rural.


O problema de fondo, segundo Oliveira Baptista (en López Iglesias, 2012, p.137) é que "o rural xa non é agrario pero aínda non é outra cousa". A gobernanza dos procesos de cambio no rural será a clave que decantará dirección do mesmo. Vimos que é unha cuestión de poder. Só a implicación directa da poboación do rural e a sensibilidade diante das especificidades locais das intervencións dende a administración pública, favorecerán a obtención de resultados consensuados e salvagardarán os intereses compartidos, os comúns, para amplas maiorías sociais. Como facer isto? A resposta non é doada. Este traballo arroxa luz sobre algunhas das cuestións a ter en conta para pensarmos ese rural futuro, en especial no que atende aos temas forestais.




## 2. Índices.

### 2.1.ÍNDICE DE CONTIDOS.

<b>1.INTRODUCCIÓN. OBXECTIVOS, METODOLOXÍA E INTERESE.....</b>	<b>14</b>
<b>2.ANÁLISE.....</b>	<b>20</b>
<b>3.1.REVISIÓN TEÓRICA E ESTADO DA ARTE .....</b>	<b>20</b>
3.1.1. <i>Introdución. O monte en Galicia: principais cambios no estado das masas forestais e perspectivas futuras.....</i>	20
3.1.2. <i>O marco normativo do monte: actualidade en Galicia .....</i>	23
3.1.3. <i>Modelo de xestión forestal e eucaliptización.....</i>	27
3.1.4. <i>Repoboacións forestais en Galicia: conflictividade no medio rural .....</i>	32
3.1.5. <i>Abandono rural e eucaliptización:homoxeneización e implicacións culturais.....</i>	37
3.1.6. <i>A cadea forestal-madeira: usos e perspectivas .....</i>	41
3.1.7. <i>A xestión forestal sostible, alternativas e referentes.....</i>	45
3.1.8. <i>Diversificación e calidade de vida: hai alternativas ao uso industrial do monte en Galicia?.....</i>	50
3.1.9. <i>Desenvolvemento, necesidades e ecoloxía.....</i>	57
3.1.10. <i>Cara unha visión integral e biocéntrica do monte: Achegas dende a Economía Ecolóxica e Etnoecoloxía .....</i>	61
3.1.11. <i>As persoas e o seu papel nos ecosistemas-bosque: benestar e o sentimento de lugar. Achegas dende a Psicoloxía Social e Ambiental.....</i>	66
3.1.12. <i>Os ligames cos lugares nun mundo cambiante: retrospectiva e actualidade.....</i>	70
3.1.13. <i>Sentimento de lugar e monte en Galicia: a batalla silandeira polos significados.Socioloxía Ambiental aplicada .....</i>	74
3.1.14. <i>Cultura, identidade e paisaxe en Galicia: Integración ou non? Achegas dende a Antropoloxía Ambiental e Cultural.....</i>	77
3.1.15. <i>Participación política e futuro do rural. Achegas dende as Ciencias Políticas... ..</i>	81
<b>3.2. ANÁLISE EMPÍRICA .....</b>	<b>88</b>
3.2.1. <i>Metodoloxía .....</i>	88
3.2.2. <i>Contraste empírico .....</i>	92
3.2.3. <i>O caso de estudo: A Mariña lucense .....</i>	98
3.2.4. <i>Traballo de campo.....</i>	101
3.2.4.1. <i>Consideracións éticas.....</i>	105
3.2.4.2. <i>Guión entrevista en profundidade .....</i>	106




3.2.5.Resultados.....	107
3.2.5.1.Historia de vida .....	108
3.2.5.2.Crenzas avaliativas sobre a natureza e o monte na Mariña lucense.....	112
3.2.5.3.Apego ao lugar e identidade.....	128
3.2.5.4.Satisfacción co lugar, unha atitude.....	135
3.2.5.5.Atitudes e probabilidade de comportamento proambiental .....	141
3.2.5.6.Expectativas futuras e eficacia .....	146
3.2.5.7.Contraste de hipóteses.....	158
<b>4. CONCLUSIÓNS .....</b>	<b>161</b>
<b>5.BIBLIOGRAFÍA.....</b>	<b>171</b>
<b>6.ANEXOS .....</b>	<b>186</b>



## 2.2.ÍNDICE DE FIGURAS

<b>2.2.1. FIGURA 1:</b> XUANCES (XOVE), POR ROQUE FANEGO .....	<b>17</b>
<b>2.2.2. FIGURA 2:</b> DISTRIBUCIÓN DAS MASAS ARBÓREAS EN GALICIA POR ESPECIE PREDOMINANTE .....	<b>27</b>
<b>2.2.3. FIGURA 3:</b> MAPA DOS NÚCLEOS POBOACIONAIS GALEGOS DESHABITADOS OU EN RISCO DE ESTALO .....	<b>38</b>
<b>2.2.4. FIGURA 4:</b> PESO SECTOR FORESTAL MADEIRA SOBRE O PIB COMARCAL 2012.....	<b>42</b>
<b>2.2.5. FIGURA 5:</b> PESO DOS ESTABELECIMENTOS DA INDUSTRIA FORESTAL-MADEIRA .....	<b>43</b>
<b>2.2.6. FIGURA 6:</b> VARIACIÓNS NA PEGADA HUMANA EN GALICIA 1993-2009.....	<b>65</b>
<b>2.2.7. FIGURA 7:</b> PORCENTAXE INCENDIOS FORESTAIS POR DISTRITO FORESTAL.....	<b>99</b>
<b>2.2.8. FIGURA 8:</b> DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL ENTREVISTAS .....	<b>101</b>
<b>2.2.9. FIGURA 9:</b> RESUMO PERFÍS ENTREVISTAS, DURACIÓN E CÓDIGO IDENTIFICATIVO .....	<b>103</b>



### 3. Introducción. Obxectivos, metodoloxía e interese.


Hai catro anos, nun contexto festivo no Ortegal, abraioume ver como a algarabía previa aos concertos cesaba de súpeto. Non era a música, era o anuncio de Gadis. Nese momento, no 2012, a exitosa campaña publicitaria "Vivamos como galegos", ía xa pola súa quinta edición. Ao rematar a peza, que sinalaba como núcleo duro da identidade dos e das galegas a gastronomía, unha insospeitada resistencia á frustración (o "se ten que chover, que chova...") a hospitalidade innata, a naturalidade e unha paixón provinte da terra ou os carballos, entre outros, a multitude sumouse ao berro: Vivamos como galegos!

A reacción do público, indubidablemente apelado pola mensaxe esencialista e populista da cadea de supermercados galega levoume a cuestionar os motivos desa identificación. Por que triunfaba tanto entre as persoas novas, esa mensaxe despolitizada e conformista do que supoñía sentirse galegos/as? Era algo innato dos e das galegas o "mexan por nós e dicimos que chove" que parecía entrelerse no anuncio? Eran de verdade os pementos de padrón ou o pan de carral feitos constitutivos dese "ser galegos e galegas", como versaba o reclamo publicitario? Corría 2012 e coa memoria recente do movemento 15-M e a constatación da eclosión de formas de participación política non convencional<sup>1</sup> entre a xuventude (Mir, 2013), negábame a dar por válida esa tese.

Moito antes, precisamente preto da sede de GADISA en Galicia, nas proximidades de Betanzos, fora testemuña pasiva da transformación dunha aldea eminentemente rural a comezos dos 90; con pequenas explotacións leiteiras e un mosaico paisaxístico mantido polas actividades agrícolas e gandeiras á suburbanización, eucaliptización e o distanciamento crecente entre a xente da aldea de sempre, e os recién chegados; urbanitas. O achegamento ao agroecoloxismo, as hortas comunitarias e a experiencia en movementos de

---

<sup>1</sup> Por participación política non convencional enténdense todas as formas de involucración en asuntos públicos que non son nin militancia en partidos políticos, asociacións clásicas ou sindicatos.



reivindicación do espazo veciñal na cidade levaríanme a tomar conciencia de que ese rural vivido, non era un rural vivo. Pero por que non era vivo? As Ciencias Políticas levávanme a colocar como primeira explicación a falta de capital social, de cohesión social e implicación da comunidade.

Pero había algo máis. A imaxe externa de Galicia que me transmitían os meus achegados de fóra, non coincidía coa miña. Por que? En xeral, os clichés sobre Galicia, nos que eu mesma me atopaba caendo, non fallaban: terra de caciques, conservadora, de natureza exuberante e salvaxe. Foi o estereotipo do paraíso natural o que comezou a molestarme primeiro. Galicia non era un paraíso natural: era verde eucalipto. Ou piñeiro, como ben louba Pondal no himno galego. Por que a fuxida cara unha monotonía na paisaxe cando dende fóra vese Galicia como unha xoia natural? Por que a repoboación con especies de crecemento rápido, como o piñeiro e eucalipto está aceptado socialmente? Non sería máis sensato facer coherente imaxe externa e realidade e tentar aproveitala como gancho para o turismo? A que respondía esa incoherencia? A quen beneficiaba?

O monte galego é parte do patrimonio e testemuña dunha comunidade epistémica, dunha cultura baseada na experiencia acumulada de aproveitamento integral dos recursos que en palabras de Jeffrey Sachs será clave, nesta que denomina a "era o desenvolvemento sostible" e cando xa está aceptado que o crecemento e produción de recursos ten un límite (2015, p.568). Os montes, ademais de significar un lugar de encontro e de relación social eran un espazo do que se podía obter o toxo necesario para o alimento do gando, o fertilizante das terras, a leña para as casas, servía para a plantación de colleitas ou obtención da madeira para a construción de vivendas. O momento no que esta relación rompe é cando o monte se empeza a "afastar" da aldea e desvirtúase así esa simbiose necesaria para manter ese ecosistema rural tradicional galego.

Se repasamos a súa evolución histórica, en Galicia os montes sobreviven ás expropiacións ligadas ao xurdimento do Estado Liberal durante o s.XIX e á extensión dos concellos. O primeiro dos choques de culturas será este, o do

despregamento da administración estatal, ao ter estado até entón as poboacións ligadas e identificadas con entidades locais menores como o lugar, a aldea ou parroquia (Balboa, 1990).

Identidade, construción dun rural vivo e interiorización dos cambios na paisaxe. Sobre estes tres eixos xira o traballo que a continuación presentamos. Lonxe de querer constituírse o mesmo como un alegato nostálgico do sistema agrario tradicional galego, trataremos de expoñer como a extensión do cultivo de especies forestais de crecemento rápido en Galicia pode estar poñendo en risco a sustentabilidade futura e presente de todo o ecosistema, tanto no senso ambiental, económico e social. Farémolo dun xeito interdisciplinar.

Como proposta de abordaxe do tema, centrarémonos na idea do sentimento de lugar, unha variante do apego ao lugar que ten sido estudada máis amplamente polas Psicoloxía Social e Ambiental e cuxa plasticidade axudará a tender pontes cara outras Ciencias Sociais, como a Antropoloxía, Ciencias Políticas, Filosofía, Socioloxía ou Economía, pero tamén coas Ciencias Ambientais, a Edafoloxía ou a Enxeñería Forestal, dende as que se teñen tamén abordado temáticas semellantes.

O sentimento de lugar, percepción individual sobre a relevancia dos lugares físicos na conformación da propia identidade, está considerado un elemento chave na sustentabilidade das comunidades (Stedman, 1999). Ao longo do traballo, afondaremos sobre como os cambios na paisaxe galega, poden ter afectado ao sentimento de lugar. A análise nas mudanzas sobre os significados do lugar na formación da propia identidade permitiranos tamén achegarnos a unha explicación de como a xente valora a paisaxe, en especial o estado do monte en Galicia e como interactúa con el. Así, tentaremos responder ás seguintes preguntas de investigación:

1. Por que se acepta en Galicia o estado do monte e a eucaliptización?
2. Hai un desprezo pola terra e as actividades relacionadas co monte?
3. Ten cambiado a a relación das persoas co monte como resultado da eucaliptización?

4. Que papel xoga o lugar como factor de identificación? Está perdendo peso relativo fronte a outros factores?
5. Que tipo de xestión dos recursos forestais axudaría a dinamizar o rural en Galicia?

Defenderemos que a sustentabilidade do monte necesita da construción actualizada doutra relación de simbiose, entre natureza e modos de vida da poboación galega dos nosos días. A homoxeneización dos usos do monte muda tamén as relacións das poboacións co territorio e contribúe á agudización dun problema endémico en Galicia como é o despoboamento do rural, así como a diminución do apego ao territorio (Martínez, 2015a).

Na actualidade o cambio de valores postmaterialista da poboación sitúa a conservación da natureza e coidado do medio ambiente como criterios reitores das políticas públicas pero tamén do comportamento de actores privados como empresas e cidadanía. A datación do cambio climático e a importancia do contacto coa natureza para o benestar humano (Hartig, Mitchell, de Vries & Frumkin, 2014), caracterizan un contexto no que parece desexable socialmente impulsa-la multifuncionalidade do monte. As tendencias recentes na evolución dos usos do mesmo, que repasaremos, van precisamente no senso contrario, cara a homoxeneización.

Relacionado co anterior, os obxectivos deste Traballo Final de Mestrado serán:

1. Avalia-la contribución do modelo forestal e a cadea forestal-madeira ao benestar en sentido amplo de Galicia na actualidade.
2. Analiza-los efectos que os principais cambios no monte en Galicia teñen sobre o sentimento de lugar das persoas e as repercusións para a sustentabilidade futura das comunidades.
3. Tantexa-las posibilidades de cambio cara un modelo de aproveitamento e uso dos recursos forestais compatibles co desenvolvemento local e rural sostible en Galicia. En palabras de Ana Cabana (2010), comproba-las posibilidades de "reconstrución socioambiental da aplicación dunha política agraria de colonización".



**Figura 1:** Xouves (Xove), por Roque Fanego.

Para o cumprimento destes obxectivos e tentar dar resposta aos interrogantes enriba descritos, a investigación presentada nas páxinas que seguen foi elaborada mediante técnicas de investigación cualitativa.

Dúas hipóteses foron enunciadas seguindo o traballo de Stedman (2002), e logo contrastadas, co fin de ofrecer unha explicación aos posicionamentos en Galicia respecto do estado do monte:

- **H1:** As persoas que dan apoio ao monocultivo forestal mostran un apego elevado ao territorio e unha satisfacción elevada respecto da situación do monte.
- **H2:** As persoas posicionadas contra o monocultivo forestal ou ben teñen un apego alto e unha satisfacción baixa/ ou ben se sinten persoalmente ameazadas polo cultivo do eucalipto.

A metodoloxía de traballo (extensamente descrita no apartado 4.2), componse de dúas fases. A primeira fase do traballo, de revisión teórica e do estado da

arte (sección 4.1) foi acompañada por outra fase empírica. Nesta segunda (sección 4.2), realizáronse 10 entrevistas en profundidade semiestruturadas a persoas de entre 45 e 90 anos residentes e nadas na zona da Mariña lucense, cuxa selección está xustificada no apartado 4.2.3, correspondente unha breve contextualización do estudo de caso.


A grandes trazos, a escolla da Mariña lucense como área para a realización do traballo de campo debeuse ao especialmente intenso proceso de cambio paisaxístico da área debido á influencia da fábrica pasteira na veciña Navia; ao relativo dinamismo económico e demográfico que presenta a Mariña dentro do rural galego; á facilidade de acceso a informantes chave polo previo coñecemento da área e a que identitariamente falando, pode considerarse unha unidade ao que a poboación segue intensamente vencellada. (Castro & Martínez, 2015).

Realizouse unha transcripción literal das 10 entrevistas, que foron a continuación codificadas e analizadas seguindo 6 ítems ou bloques temáticos: crenzas avaliativas sobre a natureza e o monte na Mariña lucense; historia de vida; apego ao lugar e identidade; satisfacción co lugar, atitudes e probabilidade de comportamento proambiental e finalmente expectativas de cambio futuras.

Para o procedemento de análise dos resultados empíricos seguimos a Grounded Theory e codificáronse as entrevistas na busca de pautas comúns (pattern searching) para facilita-la inferencia sobre as diferentes percepcións sobre os cambios na paisaxe e estado do monte en Galicia, as variacións no apego ao lugar asociadas e as perspectivas de cambio percibidas respecto da situación do monte en Galicia.

Con todo, o principal interese deste traballo será o de facer a abordaxe dun problema específico, o de comprender por que se acepta a extensión das plantacións forestais con especies de crecemento rápido no monte galego, causa común de diferentes disciplinas dentro das Ciencias Sociais e Naturais, co fin de ampliar o rango analítico do problema e así poder intervir sobre o mesmo de xeito máis sinxelo, fuxindo de estereotipos e simplificacións; na liña do suxerido por Sauvage (2016).

As páxinas que seguen son unha humilde aposta, en termos de Fernández Buey (2013) pola Terceira Cultura, por avanzar nunha necesaria integración entre ciencias naturais, experimentais e humanidades nunha época que así o esixe, na que somos cada vez máis conscientes da interdependencia dos múltiples problemas socio-ecolóxicos aos que debemos facer fronte e diante os cales urxe á desfragmentación de saberes.; a necesidade de que aparezan "científicos naturais amigos do filosofar e humanistas científicamente informados"<sup>2</sup> (Durán, Riechmann, Mir & López Arnal, 2013, p.12).



---

<sup>2</sup> En castelán, no orixinal. Trad.propia.

## 4. Análise.

### 4.1. Revisión teórica e estado da arte.

#### 4.1.1. *Introdución. O monte en Galicia: principais cambios no estado das masas forestais e perspectivas futuras.*


#QueroNatureza #QueroGalicia, reza un dos lemas da campaña de Turismo da Xunta de Galicia para este ano 2016. Galicia é un territorio verde e así se promociona a súa imaxe no exterior. Os datos, neste caso, avalan os eslóxanes: máis de dous terzos da superficie galega é “monte”. Por provincias Lugo conta coa maior superficie arborada (656.842 ha), seguida por Ourense (575.264 ha), A Coruña (501.586 ha) e Pontevedra (296.988 ha) (IGE,2013b). Nembargantes e como veremos neste apartado, o mosaico de verdes que compoñían até hai só unhas décadas a paisaxe de Galicia foi mudando e seguiu unha tendencia á homoxeneización.

Segundo explican Darriba, Sánchez, Ladra & Arizaga (2013) foi a chegada da economía de mercado e industrialización no s.XIX, xunto coa planificación e intervención económica por parte das institucións públicas do Estado, as que convulsionaron o sistema de organización e económico tradicional galego, baseado na familia como unidade de produción e intensivo en man de obra. A partires de entón e progresivamente, explica Balboa López (1990), faise patente a "esclerose do monte", que pasa a estar marxinado do complexo agrario. Resultado destas mudanzas, iníciase un proceso de éxodo rural na busca de mellores oportunidades nas cidades do resto do Estado, ultramar, noutras capitais europeas ou máis tarde nas cabeceiras comarcais e áreas urbanas periféricas que repunta entre os 60 e 70 e que formará parte do proceso de desartellamento do sistema socioeconómico que sustentaba os usos tradicionais e a paisaxe cultural do monte. Na actualidade, malia que o 75% do territorio é rural, menos do 25 % dos habitantes residen hoxe en concellos rurais (López Iglesias, 2015b).

A 10 anos da vaga de lumes que asolou preto de 90.000 ha. de monte en Galicia no ano 2006 de acordo ao Centro Europeo de Información Forestal, a superficie queimada en Galicia superaba as 9000 ha neste verán de 2016, mentres se acumulan as demandas por un novo plan de ordenamento e xestión forestal multifuncional e sostible, criticase a falta de medios para a prevención e volve á area pública o debate sobre as causas estruturais que levan a que sexa en Galicia onde historicamentese rexistra máis do 50% dos incendios forestais de todo o Estado (Greenpeace, 2008, p.15).

Varias son as causas de fondo apuntadas. Ben sexa porque non rinde economicamente, ben sexa polo despoboamento rural vencellado; son numerosas as voces as que coinciden en sinalar que é precisamente o descoido do monte o que o volve máis vulnerable ante riscos como pragas, lumes ou especies invasoras. Outros engaden ademáis causas estruturais para explica-los riscos aos que se ve exposto o monte galego, entre eles o lume. Parafraseando a Marey, "...o monte galego arde hoxe porque interesa que arda. Os beneficios a curto prazo son superiores aos que se tiran dun monte verde e vivo."(2013, p.76).

Na mesma liña di Victor Freixanes (2013, p.5) que "O espazo rural do século XXI nada ten que ver coa realidade de mediados do século pasado. Tampouco as formas de explotación. Nin as formas de negocio. Ou facemos o monte rendible (tamén para os seus lexítimos/as e históricos/as propietarios/as) ou non hai futuro para o monte, que equivale a dicir que non hai futuro para unha das nosas riquezas potenciais máis evidentes, ese tesouro da natureza". Busca-la rendibilidade económica é con diferenza a vía de saída máis insistentemente repetida na literatura para solucionar-los problemas endémicos do monte, aínda existindo voces disonantes. Estas últimas inciden na conservación e propoñen unha nova contabilidade ecolóxica para o monte e demandan novos usos que enfatizen as funcións non produtivas, senón recreativas e ecosistémicas do monte (Carreira & Carral, 2014).




Logo da baixa rendibilidade económica, a segunda eiva na situación dos montes galegos máis frecuentemente atopada nos textos de referencia é a do modelo territorial caótico e o asociado modelo de "xestión forestal liberal"(Marey, 2013). De acordo a esta visión, a administración autonómica tería delegado as súas funcións na execución de políticas forestais nos concellos, favorecendo iniciativas particulares e unha amplísima diversidade en canto a situación e saúde do monte.

Os movementos de poboación cara á cidade e o envellecemento xeneralizado da poboación rural, reforzarían o abandono do monte de por si inducido por unha política forestal e de desenvolvemento rural errática, a fragmentación da propiedade e a baixa mobilidade da terra, levando a que o número de propietarios/as de montes sexa superior nalgúns concellos ao de habitantes. Isto é especialmente chamativo segundo algúns autores dada a grande capacidade produtiva dos montes galegos e o potencial desenvolvemento do sector forestal-madeira no noso territorio, que de aproveitarse podería incluso axudar a frea-lo despoboamento rural.(Marey, 2013; Rodríguez et al. 2013).

Outro factor permítenos comprender mellor os cambios acontecidos no monte, o rápido e brusco proceso de cambio estrutural na economía galega:

No período 1950-2013 a poboación ocupada na agricultura reduciuse nun 93%, de 827.000 a 56.000 persoas, facendo que o seu peso no total do emprego baixara do 70% ao 5,5% (unha porcentaxe similar á media da UE-28). Galiza experimentou, pois, unha desagrarización tardía pero abrupta, ao concentrarse en 60 anos unhas transformacións que nos países máis desenvolvidos se foran graduando durante 150 ou máis anos. (López Iglesias, 2016, p.338).

Así, entre os anos 60 e a actualidade o sistema social que mantiña a paisaxe cultural do monte e facía un uso multifuncional del, quebrou. En termos de



Toledo e Barrera-Bassols (2009, p.45), nas últimas décadas presenciamos o encontro e colisión entre o moderno e tradicional. Se ben supuxo unha acumulación de excedentes produtivos sen precedentes, tamén ocasionou fondos impactos sociais, ecolóxicos, económicos, culturais e ecolóxicos. O campesiñado galego, por diversas razóns, pasou a ser incapaz de reproducir-lo sistema agrario nunhas novas condicións sociais e económicas que volveron a súa actividade dependente dos fluxos do mercado e da adquisición de insumos do exterior (Balboa López, 1990). Na actualidade e derivado dese proceso, o nivel de riqueza no rural é relativamente baixo, malia presentarse excepcións respecto da renda dispoñible das familias froito das remesas ou por efecto das trasferencias desde o sector público. En palabras de López Iglesias (2012, p.135): "...a baixa produtividade do traballo no sector agrario (...), unido ao limitado desenvolvemento das actividades industriais e terciarias no medio rural, provoca que os concellos rurais rexistren en xeral un baixo PIB por habitante".

Galicia pasou de ser unha aldea a un suburbio e xa no 2010 o 92% da poboación activa estaba vencellada aos servizos e á industria; feito que incide no hábitat galego tradicional e que muda tamén os estilos de vida, con cruces entre o rural e urbano. Os estudos demográficos datan alén dos anteriores, a existencia dun proceso de deslocalización residencial da poboación, que deixou de preferir as cidades como destino e que reforza as tendencias á suburbanización das periferias urbanas e das vilas galegas; con importantes impactos sociais, culturais e políticos. (Ferrás, 2010). Algúns destes, en especial os directamente ligados ao monte e industria forestal galega serán revisados nos epígrafes que seguen.

#### 4.1.2. *O marco normativo do monte: actualidade en Galicia.*

Os cambios na xurisprudencia teñen sido e seguen a ser un elemento vital no devir histórico dos montes en Galicia (Freire Credeira, Balboa López & Rico Boquete, 2014. p 276). 2015 e 2016 foron anos de noticias forestais en Galicia e o Estado. En Xullo de 2015 aprobábase a Lei 21/2015 de Montes, que

modificaba o anterior texto de 2003. Entre algunhas das modificacións destacadas inclúese que poderán recalificarse terreos que foran queimados sempre que exista un interese xeral claro no cambio de uso<sup>3</sup> (que se deixa aberto á interpretación de cada CC.AA.) ou que a competencia de denunciar delitos medioambientais pasa dos axentes forestais aos corpos de seguridade do Estado.<sup>4</sup>

Respecto de Galicia, no 2015 a Xunta facía público o borrador de decreto sobre repoboacións forestais, que prevé a prohibición de repoboar con eucalipto áreas que teñan maioritariamente árbores frondosas como o carballo ou o castiñeiro ou nas masas mixtas de eucalipto e frondosas onde o eucalipto supoña máis do 30% e limita a extensión do eucalipto nitens en Ourense, no sur e nas áreas de montaña de Lugo. Tamén sonado, a Audiencia Nacional rexeitaba en outubro de 2015 un recurso de ENCE contra a decisión do Ministerio de Agricultura de retirar o eucalipto nitens dunha plantación en Asturias pola súa natureza invasora.<sup>5</sup>

Asemade, dende 2014 e até comezos de 2016 un grupo de traballo cunha ampla representación da industria madeireira e pasteira (Xunta de Galicia, 2016a) e dentro do Consello Forestal, elaborou directrices e recomendacións para a revisión do Plan Forestal de Galicia, entre as que se atopan que "debera manterse ou reducirse a superficie arborada ocupada con eucalipto de acordo ás necesidades da industria"; "a necesidade de incrementar o investimento para medidas de melloras forestais e I+D+i", "a necesidade de maior intervención do sector forestal nos distintos órganos de goberno autonómicos sobre a materia" ou "a necesidade de impulsar a creación dunha cultura forestal a través da educación e divulgación". (Xunta, 2016b). En resposta á publicación das conclusións do Grupo de Traballo, a Alianza Rural Galega (2016)<sup>6</sup> amosaba a súa disconformidade porque segundo estes: "tratan de revisar o carácter xermánico das titularidades veciñais e proceder á


---

<sup>3</sup>Diagonal, 09/07/15

<sup>4</sup>Diagonal, 12/03/15

<sup>5</sup>Praza Púbrica, 13/10/2015

<sup>6</sup>Organización de corte progresista e nacionalista integrada por ADEGA, CIG, FRUGA e ORGACMM.



privatización da súa xestión; apostan pola produción de madeira con pouco valor engadido, a biomasa forestal e os cultivos enerxéticos e por último, priorizan a produción forestal malia o risco de degradación ambiental".

Máis recentemente, en Xaneiro de 2016, ENCE (principal compradora de madeira de eucalipto en Galicia) facía público que o goberno central prorrogaba a súa concesión para desenvolver-la actividade da súa pasteira na enseada de Lourizán, Pontevedra, até 2073<sup>7</sup>, cunha ampla oposición cidadá.

Uns meses máis tarde, un informe do Tribunal de Contas (2016) avaliando o 4º quinquenio de execución (2008-2012) do Plan Forestal de Galicia, norma básica que marca as directrices de intervención da Comunidade Autónoma en materia forestal, demostraba que malia que o obxectivo do Plan Forestal de Galicia (1992-2032) era o ordenamento e recapitalización do monte, até o momento levávanse investido máis recursos en prevención e extinción de lumes ca en ordenamento. O mesmo informe databa a cegueira das revisións do PFG, ao facerse estas ser terse desenvolvido previamente unha avaliación dos resultados do Plan anterior. O mesmo documento, alertaba da escasa adicación do persoal forestal a extensión forestal e da insuficiente coordinación entre os servizos dos que dependen, do Servizo de Montes e Servizo de Prevención e Extinción de Incendios.

A nivel europeo, 2015 foi un ano de cambio no que a agricultura se refire. A meirande parte das disposicións da Política Agraria Común (PAC) reformada para o período 2014-2020 entraron en vigor a comezos de ano. O segundo pilar da PAC, o Programa de Desenvolvemento Rural para Galicia fíxose efectivo a finais do mesmo ano. Se ben as anteriores PAC e PDR (2007-2013) en materia forestal contemplaban medidas orientadas sobre todo á mellora do valor económico do bosque, forestación de terras, apoio á rexeneración, repoboación e a empresas transformadoras do sector forestal, as novas PAC e PDR (Comisión Europea, 2014) perseguen a integralidade e sostibilidade dos sectores agrícola, de alimentación e forestal, que deben ser acordes ao Marco

---


<sup>7</sup> La Voz de Galicia, 26/01/2016.

Estratéxico Común e ó Programa de Financiamento Europeo asociado, o Horizonte 2020 e que busca desenvolver un modelo de crecemento intelixente para tódalas rexións europeas. Así, a elaboración de Estratexias RIS3, de especialización intelixente, pasa a ser condición necesaria para as rexións que queiran acollerse a algunha axuda europea, e pretenden axudar a aumenta-la eficacia no emprego dos recursos, que tenderán a concentrarse nas áreas sinaladas como estratéxicas a nivel territorial. (Gallardo Cobos, 2014).

De acordo á mesma autora, o crecemento intelixente marcado polas institucións comunitarias vencéllase a tres prioridades: xeración de coñecemento e innovación, sostibilidade e integralidade das medidas. O rural é recoñecido neste nova fase de programación do financiamento europeo, como central. Na mesma liña, o Marco Estratéxico Común prevé mecanismos e prioridades para asegura-la coordinación entre os diferentes fondos cos que conta a Unión Europea para, entre outras, busca-la integralidade do desenvolvemento territorial.

De igual xeito, as reformas da Política de Cohesión da UE e da Política Agraria Común inclúen xa mecanismos de coordinación para o cumprimento dos obxectivos transversais que marca o Horizonte 2020 e que responde a unha lóxica sistémica de aborda-lo desenvolvemento dos territorios europeos. En materia de desenvolvemento rural e agricultura, dende as institucións europeas e para o período temporal actual instouse a España a que coordine os diferentes fondos dispoñibles (FEADER, FEDER e FSE) en materia de formación, investigación e transferencia en temas vencellados a auga, erosión do chan, prevención de inundacións e incendios forestais.

O primeiro dos retos da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia, aprobada a mediados de 2014, está estreitamente ligado ao sector forestal: xestión innovadora de recursos naturais e culturais. Este reto apunta á necesidade de moderniza-los sectores agrograndeiro, pesqueiro e forestal como vía para a consolidación dunha vantaxe competitiva no mercado internacional baseada nos recursos endóxenos de Galicia. No que respecta ao monte, afirma a RIS3 galega que: "No caso do forestal, hai moita marxe para incrementar a produtividade, que se estima que cos recursos que hai en Galicia



podería ser o dobre da actual". Tamén, sentencia que "a primeira grande oportunidade para Galicia no eido da enerxía reside no aproveitamento da biomasa procedente do sector forestal, unha fonte de riqueza para o rural que ademais de crear emprego contribuirá á limpeza dos montes" (Axencia Galega de Innovación,GAIN, 2014).

#### 4.1.3. Modelo de xestión forestal e eucaliptización: resultado indirecto dun monte desregulado.

O modelo de xestión forestal galego sitúanos a enorme distancia doutras potencias forestais da nosa contorna. A economía forestal e relacionada coa conservación e explotación do bosque está na actualidade relativamente pouco diversificada e as diferentes políticas europeas, estatais e autonómicas de desenvolvemento aplicadas na materia non teñen corrixido de xeito significativo esta situación.(Rodríguez,Anca, Diéguez, Arenas & Amann, 2013)

O Cuarto Inventario Forestal Nacional (IFN4), ferramenta estatística do




Figura 2: Distribución das masas arbóreas en Galicia por especie predominante.

Fonte:Confemadera: 2011.


Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e que busca documentar cambios nas masas forestais arboradas (con máis dun 10% de árbores) do Estado recolleu datos en 2009 sobre Galicia. Estes, parcialmente accesibles na páxina web da institución (MAGRAMA, 2011) marcan que desde que a superficie arborada de Galicia se mediu por primeira vez en 1977, a superficie arborada na CC.AA, aumentou nun 26%, cun aumento próximo ao 4% dende que se tomaron as medicións do IFN3, en 1998. O mesmo inventario, recollía que por primeira vez, o 20% da superficie arborada de Galicia corresponde a poboacións de eucalipto, 2 puntos percentuais por enriba da seguinte especie máis común, a de piñeiro pinaster ou piñeiro do país, que cubría no 2009 o 15'35% da superficie arborada total galega. O 51,2% da superficie arborada de Galicia corresponde a plantacións forestais (Vallejo Bombín, 2011). Estes resultados son acordes coa Figura 2, dominada polas cores azul (eucalipto) e verde claro (piñeiro do país).

O proceso de espallamento do eucalipto nos montes galegos foi rápido. No IFN2, que en Galicia recolleu datos en 1987, somentes o 2,79% da superficie forestal galega estaba ocupada por eucaliptos. No seguinte inventario (IFN3) esta especie atopábase xa no 12,27% do territorio. Dende 2014, o debate sobre as consecuencias da mudanza sobre as masas arbóreas galegas instalouse na prensa local e deu pé a que a Comisión de Agricultura do Parlamento de Galicia instase ao goberno autonómico a “regulamenta-las novas plantacións de eucaliptos en terreos forestais, para que, de xeito ordeado, se poida aproveitar este recurso” e en recoñecemento de que a Lei de Montes autonómica non está tendo execución efectiva en canto a reforestacións e novas plantacións de eucaliptos. O debate político sobre o eucalipto céntrase na actualidade na cuestión paisaxística, pero tamén existen voces que insisten no posible risco de desabastecemento de materia primeira para a industria galega que traballa con madeira doutras especies diferentes do eucalipto, en especial de piñeiro.<sup>8</sup>

Comparativamente, Galicia é unha das máis importantes potencias forestais de Europa, cunha superficie forestal arborada de máis de 1.400.000 hectáreas. A

---

<sup>8</sup>Campo Galego, 13/04/2015.




explotación do eucalipto é un dos poucos monocultivos que nas derradeiras décadas ten asentado en Galicia. A demanda ascendente de materia primeira por parte das celulosas en Pontevedra e Navia, xunto co declive da economía gandeira e agrícola en Galicia, consolidaron nos anos 90 o sector madereiro especializado no eucalipto. No Anexo 2, no mapa de usos e formacións forestais dominantes (PLADIGA, 2011) pode recoñecerse facilmente a maior prevalencia do eucalipto como especie arbórea principal na zona de Ferrolterra, Ortegal, Mariña Lucense e nos arredores de Pontevedra; áreas de influencia das papeleiras de Lourizán e Navia.

Hoxe en día, a Análise da Cadea Forestal-Madeira do IGE para o 2013 (IGE, 2013b) mostra que o un 3'5 por cento do PIB da economía galega débese á industria da madeira e as súas derivadas. Datos saídos en prensa recentemente e informes dun dos centros adicados á asesoría do sector produtivo da madeira, CIS Madeira, confirman novas baixadas no prezo por tonelada de madeira seguindo a tendencia das últimas décadas e un aumento da demanda destes bens. Pola estrutura do mercado, o sector necesita de maior masa forestal para obter un beneficio equiparable ao de anos atrás. Este feito, ten o efecto esperado de intensifica-la plantación de especies de crecemento rápido no monte galego e é acorde coas estratexias de especialización no sector forestal.

Como tentaremos defender ao longo deste traballo, o desenvolvemento rural da Comunidade Autónoma pasa ineludiblemente polo compromiso cunha xestión que valorice o potencial forestal dende o punto de vista socioeconómico e ambiental. A orientación da xestión forestal en Galicia, na liña dos foros internacionais en materia medioambiental nas últimas décadas, ten virado sobre o papel cara unha perspectiva que busca garanti-la multifuncionalidade do monte galego, o seu desenvolvemento respectuoso co medio ambiente, protexe-la paisaxe, procura-la rendibilidade económica e beneficio social ao tempo, e ademais, marca-lo camiño do futuro dos nosos bosques.

No seu seo, sen embargo, existe unha dualidade sobre a definición do rol do sector forestal e as industrias dentro do panorama máis amplo de




desenvolvemento rural. Por unha banda, e baixo o paraugas principal da Política Agraria Común as medidas de desenvolvemento forestal a nivel europeo teñen un claro sesgo cara á conservación. Por outro dan apoio ás rendas e ao aumento da competitividade para a especialización no sector forestal (produtivismo) da economía europea pero condicionan o crecemento do sector a un criterio de sostenibilidade, na liña da bioeconomía e da filosofía do crecemento intelixente do H2020 (ecoloxía).

A compatibilidade desas tres orientacións das políticas forestais a priori contrapostas atópase na multifuncionalidade, obxectivo inspirador por excelencia da Unión Europea na súa intervención relacionada cos bosques . O principio de subsidiariedade pero tamén o apoio a redes de traballo a nivel da UE, así como tamén nacional e rexional son parte das medidas para asegurar non só a coherencia legal e reglamentaria nas intervencións sobre os bosques, senón tamén a definición de políticas e a aplicación práctica mediante os sistemas de ordenamento e xestión silvícola (Carle & Ball, 2003).

Diante desta situación as políticas forestais áchan nunha encrucillada. Por un lado, a consolidación de Galicia como a terceira rexión en Europa produtora de madeira e derivados reafirma a importancia do mercado e anima ás aserradorías, madeiras, celulosas e maila Administración a seguir investindo e abrindo novas posibilidades no sector.

As políticas forestais europeas e os plans de desenvolvemento rural comunitario, nacional e local coinciden na enorme potencialidade do sector madeiro na eurorexión Galicia-Norte de Portugal. Como vimos, a Estratexia de Especialización Intelixente para Galicia localiza na especialización forestal un dos nichos de desenvolvemento económico. Estas, afirman tamén que existen ineficiencias e que unha organización maior, definida como diversificación dos aproveitamentos e redución do número de actores, axudaría a sentar as bases dunha industria forte, que asegure a competitividade do monte galego e o seu aproveitamento sostible.



Estes liñas estratéxicas recóllense na Lei de Montes de Galicia 7/2012, que fixa o marco para a expansión da industria forestal en Galicia, abrindo as portas á reconversión de terreos abandonados en forestais, apostando por novos usos e aproveitamentos máis integrais do monte e coa introdución da figura das SOFOR, sociedades privadas que permitirán a agrupación de terreos e que asegurarían segundo a mesma unha maior rendibilidade ás empresas; ó facilitaren economías de escala na corta e xestión da madeira.

A día de hoxe só 5 SOFOR foron creadas en Galicia segundo datos da Consellería de Medio Rural e Mar.O obxectivo co que naceron, de aumenta-lo tamaño medio das superficies forestais non foi acadado debido a trabas administrativas e fiscais que acompañaban a esta figura e pola necesidade de acadar o acordo dun grande número de propietarios/as para a súa creación.(Mellid & Martínez, 2015).

Diversos foros, como o da Fundación Barrié, reclaman que a administración autonómica asuma o papel de garante da xestión forestal sustentable e interveña en prol do ordenamento e xestión dos montes, promovendo que a madeira se certifique e que estes se inscriban nun Rexistro Galego de Montes Ordenados. Critican tamén a baixa participación de actividades de I+D+i no sector e demandan a creación dun consello de investigación forestal cunha representación público-privada.(Rodríguez et al., 2013)

Xa nos anos 90 Albino Prada pronosticaba que o monte en Galicia e o binomio piñeiro-eucalipto corría o risco de converterse nun monocultivo absoluto de non intervirse con plans forestais estruturais e a longo prazo (1991, p.179). Na análise input-output da cadea forestal galega neses anos, recollíase xa unha tendencia á especialización e intensificación do sector en actividades vencelladas coa produción de pasta de papel e trituración, de escaso valor engadido e un déficit da balanza comercial de madeira de maior calidade para serra e transformación.

De acordo a Greenpeace (2011) a difusión masiva e desordeada do eucalipto en Galicia responde a catro causas: a acción e omisión das administracións

públicas respecto do ordenamento forestal no franquismo e logo na democracia; pola replicación de prácticas informais por parte dos propietarios e propietarias de montes, o carácter invasor da especie e polas favorables condicións climáticas para a expansión do eucalipto en Galicia. No seguinte apartado, volveremos sobre as fitas históricas máis salientables das repoboacións con especies de crecemento rápido nos montes galegos.

#### 4.1.4. *Repoboacións forestais en Galicia*: conflitividade no medio rural.

Escribía Castelao en *Sempre en Galiza*, no 1944:

A calvicie dos montes galegos é unha terrible acusación contra o Estado unitario. A repoboación forestal será o patrimonio da nación galega e o mellor aforro da colectividade. Na nosa Terra dánse os mellores albres. O día que seipamos o que val un albre, aquel día non teremos necesidade de emigrar. (2013, p.121).

O interese polas árbores na cultura galega semella remontarse a fitolatría, ou culto aos vexetais asentado no territorio dende a época pre-romana. A súa adopción por parte das institucións de goberno será moito máis tardía e resultado da progresiva diminución das masas forestais en Galicia dende o Medioevo, que se agrava no XVIII pola enorme demanda das autoridades da Mariña de Ferrol, concretamente desde o ano 1726 para a construción de navíos defensivos (Llorca Freire, 2016; Díaz-Fierros, 2006).


Foron a Deputación de Pontevedra primeiro (1926-1929) e a cidade de Tui máis tarde, as primeiras que acolleron tarefas de repoboación forestal da man dos enxeñeiros forestais Daniel de la Sota e Rafael Areses Vidal respectivamente. O derradeiro, foi pioneiro na plantación no monte Aloia con

especies de crecemento rápido e quen difundiu entre a administración de Primo de Rivera (Díaz-Fierros Viqueira; 2006, 2014) os potenciais beneficios destes cultivos. Este feito foi clave no desterramento da tradición forestal das teses da Escola de Silvicultura Xermánica, que mantivera até o momento a hexemonía na definición do uso mixto monte, nomeado de silvicultura mediterránea. Así, se no 1926 se aprobaba a Lei de Repoboamento Forestal, no 1935 o goberno da Segunda República crearía o Patrimonio Forestal do Estado, "a forestal", como organismo encargado de poñer en marcha o Plan de Repoboación Forestal de España (Marey, 2013).

Curiosamente, só uns anos antes, a Festa da Árbore, era adoptada no calendario de festas por multitude de concellos galegos como símbolo da socialización do pensamento naturalista ligado ás correntes de renovación pedagóxica en España.(Díaz Fierros, 2006, p.281)

Nos anos 70 e resultado do PFE, a superficie forestal multiplicárase por catro e daba pé á seguinte testemuña, dun especialista estranxeiro: " non hai outro país no mundo que realizase un labor de semellante magnitude, a excepción da URSS (...) isto é xigantesco, mesmo ata a tolería, pero seguramente é típico español." (Díaz-Fierros, 2006, p.107).Malia que a chegada da especie como ornamento remóntase ao século XIX, semella ser que da man doutro tudense, Frei Rosendo Salvado, o eucalipto chega para non marchar dos montes galegos da man do franquismo e como garantía do subministración de materia primeira para as plantas públicas de celulosa en Pontevedra e unha planta privada en Navia, inauguradas entre finais dos 50 e 70. Nos 80, ámbalas dúas plantas abastecíanse xa exclusivamente de eucalipto, se ben até ese momento farían un uso combinado desa especie con piñeiro.(Greenpeace, 2011; Varela Díaz,1990).

O PFE desenvolveu a súa política produtivista á custa de aumentar a conflitividade no medio rural, (Fernández Leiceaga et al., 2006) mediante un proceso de división do monte que afectou unha terceira parte do territorio galego e que foi herdeira das desamortizacións e intervencións da admnistración sobre os montes dende o s.XIX e que viñera obrigando ás



comunidades rurais a definir á súa historia en termos de resistencia (Freire Cedeira, Baboa López & Rico Boquete, 2014, p.252). A oposición á intervención sobre os montes de veciños e veciñas foi forte, xa que " (...) a repoboación forestal atentaba non só contra os recoñecidos dereitos das comunidades, senón contra a viabilidade e supervivencia das explotacións agropecuarias, aínda cun alto grao de dependencia do monte" (Freire Cedeira, Balboa López & Rico Boquete, 2014, p.254).

A radicalidade na oposición ao tempo que a diversidade nos repertorios de protesta de veciños e veciñas vén explicada polo feito de que os montes repobados polo PFE eran por un lado un medio de vida básico para a súa economía de subsistencia e por outro, chave para a súa transición cara un modelo agrario intensivo en auxe que demandaba carne e leite. Este último proceso foi contemporáneo no tempo ás repoboacións e esixía unha alta dispoñibilidade de pastos.

A oposición das comunidades veciñais e un cambio nos intereses da administración, coa apertura da economía ao mercado mundial a partires dos 60, levou á aprobación no 1968 da 1º Lei de Montes Veciñais en Man Común, que recoñecía a titularidade veciñal das propiedades pero que non supuxo na práctica unha diminución dos repoboamentos e que seguiu reservando para a administración amplas competencias en materia de xestión dos montes (Fernández Leiceaga et. al, 2006). De feito, esta lei nace para salvagarda-las repoboacións levadas a cabo até o momento e dar pulo á sinatura de novos consorcios de repoboación, que pasaba por buscar medios para reducir-la conflitividade en torno ao monte. (Freire Cedeira, Baboa López & Rico Boquete, 2014, p.254).

Habería que agardar até os anos 80 para a aprobación dunha nova Lei de MVMC, que implicou a retirada substantiva de competencias das institucións sobre os montes veciñais e recoñeceu a súa natureza privada. Malia isto, o apoio á expansión das repoboacións forestais continuou por outras vías. Antes disto, o PFE fora substituído polo ICONA, (Instituto para a Conservación da Natureza), que no 1972 xestionaba o 16% do territorio galego (Marey, 2013).

Tras recibir-las súas competencias, as Comunidades Autónomas iniciaron procesos de planificación forestal, aprobando ou presentando estratexias ou plans forestais autonómicos, ou promulgando algunhas delas leis forestais baseadas na lei marco de montes do franquismo, do ano 1957. En Galicia non foi até o 1989, logo da presentación dunha iniciativa lexislativa popular na defensa do monte e que incluía medidas contra expansión do eucalipto, que a Xunta deu luz verde a un decreto que obrigaba a solicitar permiso para plantacións de grandes dimensións, (5 ha ou máis) e avalia-lo impacto ambiental nos proxectos de plantación forestal por riba das 50 ha. Esta mesma norma, aínda vixente, prohíbe especificamente plantar eucaliptos en zonas de bosque autóctono e obriga a reservar un 10% da superficie das plantacións forestais de maiores dimensións para outras especies, non de crecemento rápido. Os impactos deste decreto, foron limitados dada a falta de recursos na Consellería de cara á delimitación das áreas de bosque autóctono. (Greenpeace, 2011 & Pérez, 2011).

Un informe independente sobre o panorama forestal do Norte de España e elaborado a instancia da Dirección Xeral de Medio Ambiente, Seguridade Nuclear e Protección Civil en Bruxelas alertaba xa no 1989 dos efectos ecolóxicos nocivos das plantacións de eucalipto, incluíndo afectacións sobre a diversidade biolóxica e paisaxe. Informaba o mesmo documento de que un modelo de especialización no cultivo desta especie xeraba menor produción bruta, marxe de beneficio e emprego por unidade de superficie que os usos tradicionais e agrícolas maioritarios (González Bernáldez, Ruiz Pérez & Levassor, 1989) e sinalaba que a única xustificación para a súa expansión era o da minimización de custes e o fornecemento de celulosa para as pasteiras. Con todo, sentenciaban:

A expansión do eucalipto contribuirá ao deterioramento da economía rural das zonas afectadas, fosilizando o mercado da terra para uso agrario e dificultando a modernización das explotacións tradicionais. Coa devandita expansión, hipotecaríase, pois, a busca de alternativas que saquen estas

rexións da crise. A situación empeora polas dificultades de substitución dos eucaliptais, con elevados custes e e varios nos de prazo até acadar repoñer os usos anteriores.<sup>9</sup> (González Bernáldez, Ruiz Pérez & Levassor,1989, p.45).

No 1992, coincidindo coa reforma da Política Agraria Común e da Rolda de Negociacións do GATT en Uruguai, que implicaron reducións das axudas internas á agricultura, menores proteccións contra as importacións e axudas á exportación (López Iglesias, 2015a) e momento no que comeza a falarse de desertos poboacionais no rural, ou aparecen as cotas lácteas; a Xunta presentou o Plan Forestal de Galicia (PFG), ao que xa nos referimos anteriormente. Entre os seus obxectivos atopamos o de "incrementa-la superficie de masas puras de eucalipto até as 245.654 hectáreas nos seus 10 primeiros anos de aplicación".7 anos despois, a Xunta retiraba as subvencións ao eucalipto por consideralo innecesario e logo de que a superficie ocupada por esta árbore se tivera multiplicado por 4 en 10 anos.<sup>10</sup>

Esta norma, ten sido criticada por "reforza-la especialización galega na produción de madeira de eucalipto sen ter en conta consideracións ambientais e ignorando a previsible tendencia á baixa nos prezos da súa madeira" (Greenpeace, 2011)<sup>11</sup>.

A Política Agraria Común da Unión Europea (PAC) e outros factores socioeconómicos revisados, impulsaron o peche das pequenas explotacións agrarias e intensificaron o proceso de abandono das terras de labranza, dando folgos á eucaliptización. Os concellos galegos foron tamén cómplices, segundo Marey (2013), do desgoberno no modelo territorial galego. As competencias sobre a xestión nos usos do territorio<sup>12</sup>, recaeron nos concellos até o ano 1997, que debían estar adaptadas ao planeamento municipal e que na práctica


---

<sup>9</sup>En castelán, no orixinal. Trad. propia.

<sup>10</sup> La Voz de Galicia, 22/05/2000

<sup>11</sup> En castelán, no orixinal. Trad. propia.

<sup>12</sup> Entre 1985 e até 1997, a Lei do Solo concedía aos concellos competencias reguladora e xestora das actuacións sobre o mesmo.(Marey, 2013, p.74).



dificultaba a aprobación destes últimos, creando un incentivo para que os consistorios non asumiran plena responsabilidade sobre o ordenamento territorial. No 2002, apróbese a Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coa vocación explícita de tomar medidas urxentes de ordenamento territorial.


#### *4.1.5. Abandono rural e eucaliptización: homoxeneización e implicacións culturais. Unha historia recente.*

O arborado foi, en termos absolutos, o tipo de cuberta do solo que máis aumentou durante os últimos vinte anos (Corbelle & Crecente, 2014). Este proceso, que inclúe o aumento de frondosas e de plantacións para produción de madeira, foi simultáneo no tempo ao abandono da terra, aseguran López Iglesias, Sineiro García e Lorenzana Fernández (2013) e debeuse á conxunción de diversos factores estruturais e institucionais. Entre eles, os autores salientan a escasa mobilidade da propiedade, o pequeno tamaño medio das propiedades, a presión sobre as pequenas explotacións froito da PAC e da apertura do mercado de produtos agrícolas e a ausencia de ordenamento territorial no territorio autonómico.


Corbelle e Crecente (2014) coinciden en sinalar as mesmas causas como responsables da forestación con especies de medra rápida, se ben engaden á lista o efecto directo que ás axudas á forestación de terras agrarias derivadas do Regulamento europeo 2080/1992 tiveron na paisaxe galega. Actualmente e relacionada cos movementos poboacionais durante os pasados séculos e até agora, algunhas fontes datan a existencia en Galicia dunhas 3000 aldeas abandonadas ou en risco de estalo (con menos de 3 habitantes) (Calidonia, 2014). Outros datos do Instituto Galego de Estatística recentemente publicados en prensa<sup>13</sup>, devolven unha perspectiva lixeiramente máis optimista, malia que próxima á anterior. Segundo estes últimos, existían en 2016 máis de 1600 núcleos de poboación totalmente deshabitados e 855 onde só reside un

---

<sup>13</sup>Sermos Galiza, 17/07/2016



veciño ou veciña. Como se aprecia na Figura 3 a continuación, o abandono de núcleos non ten unha distribución equitativa en todo o territorio galego.



**Figura 3:** Mapa dos núcleos poboacionais galegos deshabitados ou en risco de estarlo. Fonte: Calidonia (2014).

O interior de Galicia, incluíndo a Mariña lucense, o noso caso de estudo, son os que acumularían a maior parte de núcleos deshabitados. Este panorama é coherente coas achegas de Corbelle e Crecente (2014, p.36), que demostran como "as principais tendencias de cambio nos usos da terra dende 1980 se distribuíron de xeito desigual polo territorio da Comunidade Autónoma, dividíndoo de feito entre a urbanización, a forestación e o abandono."

Dende os anos 80 á actualidade a poboación activa agraria experimentou descensos considerablemente máis acusados do que en anos anteriores (Sineiro García, 2006 e 2008). Entre os anos 60 e 80, comezara xa o cambio e "se foron deixando de aproveitar polo gando unhas 820.000 hectáreas de monte" (Sineiro García, 2006). O anterior ten numerosas implicacións para a sustentabilidade futura do territorio. A nivel global a agricultura segue sendo a principal xestora do territorio e as súas actividades ocupan preto do 40% da


superficie terrestre (FAO, 2009 en Carreira Pérez & Carral Vilariño, 2014, p. 54). A desaparición desta actividade, faría recaer a responsabilidade subsidiaria da xestión do territorio sobre as administracións públicas, cunhas xa delicadas situacións nas facendas.

A análise de cambios de uso do chan proba que o 43,2% da superficie total da Comunidade Autónoma cambiou de uso entre 1985 e 2005. Se analizamos cualitativamente os trocos:

As principais direccións de cambio, por superficie total, foron a forestación de áreas de mato e de superficie agrícola (235.000 e 158.000 ha, respectivamente), o paso a mato de áreas de arborado produtor de madeira (131.000 ha), a decrúa de áreas de mato para uso agrícola ou gandeiro (130.000 ha), e o abandono a mato de áreas de uso agrícola anterior (106.000 ha). (Corbelle Rico & Crecente Maseda, 2014, pp.39-40).

Pero é este proceso reversible? Que dimensión ten o paso de terreos antes agrícolas a plantacións forestais que a Xunta prohibiu no 2015? Estanse ocupando con eucalipto ou piñeiro os solos de mellor calidade? O balance dos cambios no uso do chan por tipos (Corbelle Rico e Crecente Maseda, 2014) manifesta que a forestación para produción de madeira aconteceu en solos de calidade intermedia cando substituíu os usos agrícolas ou baixa na súa meirande parte, cando reemplazou a mato ou frondosas.


Máis polo miúdo os autores sinalan que o 54% da expansión das especies produtoras de madeira tivo lugar sobre terras antes adicadas a mato, o 36% sobre superficies agrícolas e o 7% sobre frondosas, o que viría a sinalar que terían sido os e as propietarios/as, nun proceso de replicación de prácticas de forestación que si recibían subvencións e se cinguían a terreos non agrícolas, as grandes responsables da forestación con especies de crecemento rápido e da ocupación de terras agrícolas, nun contexto como vimos de escaso regulamento efectivo e control sobre os cambios nos usos do chan en Galicia.



Se ben podemos dicir que o desgoberno respecto do ordenamento territorial supuxo un incentivo para a plantación forestal por parte da iniciativa privada, a aportación de Corbelle e Crecente, matiza que a eucaliptización non foi só unha consecuencia directa das políticas públicas de apoio á forestación, houbo máis causas.

Ligado co abandono das terras e homoxeneización dos seus usos encontramos o fenómeno do feísmo, ou degradación arquitectónica, urbanística pero tamén do territorio e da paisaxe de Galicia (Paz, 2006). Este explícase segundo os autores polos fenómenos de crecemento desordenado do territorio e pola "colonización da mentalidade produtivista froito da globalización". As políticas forestais impulsadas pola PAC e ICONA, definirían estritamente a ruralidade e impoñerían o produtivismo como criterio de aproveitamento dos montes galegos. É deste xeito que desprega un imaxinario que separa natureza e cultura.

Así, seguindo aos autores, podemos concluír que industrialización da actividade agrícola e o rápido proceso de desagrarización racha e desprestixia os xeitos de organización da vida cotiá e agricultura tradicional (de autoabastecemento) e xera un imaxinario de desprestixio cara esas formas de organización tradicional, desnaturalizando o valor integral da natureza e reducíndoos a recursos susceptibles de aproveitamento a grande escala. Isto favorece a perda de identidade comunitaria (precísanse empresas maiores para producir rendementos a gran escala como os que as condicións do sector novo demandan) e ten un cuestionable impacto respecto da fixación de poboación no rural e a dinamización consecuenta do mesmo, sobre o que volveremos.



#### 4.1.6.A cadea forestal madeira: usos e perspectivas.


A cadea forestal madeira é un dos sectores considerados prioritarios para Galicia, segundo asenta a RIS3. De acordo ao Informe 2013 da economía galega (IGE, 2013b): "Só en dous sectores, industria do papel e outras industrias manufactureiras, de moi escaso peso relativo no contexto industrial —en xaneiro de 2014 contaban con 1196 e 1166 afiliados á Seguridade Social, sendo 122.293 o total de afiliados no conxunto do sector extractivo e manufactureiro galego— medrou a produción".

O sector forestal-madeira inclúe o da industria madeireira, con actividades como o serrado, a fabricación de paneis, compoñentes da construción e embalaxes de madeira; a fabricación de pasta, papel e cartrón e a súa transformación, así coma os sectores da imprenta e a edición. Na nosa contorna, trátase tamén dunha industria importante. En conxunto, o valor da produción das industrias forestais da Unión Europea ascendía en 2013 a uns 300.000 millóns de euros, o que se corresponde a un 10% da industria europea. (Martínez, 2015d).

Galicia está especializada no sector forestal-madeira e nos últimos anos veu producindo a metade da madeira de España. Isto situouna nalgún exercicio como a novena potencia da UE en curtas de madeira, por enriba mesmo do Reino Unido. Como sinala Picos Martín (2015) o 50% das cortas de madeira realizadas na actualidade en Galicia correspóndense con madeira de eucalipto. Estas xeran preto de 300 millóns de euros, que se reparten entre os 672.000 propietarios forestais do territorio, cunha media de propiedade inferior a 2 hectáreas repartidas en 2 ou 3 parcelas. A facturación conxunta do sector revirte 1.600 millóns de euros, contando industrias de primeira transformación, pasta de papel e fabricación de mobiliario.


O mesmo informe confirma que as empresas galegas producen o 40% dos tableiros e da madeira serrada do Estado, así como o 20% da pasta de papel, cunha máis humilde aportación na segunda transformación (mobiliario e carpintería). Galicia posúe un sector de transformación da madeira con 3.500

empresas, a maioría de orixe familiar, que emprega directamente a entre 15.000 e 26.000 persoas e indirectamente a 50.000, segundo estimacións do IGE. (IGE, 2013b; Picos Martín, 2015). De feito, trátase da cuarta actividade industrial na Coruña, a terceira en Pontevedra e Ourense, e a segunda en Lugo. O sector da industria da madeira empregaba no 2013 un 2,5 % por cento da poboación activa galega e era responsable do 12 % do emprego industrial, situándose no terceiro lugar das nosas exportacións, só logo da industria do automóbil e as conservas (Arenas, Ojea & Piñeiro, 2013, pp.38-39). Nunha vintena de bisbarras é unha das tres principais actividades económicas tal e como amosa a Figura 4, o que de acordo ao IGE (2013b, p.16) contribúe a fixar poboación no medio rural.



**Figura 4:** Peso sector forestal madeira sobre o pib comarcal 2012. Fonte: IGE(2012).

Outros autores (Arenas et al., 2013) remarcan a importancia da industria do taboleiro, que transforma os produtos aos que non se lles que o resto de ramas do sector on poden aproveitar. Advirten tamén que o prezo da madeira en pé para trituración obtida en Galicia é cinco veces maior ca o doutras rexións españolas. En senso contrario, contrastan a gran debilidade dos serradoiros, cun 80 por cento dos que estarían funcionando na actualidade en risco de peche no curto prazo. Estes establecementos, as serras, ubicaríanse nun 75% no medio rural así como a totalidade dos rematantes,



**Figura 5:** Peso dos establecementos da industria forestal-madeira no total da industria. Fonte: IGE 2013 a partir de IGE (2010) Directorio de empresas e unidades locais.


Os resultados da Figura 4, sen embargo, sinalan que no 2012, só en 6 das 53 bisbarras galegas a actividade forestal-madeira representaba máis do 2% do PIB total. Se baixamos o nivel de análise e como reflicte a Figura 5, no 2010, en 52 de 315 concellos as actividades forestais representaban máis do 30% do

total da industria, con só 24 concellos onde a importancia do sector non chegaba a valores do 10% sobre o total. Como áreas de concentración da actividade destacan algúns concellos da Mariña Lucense, na área de influencia da papeleira situada en Navia. En segundo termo, aprézase unha concentración desta actividade na contorna de Dumbría e Piñor; as inmediacións da Ría de Arousa e Terras de Celanova, Sarreaus e Laza así como Tabeirós e a algúns concellos da bisbarra da capital galega.

A comparación entre os dous mapas, devolve unha imaxe confirmada pola análise input-output. Malia que o sector forestal-madeira está extensamente implantado no territorio galego e contribúe de xeito importante á actividade industrial de moitos concellos do rural, a contribución ao PIB deste sector é modesta.

Na análise input-output da cadea forestal galega neses anos, recollíase xa unha tendencia á especialización e intensificación do sector en actividades vencelladas coa produción de pasta de papel e trituración, de menor valor acrecentado e un déficit da balanza comercial de madeira de maior calidade para serra e transformación. Coinciden os estudos en sinalar que a economía forestal e relacionada coa conservación e explotación do bosque está na actualidade relativamente pouco diversificada.

A balanza comercial do sector forestal-industria é excedentaria, malia estar o galego especializado en primeiros procesos de transformación, con menor contribución á xeración de riqueza. En 2014, as exportacións da industria española da madeira e o moble ascenderon a 2.902 millóns de euros, o que representa un crecemento do 5,5% con respecto ao ano 2013. Nesta evolución á alza, Galicia lidera o ránking no Estado Español segundo a unión de empresas do sector en Galicia, Confemadera (2014), cun volume de negocio de 567,8 millóns de euros, seguida pola Comunidade Valenciana, Cataluña e Andalucía.




O mercado europeo ten unha importancia moi grande na industria galega. A mesma, exporta a Portugal (212,7 M€), Francia (58,6 M€) e Reino Unido (35,8 M€) principalmente. En canto ás importacións obsérvase un incremento do 14,8%, ao pasar de 252,4 millóns de euros en 2013 a 290,4 millóns de euros en 2014. Os produtos importados proceden de Portugal (155,2 M€), Alemaña (30,9 M€) e Francia (17,1 M€).

#### *4.1.7. A xestión forestal sostible, alternativas e referentes da nosa contorna.*

Atesta a Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia (modificada en Febreiro de 2016) que a ecoloxía da paisaxe ofrece a perspectiva máis interesante para ordena-lo territorio en Galicia, que urxe aplicar para facer fronte ao proceso de degradación da paisaxe acontecido nas últimas décadas. Entende esta norma a paixe como parte da cultura, "un reflexo fiel do noso ser e entender Galicia, da nosa identidade" (Xunta de Galicia, 2008, p.13815). O texto anterior, xunto coa Lei 1/1995 de protección ambiental e o Decreto de Avaliación de Impacto Ambiental resultaron os tres derogados ou modificados recentemente. Ámbolos tres, buscaban blindar un sistema de garantía ambiental e regular, ente outros a xestión forestal en Galicia. O Decreto 52/2014, de 16 de abril, é unha das normas vixentes en Galicia que poñen en relación a situación do seu monte coas medidas tomadas a niveis suprarexional en materia de xestión forestal sostible. Nel, defínese a xestión sostible como:

A administración e uso dos bosques e terreos forestais en forma e intensidade que permitan mante-la súa diversidade, produtividade, capacidade de rexeneración, vitalidade e potencial para desempeñar agora e no futuro importantes funcións ecolóxicas, económicas e sociais, a escala



local, nacional e mundial e sen causar prexuízo a outros ecosistemas<sup>14</sup>(Xunta de Galicia, 2014,p.20877).


Anos antes, os Estados Membros da UE traduciron por primeira vez en 1998 os seus compromisos cos procesos internacionais nunha estratexia forestal para a UE, na que se detallaban os obxectivos xerais para o ordenamento forestal sostible a través de bosques multifuncionais (CE, 2003).

En materia forestal, o caso finés é a referencia por tres razóns: o sector é un dos principais do país (6% PIB en 2013); os e as propietarias forestais están na súa maioría integrados en estruturas de cooperación sen ánimo de lucro e están acompañadas por cultura forestal de simbiose coa natureza(Piñeiro, Blanco, Barros e Pasalodos, 2013). A proporción de superficie forestal fina é equivalente á galega (2/3 do total) como tamén é compartida a fragmentación da propiedade. Preto do 90% dos e das propietarias forestais finas pertencen a Asociacións de Xestión Forestal locais. Aquelas persoas que non poden facerse cargo da xestión dos seus montes, están obrigadas por lei a delega-las nun terceiro. Tamén, os e as propietarias forestais intégranse en estruturas de representación en tres niveis, o que lles permite unha representatividade directa na toma de decisións da política forestal.

Ademais do aumento da rendibilidade, as AXF, teñen entre os seus obxectivos o de compartir información, dar formación e cooperar para unha xestión económica ecolóxica e socialmente sustentable das súas propiedades forestais. En contraste a este modelo, no galego a cooperación dos e das propietarias depende en exclusiva da súa propia vontade. Malia que existe diversidade nos tipos de asociacións, a maior parte dos colectivos de propietarios/as forestais en Galicia son as chamadas PROMA, destinadas na súa meirande parte a negociar á alza a preza de venda da madeira cos compradores/as.(Piñeiro, Blanco, Barros & Pasalodos, 2013.)

---

<sup>14</sup>En castelán, no orixinal. Trad.propia.




O servizo de extensión forestal en Finlandia está dotado de recursos e persoal para a xestión profesional do monte redistribúe directamente incentivos para a xestión forestal. Existen 13 centros forestais rexionais espallados polo territorio de Finlandia. A cultura forestal do país e a lexitimidade do goberno contribúen a aumentar a colaboración os propietarios forestais privados. Segundo Tarasti (1999) e como citan Piñeiro et al. (2013, p.24):

Os montes están fortemente conectados ao modo de vida finés, pois xogan un papel clave na economía e na cultura do país, ofrecendo valores non materiais arraigados tales como crenzas, mitos e costumes. Os bosques están reflectidos en tódolos aspectos da cultura finesa, como a literatura, a pintura e a música, e xogan tamén un papel importante no ocio dos fineses. Todos e todas as finesas teñen un dereito recoñecido por lei a circular libremente polo monte, sen necesidade de obter ningún permiso e sen importar quen é propietario.

O uso diversificado dos sistemas forestais ten sido estudado pola tradición anglosaxona dende os anos 60 e 70 (Ramachandran, 1993), baixo o termo de sistemas agroforestais. O rexurdimento do interese por estes sistemas combinados de aproveitamento agrícola e forestal, practicados tradicionalmente en moitas culturas previamente á mecanización, e demostrados como enormemente eficientes, responde á preocupación polo aumento da desigualdade en países en vías de desenvolvemento nos anos 70 e á necesidade patente de buscar sistemas que permisiten aumentar a produción de alimento sen menoscabo do medio ambiente.

Os sistemas agroforestais eran parte do currículo académico das Facultades de Montes xa a mediados dos 80 nos EUA. Segundo esta tradición (Ramachandran, 1993, p.14) os sistemas agroforestais, entendíanse como: "un sistema de xestión do territorio aplicable tanto aos terreos agrícolas como aos forestais e unha nova denominación para un conxunto de prácticas antigas. Agro-forestal é un nome colectivo para sistemas e tecnoloxías de uso do



territorio onde especies madeirables e perennes (...) empréganse deliberadamente na mesma unidade territorial que outros cultivos agrícolas e/ou animais; cunha determinada disposición espacial e seguindo unha secuencia temporal. Nos sistemas agroforestais existen interaccións ecolóxicas e económicas entre os diferentes compoñentes ".

De acordo co traballo de Pérez Moreira (1992, p.127) os impactos máis destacables do eucalipto nas últimas décadas e do seu rápido espallamento na paisaxe galega son os sociais. Segundo o mesmo autor, a paisaxe e a natureza no rural non son algo meramente estético e alleo, senón algo utilitario, pois sobre todo son o un medio de vida, e ó que os/as habitantes están unidos vivencialmente con moitas referencias persoais en cada cousa ou lugar.

Este autor propón un aproveitamento integral e un modelo de silvicultura ecolóxica para o monte galego:

Unha nova silvicultura é a vía de solución. A súa base sería o aplicar principios ecolóxicos mesmo nas áreas produtivas: ou sexa aplicar medidas propiciatorias da diversidade estrutural e de preservación dos recursos nos bosques manexados, a maiores de que sexan protexidas especialmente aquelas outras áreas máis sensibles ou de maior significación ecolóxica. (1992, pp. 218-219).

Esta visión, en palabras de Pérez Moreira, contraponse ao plantexamento de certas políticas públicas das que se deduce que para a protección da natureza é suficiente con protexer certas áreas, sen ter en conta o que acontece nas áreas arredor. Entre as intervencións que incluíría este modelo de ordenamento forestal ecolóxico atopamos a busca da diversidade na estrutura das plantacións (con árbores de distintas idades, incluíndo mato vello, vexetación natural e árbores sobremaduras), deixar no chan a biomasa miúda; axeita-lo tipo de plantación para que os balances de auga e nutrientes sexan positivos, procurar un uso diversificado das terras e un ordenamento en mosaico e por

último dispoñer de illas de reserva biolóxica e corredores de vexetación que fagan posible a estabilidade dos ecosistemas-bosque.

Con todo, unha xestión forestal ecolóxica faise precisa para a mellora e conservación da calidade ambiental do monte, minimizando os impactos, favorecendo a diversidade, a integración paisaxística e a evolución progresiva da sucesión ecolóxica (Pérez Moreira, 1992, p.220). Para mellora-la calidade forestal dos nosos montes, engade Peña Castiñeiras (2009, p.251), faise preciso incluír un criterio paisaxístico trasnversal a todas as actuacións no monte, que se oriente á resaltar valores culturais.


Diversos foros galegos en materia forestal teñen suxerido a necesidade dunha nova cultura forestal fronte o lume, de maior transparencia na industria ou o convinte de impulsar medidas para o aumento da superficie media das explotacións, ben a través de concentracións parcelarias, Bancos de Terras ou outras formas de xestión conxunta do monte como as Sociedades Agrarias de Transformación ou as SOFOR. O común denominador destas propostas: mellora-la rendibilidade do monte.

Un destes simposios, o convocado pola Fundación Barrié (2013) contestaba á pregunta "É posible un futuro mellor?" asentindo, mais condicionábo a que a industria sexa quen de facer fronte "a todas as posibles demandas que lle faga a sociedade"<sup>15</sup>(Arenas et al., 2013, p.44).Cales son, pois, as demandas da sociedade respecto da industria? E respecto do monte? Trataremos de abordalo tema no seguinte apartado.

A creación de traballo, contribuír a frea-lo abandono, a fixar poboación no rural, preserva-lo patrimonio ou axudar na loita contra os lumes forestais son algunhas das máis repetidas na prensa e literatura especializada e que atenden a distintos intereses e reflicten diferentes modos de comprensión do monte e do seu papel na Galicia de hoxe e futura. A falta dunha revisión exhaustiva sobre o asunto, Pérez Moreira insiste na premura de:

---

<sup>15</sup> En castelán, no orixinal. Trad.propia.




Recobrar unha visión unitaria e integradora da natureza, e non só produtivista. Hoxe, tanto ou máis que a produción agraria ou forestal, interesa a preservación da identidade cultural e da integridade ecolóxica, que se resumen na calidade ambiental e na paisaxe. A silvicultura ecolóxica crea bosques manexados con esta visión de altura, atendendo así ás múltiples funcións dos bosques e os montes. (1992, pp.221-222).

#### *4.1.8. Diversificación e calidade de vida: hai alternativas ao uso industrial do monte en Galicia?*

Nun contexto no que o 50% da superficie arborada en Galicia corresponde a especies de quenda curta con escasa posibilidade de que no mesmo espazo convivan outros usos, a diversificación das actividades na industria forestal así como nas funcións do monte xustificanse como condición necesaria para garantir un axeitado nivel de vida á poboación. Dúas son as principais demandas que se lle fan na actualidade ao monte, segundo Fernández Leiceaga et al. (2006, pp.490-491):

En primeiro lugar, unha demanda urbana de natureza, virtual ou real, ligada á toma de conciencia ambiental por xeracións que carecen da vivencia dun contacto íntimo cos procesos naturais como ao incremento do nivel de vida que financia a viaxe, a escapada, un mecanismo de equilibrio nunha existencia tediosa ou estresante. En segundo lugar, a menor necesidade de terra e forza de traballo por unha agricultura tecnificada e extremadamente produtiva, que reduce a renda de orixe agraria e libera espazo e tempo da poboación no medio rural para outras actividades.




A literatura indica que a clave para satisfacer tanto demandas utilitarias coma ambientalistas está no deseño dun ordenamento que faga partícipe á poboación, especialmente á residente. Así, "(...) ningunha integración harmoniosa sa sociedade rural no concerniente ao bosque é posible sen contar con ela mesma, de xeito que se optimicen os intereses máis xerais coas conveniencias locais...".(Pérez Moreira, 1991, p.191).

A día de hoxe, a postura adoptada pola administración autonómica respecto do monte, como fumos repasando, está lonxe de poder considerarse unha aposta pola multifuncionalidade, malia ser esta última recoñecida formalmente como unha das prioridades no deseño de políticas forestais. Dun xeito semellante, distintas declaracións dos representantes da industria e propietarios forestais os aseguran próximos aos postulados da sustentabilidade. De acordo a estes, un futuro desexable para a industria forestal en Galicia pasa porque o sector forestal sexa percibido pola sociedade como estratéxico, que os recursos se exploten de xeito sustentable, e que os produtos forestais acaden un recoñecemento exterior, de calidade (Arenas et al., 2013).

Malia o anterior, o Foro de análise e de encontro entre propietarios forestais e expertos do sector (Devesa, 2015), afirmaban a existencia dun gran potencial para que o sector forestal teña unha contribución maior ao produto interior bruto galego e ao desenvolvemento dun tecido empresarial propio. O sector estaría a traballar moi por debaixo da súa capacidade de produción instalada (inferior ao 50 %). Para superar esta situación, o Foro concluía recomendando a adopción de medidas estritamente economicistas: aumenta-la produtividade, incidir sobre os propietarios privados, medición sistemática da produción e evolución das masas e a redución de burocracia. Indicaban tamén como medida urxente a adoptar en Galicia, o aumento da superficie arborada en 300.000 hectáreas para así equiparar a ratio á das potencias forestais europeas como Finlandia, Austria e Suecia.

Unha demanda medrante de madeira no mercado internacional, é a causa de fondo deste interese por incrementa-la produción. De acordo ás previsións da FAO, as plantacións subministran o 30 % da madeira en rolo que se consume




no planeta, e se estima que representarán máis do 50 % en 25 anos, ao quedar a capacidade de satisfacer a demanda dos bosques, amplamente superada. (Arenas et al., 2013.)

Así as cousas, a industria reclama apoio da administración para acadar unha integración cara atrás coa propiedade; o establecemento dun sistema de poxas públicas que mellore a transparencia na fixación dos prezos de venda da madeira e para a apertura de novos mercados onde colocar os produtos madeiros.

Como posibilidade alternativa para o sector forestal e madeiro, outros casos de referencia como o finés adoptaron nos últimos anos medidas de diversificación das súas producións de acordo a criterios de sostibilidade. Entre outras, promoveron sistemas de certificación sostible da madeira e da xestión dos seus bosques, como un incentivo de mercado. De feito, varios autores consideran que, a medio prazo, a certificación forestal será imprescindible para os produtores e transformadores poder manter unha cota de mercado (Picos Martín, 2010; Clark e Kozar, 2011).

Os sistemas de certificación xa cobren un 8% da madeira producida en Galicia actualmente segundo datos da Asociación Española para a Sostibilidade Forestal, entidade responsable da certificación en España. A porcentaxe de superficie de madeira certificada en Galicia baixo os selos PEFC e FSC, é escasa fronte o 59% de Gran Bretaña ou o 93% de Finlandia, explícase segundo fontes do sector pola fragmentación da propiedade galega (Rodríguez et al., 2013). Malia a valoración positiva destas certificacións polo mercado, certos autores veñen recomendando cautela respecto dos mesmos, ao non terse documentado efectos positivos significativos respecto do estado da biodiversidade unha vez aplicados na xestión das masas forestais (Englund & Berndes, 2015). Ademais, estudos comparativos a nivel internacional sobre as políticas forestais denotan que malia xurdir co obxectivo de beneficiar a pequenos produtores, as certificacións na práctica benefician en maior medida ás grandes empresas do sector e favorecen a aparición dun "Paradoxo da confianza", no que a maior existencia de normativa favorece os conflitos de



valores entre as persoas e axentes do sector, ao impedi-la creación de significados comúns e valores. (Mc Dermott, Cashore & Kanowski, 2010).

A biomasa ten emerxido nos anos recentes como un uso complementario ao aproveitamento forestal para trituración e produción de madeira. En 2008 a Xunta aprobaba o Decreto 149/2008, do 26 de xuño e abría as portas á creación dunha ducia de plantas na Comunidade. Doce proxectos foron planificados, pero as barreiras administrativas e fiscais ás enerxías renovables trauciónse en que ningunha das plantas teña sido creada até o momento<sup>16</sup>.


Malia que diversos estudos sinalan que en Galicia existen máis de 500.000 toneladas anuais de biomasa que rematan como residuo no monte e que poderían empregarse para a produción de enerxía (Rodríguez et al, 2013), outros dubidan de que a biomasa dispoñible fose suficiente no caso de que as 12 plantas previstas en 2008 para Galicia se puxesen en funcionamento. De non ser así, o abastecemento das plantas dependería da creación de novos cultivos enerxéticos, para os que entre as especies máis adiantadas figuran o eucalipto, a acacia negra ou a mimosa, ámbalas tres consideradas invasoras (Copena & Simón, 2014, pp.105-106). Alén disto, o alto custo do transporte da madeira que conlevaría este aproveitamento, leva á exploración de saídas máis eficientes para o aproveitamento da biomasa, como a produción de carbón ou o gas natural. (Rodríguez et al., 2013).

A xeración de enerxía eólica a través da creación de parques no monte é outra das intervencións que máis ten afectado á paisaxe galega nos últimos anos, cando se instaláron máis de 4000 xeradores. As rendas froito das instalacións, que se fixeron en moitos casos a golpe de expropiacións, repartíronse dun xeito moi desigual entre empresas xestoras e propietarios. Estes últimos terían recibido un 1'46% dos beneficios obtidos polos parques instalados nos seus terreos en 2011 en base á investigación desenvolta por Damián Copena.<sup>17</sup> Outro modelo de parques comunitarios e a menor escala, podería funcionar,

---

<sup>16</sup> Pérez Pena, M., 10/06/2016

<sup>17</sup> Pérez Pena (25 de Maio de 2016).



pola contra, como un factor de desenvolvemento das áreas rurais, dos que hai experiencias noutras áreas de Europa, Canadá ou os EUA.


Diversas voces suxiren tamén a posibilidade de aumenta-la rendibilidade do monte vía incremento das rendas. A proposta de poxar a madeira *extramatura*, podería facer triplicarse o valor da madeira vendida (Arenas et al, 2013). Os mesmos autores, insisten en que o incremento das actuacións silvícolas axudaría a subi-lo prezo de venda da madeira en orixe e esixiría da aparición de novas empresas. O aumento da porcentaxe de madeira galega que se emprega nas vivendas permitiría aforrar un 25% nas emisións de CO<sup>2</sup>, e estimularía á produción de bens de maior calidade, con árbores de maior idade e evitando a "situación na que os produtos máis cotizados na cadea forestal madeira impórtanse de fóra"<sup>18</sup> (Arenas et al., p.43). Ademais pronostican que isto tería un efecto arrastre en tódalas actividades da cadea de valor, especialmente nas segundas transformacións, cun maior valor engadido.

Fronte aos usos industriais, a produción de bens e servizos non madeireiros diversos representan en Europa o 25 % do valor extraído do bosque. (Rodríguez et al., 2013, p.34). Galicia figura como líder na produción de castaña en España e a multitude de experiencias de aproveitamento diversificado no monte, aínda sendo minoritarios, demostran ter uns rendementos superiores aos monocultivos intensivos e xerar oportunidades de emprego nas comunidades rurais nas que se desenvolven, cunhas externalidades socioambientais moi positivas. Unha escolma de prácticas sostibles que xa se están desenvolvendo nos montes galegos, descríbense nun traballo realizado pola Asociación Ecoloxista Adegas (2015), dentro da súa campaña Cousa de Raíces, en defensa do bosque autóctono.

Neste documento, as protagonistas destas experiencias de usos non industriais dos montes son as Comunidades de Montes Veciñais en Man Común. Malia as tendencias á homoxeneización dos usos nos derradeiros anos, a explotación dos montes comunais continúa a ser diversa, dependendo do tipo de

---

<sup>18</sup> En castelán, no orixinal. Trad.propia.




vexetación, a situación e a súa importancia económica para a comunidade que o posúe. Estes montes utilízanse non só para a produción de madeira, senón tamén para os pastos, cultivos agrícolas, caza, explotación de canteiras, instalación de antenas e cables de electricidade ou arrendamento financeiro a terceiros, entre outras ( Fernández Leiceaga et al, 2006 ).

Hoxe en día existen ao redor de 2800 montes comunais en Galicia que ocupan preto de 700.000 ha. Por un lado, isto implica que ao redor dun terzo dos bosques de propiedade privada son bosques comunais en Galicia. Por outro lado, existen 150.000 comeneiros e comeneiras en Galicia, o que resulta en que preto de 500.000 persoas en Galicia se beneficiarían dos ingresos da economía dos montes comunais en man común. Isto é: o 20% da poboación total.

Na actualidade, en Galicia o 51,6% da superficie veciñal está xestionada pola administración, estando o 44,3% xestionado polas propias comunidades e un 4% da superficie abandonada (Fernández Leiceaga et al, 2006, p.176). Por outra parte, o tamaño medio dos montes comunais de Galicia é de 237 hectáreas, sendo este relativamente importante en comparación co tamaño dos montes particulares e cuxo efecto é o de facilitar un uso diversificado dos mesmos.


Unha parte significativa dos montes galegos, predominantemente MVMC, están incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos, o que indica a súa importancia no mantemento da riqueza e a biodiversidade da nosa flora, fauna, paisaxe e todos os ecosistemas que estas formacións acollen (Arenas et al, 2013). Ademais, o monte veciñal pode ser considerado como un reduto de comunitarismo cuxa importancia para o desenvolvemento rural foi xa demostrada por amplos estudos científicos así como polo gañador do Premio Nobel "O goberno dos bens comúns" de Elinor Ostrom.

Con todo, os MVMC reúnen unha serie de características: inembargabilidade, imprescriptibilidade, indivisibilidade e en moitos casos contan con comunidades



implicadas na súa xestión que os posicionan moi ben diante deses novos mercados relacionados coas funcións ambientais e recreativas do monte. Polas súas características, estas figuras adáptanse ben ás lóxicas de longo alento, patrimoniais e conservacionistas nas que se basean as demandas para a multifuncionalidade do monte en Galicia. As experiencias no desenvolvemento de novos usos e aproveitamentos nos montes veciñais en man común son idóneas na xeración dun efecto demostración sobre outros. (Fernández Leiceaga, 2006). Estudos sobre os valores e rendas anuais imputadas ás diferentes funcións do monte, produtiva, recreativa e ambiental sinalan que Comunidades Autónomas como Asturias, cunha función produtiva do monte menor á galega, reciben unha renda agregada superior polo maior peso relativo das dimensións recreativas e ambientais, e indican que existe marxe para unha estratexia que as impulse. (Carreira & Carral, 2014).

Para rematar, novas propostas que inciden precisamente nas externalidades positivas da agricultura, en concreto os servizos ambientais, van gañando terreo na súa defensa do minifundio e as pequenas explotacións labregas familiares (Carreira & Carral, 2014). Defenden estes que as explotacións máis pequenas teñen demostrado producir máis por unidade de área e empregar máis intensivamente os factores de produción cas grandes explotacións (Rosset, 1999; Thapa, 2007). Así, de orientarse as pequenas explotacións labregas tradicionais cara formas ecolóxicas de produción, poderían ser o sistema máis eficiente para acadar en Galicia a seguridade alimentaria. A propagación destes modelos de produción a pequena escala combinaría unha produción estable e diversificada, empregaría factores de produción de proximidade, tería asociados balances enerxéticos positivos, xeraría rendas no rural e contribuiría ao coidado do medio ambiente. (Carreira & Carral, 2014, p.41). A parte disto, afirman citando a Toledo (2002,p.31), que a produción a pequena escala mantén a diversidade paisaxística, biolóxica, agrícola e cultural; xera oportunidades económicas máis xustas e tende a realizar un uso responsable do solo, auga e vida silvestre. (Carreira & Carral, 2014, p.45).



#### 4.1.9. Desenvolvemento, necesidades e ecoloxía.


Como xa avanzabamos enriba, as recentes reformas en materia forestal afírmanse coma instrumentos de dinamización do rural pola xeración de emprego, que repercutirían sobre todo na poboación rural e que mesmo aseguran podería ter un efecto chamada a nova poboación a medida que medre o sector industrial. Diante a inexistencia dun estudo sociolóxico que confirme ou refute a contribución da cadea forestal-madeira na fixación da poboación rural en Galicia, outras voces veñen avisando de que o desenvolvemento sostible e a consolidación dun modelo forestal viable a longo prazo para o agro galego, que ofrezca posibilidades de emprego á poboación, non virá parello unicamente ao aumento da superficie forestal, senón á súa sinerxía con outras actividades económicas e á adaptación aos modos, necesidades e unidades relacionais da comunidade. Da súa multifuncionalidade e coherencia co resto de elementos do ecosistema. (Martínez, 2015a).

Sendo cautelosos dada a ausencia de datos, a mecanización en auxe ao longo de toda a cadea produtiva forestal-madeira e o movemento poboacional cara as cidades, que repuntou ao tempo cá expansión da industria, non son factores que en principio respalden a tese de que unha expansión da industria forestal, de manterse a estrutura do sector como a coñecemos hoxe, poida contribuír de xeito salientable a mante-la poboación nas áreas rurais. Trátase, a forestal-madeira, dunha cadea produtiva cada vez menos intensiva no factor traballo.

Fronte a ese modelo implícito de desenvolvemento e da definición limitada de benestar (que se restrinxe á creación de emprego), agroman as teorías do desenvolvemento sustentable; local e endógeno. Herdeira da definición do Informe Brundtland (CMMAD<sup>19</sup>,1988) e cuxa adopción a nivel internacional xerou unha ampla polémica, ao ser substituído directamente o termo polo de crecemento e poder considerarse o seu uso e mutacións no significado unha metáfora do poder segundo explica Naredo (2006, pp.175-230); hoxe en día o

---

<sup>19</sup> Comisión Mundial do Medio Ambiente e Desenvolvemento.



desenvolvemento rural enténdese como "un proceso localizado de cambio social e crecemento económico sostible, que ten por finalidade o progreso permanente da comunidade e de cada individuo integrado nela<sup>20</sup>" (Valcárcel-Resalt, 2001, p.63). Como factores de éxito dos procesos de desenvolvemento local sustentable, o mesmo autor inclúe a preservación e coidado do medio ambiente e biodiversidade e a recuperación e fomento dos sinais de identidade, da cultura propia, indispensables para a cohesión e implicación da poboación nos cambios.


Segundo diferentes autores, o desenvolvemento endógeno dun territorio asegura o benestar da poboación a través da construción colectiva, participada, dun modelo de crecemento e desenvolvemento económico inclusivo, igualitario, que teña en conta as posibilidades das xeracións futuras do enriquecemento moral, intelectual e material (Vázquez Barquero, 1999; Ferrinho, 1991 e Portela 1995 en Rodríguez, 2015).

A adopción desta postura, amplamente aceptada na Academia a día de hoxe, supuxo un cambio de prisma radical respecto da estratexia de desenvolvemento común até os anos 70. Isto aconteceu logo da constatación de que certas medidas xerais e aplicadas cunha lóxica de arriba-abaixo, non foran quen de resolver os problemas do estancamento, desindustrialización e desemprego nos países occidentais, con economías cada vez máis deslocalizadas. (Del Castillo, 1994, p.12). Facían falla medidas específicas que tivesen en conta as especificidades e potencialidades de cada territorio, leximitadas e participadas pola comunidade, para asegura-la máxima efectividade das mesmas e unha imbricación da realidade local cos fenómenos a nivel nacional e internacional (Del Castillo, 1994, p.216). Xorde así o desenvolvemento local como un paradigma de crise radical.

Dentro desta perspectiva, sustentabilidade, ecoloxía e comunidade son tres elementos clave que apuntalan o que Max-Neef cuñou como "desenvolvemento a escala humana" (1993). Segundo este, calquera

---

<sup>20</sup>En castelán, no orixinal. Trad. propia.



desenvolvemento que pretenda satisfacer as necesidades básicas humanas debe ser autodependente e coidar especialmente dos eidos reprodutivos, nos que a natureza xoga un papel esencial. Con este fin, o desenvolvemento sustentable debería buscar, como xeito de contribuír á vida plena da poboación, cambiar os estilos de vida e modos de produción por vía, por exemplo, de fomentar a biofilia, ou sentido de conexión coa natureza. (Carreira & Carral, 2014, p.38)

O desenvolvemento a escala humana busca, deste xeito " ...o artellamento orgánico dos seres humanos coa natureza e a tecnoloxía, dos procesos globais cos comportamentos locais, do personal co social, da planificación coa autonomía e da sociedade civil co Estado"<sup>21</sup> (1993, p.30). Para facelo, cómpre relocalizar o ámbito de intervención ao máis pequeno, ao comprensible e dominable polos seres humanos. Neste proceso de cambio de escala, as persoas recobran protagonismo e afóndase na calidade democrática, a través dunha maior participación que abre a porta ás solucións abaixo- arriba e que resultan en realidades máis congruentes coas "aspiracións reais das persoas".

Pero cales son esas aspiracións ou necesidades últimas das persoas? As necesidades, para Max-Neef son un sistema no que as persoas se interrelacionan e interactúan e que se dividen sinxelamente en dous grupos: categorías existenciais (Ser, Estar, Ter e Facer) e categorías axiolóxicas (Subsistencia, Protección, Estima, Entendemento, Participación, Lecer, Creación, Identidade e Liberdade) (1993, p.41). Son os satisfactores destas necesidades e non as necesidades mesmas, os que están determinados culturalmente e varían en función dos mesmos. A necesidade de entendemento satisfaríase nos países occidentais coa educación universitaria, mentres que noutros contextos pode satisfacerse coa experimentación ou coa transmisión oral de coñecementos. Os satisfactores defínense como todo aquilo que "por representar formas de ser, estar e facer, contribúe á realización de necesidades humanas (...) e que inclúe formas de organización, estruturas políticas, prácticas sociais, condicións subxectivas, valores e

---

<sup>21</sup>En castelán, no orixinal. Trad. propia.

normas, espazos, contextos, comportamentos e atitudes; todas nunha tensión permanente entre consolidación e cambio"<sup>22</sup> (1993, p.50).

Os bens son comprendidos nesta visión humanista do desenvolvemento como dispositivos que modifican a eficiencia dun determinado satisfactor. Doutro modo, "os bens son en sentido estricto o medio pola cal o suxeito potencia os satisfactores para vivi-las súas necesidades". (1993, p.51). Esta teoría, esixe repensa-las necesidades humanas para comprendelas máis aló da súa satisfacción en termos de bens ou servizos, senón de relacionalas con formas de satisfacelas que están historicamente producidas e son froito da interpretación subxectiva das mesmas. Sobre isto, matiza Max-Neef :


A forma na que se expresan as necesidades a través dos satisfactores varía ao longo da historia, de acordo a culturas, referentes sociais, estratexias de vida, condicións económicas e relacións co medio ambiente. (1993, p.53).

E o máis interesante para o caso que nos ocupa: de igual xeito que estas experiencias subxectivas sobre as necesidades varían, pódense tamén facer cambiar. Os procesos de desenvolvemento local ou endógeno teñen sido demostrados como especialmente efectivos na creación de efectos sinérxicos que axudan á satisfacer unha ampla gama de necesidades humanas e gañar autonomía respecto do acceso aos satisfactores por parte da poboación. Neste senso, facilita un modelo de desenvolvemento ecolóxico, que garante a sustentabilidade dos recursos naturais para o futuro.

Para acadar isto, baséase na mobilización dos chamados recursos non convencionais, que o modelo de produción capitalista, fai máis innaccesibles: autonomía, cooperación, identidade, cultura ou autoestima.

---

<sup>22</sup> Trad propia. En castelán, no orixinal.



#### 4.1.10. *Cara unha visión integral e biocéntrica do monte: Achegas dende a Economía Ecolóxica e Etnoecoloxía.*

A ecoloxía ensina que as perspectivas de evolución dun sistema dependen da súa flexibilidade para reaccionar diante de novos acontecementos en función dos sinais que sobre eles recibe dos seus circuitos de información. (Naredo, 2006, p.220). Esta ciencia chega a Galicia nos anos 40 e non é recoñecida de xeito institucional até finais dos anos 60 (Díaz-Fierros, 2006, p.139), non sen atrancos e dada a importancia do pensamento utilitarista sobre os recursos naturais, hexemónico naquel momento e aínda maioritario na actualidade. O limitado e compartimentado da nosa comprensión sobre o papel da natureza e do monte en Galicia, que maioritariamente se entende como un recurso susceptible de ter aproveitamento económico, supón unha barreira á creación desa capacidade de axuste, referida hoxe frecuentemente como resiliencia e considerada un elemento decisivo nos procesos de transición cara á sustentabilidade. (Tschakert, P. & Dietrich, 2010; Van Raak, 2015.)

Neste contexto, a economía ecolóxica vén propoñendo mudar a focaxe monetarista sobre o medio ambiente cara unha perspectiva sistémica : "abri-la reflexión económica cara os aspectos físicos, territoriais e sociais" (Naredo, 2006, p.39); todos eles compoñentes do mesmo e que complexizan a análise ortodoxa sobre os recursos naturais, que rexistraría só os custes de extracción, manexo e transformación. Neste senso, a agroecoloxía considera unha triple función do monte: a produtiva, a recreativa e a ambiental. Para a agricultura, reservaría tamén tres funcións, estreitamente vencelladas ás anteriores: produtiva, ambiental (conservación do solo , recursos hídricos e hábitats, desenvolvemento da paisaxe de calidade) e unha terceira, social e territorial que abrangue o mantemento da cohesión das comunidades rurais e sobre todo da seguridade alimentaria. (Carreira & Carral, 2014, p.30).

O deseño de indicadores que midan os servizos ambientais, sociais e territoriais das actividades agrícola e silvícola, e as compensen, é unha das demandas incorporadas ao paradigma da multifuncionalidade dentro da agroecoloxía (Carreira & Carral, 2014, p.32).

A vaguedade na práctica das políticas que incorporan a multifuncionalidade como principio, no canto de axudar a reduci-los efectos nocivos sobre o territorio, podería estar axudando a "gerar una separação do espazo rural em dous ámbitos: superprodutivista e multifuncional" (Carreira & Carral, 2014, p.34).

Como proposta complementar da economía ecolóxica (Doldán,2014) considera-los custes enerxéticos dos procesos que acontecen na natureza, a banda dos físicos, permitiría cuantificar problemas como a dispersión e deterioro dos recursos ambientais, impactos do aforro e reciclaxe de recursos e outros efectos nocivos dos procesos de produción. Axudaría, en definitiva, ao desenvolvemento dun modelo económico que busque o equilibrio entre custes físicos e valoracións monetarias da actividade económica á sustentabilidade.

Neste proceso de revisión dos sistemas de produción e como afirma Jorge Riechmann (2006) cómpre pensar nun metaequilibrio, en complexiza-lo noso entendemento dos sistemas nos que vivimos. Para facelo, propón o concepto de biomímese, ou a imitación da natureza na adaptación dos sistemas de produción, para facelos compatibles coa biosfera; e cos bens comúns que axudan ao mantemento da complexidade e riqueza ambiental (Subirats, 2013).

Pero como re-amoldamos os nosos sistemas produtivos á natureza? Por onde comezamos? Como elemento dentro desa busca da consonancia, nun traballo recente de Pérez Moreira e López González (2010), introdúcese a idea de que cultura e a paisaxe están íntimamente relacionadas. Segundo estes "a paisaxe é un legado secular á vez que é conformadora do noso imaxinario cultural e, polo mesmo, unha fidedigna expresión territorial e identitaria" (p.9). Dentro da cultura, ciencias emerxentes como a Etnoecoloxía veñen reivindicando o papel fundamental dos coñecementos tradicionais, aos que Toledo e Barrera-Bassols (2009) refírense como a esencia da memoria cultural, que nos conecta ca nosa historia pasada como especie, no longo prazo:

Como os individuos, as sociedades posúen tamén unha memoria colectiva, unha memoria social. En ámbolos dous casos, esta capacidade de lembrar resulta crucial porque axuda a comprende-lo presente e en consecuencia da

elementos para o planeamento do porvir e serve para remontar eventos semellantes ocorridos anteriormente e aínda sucesos inesperados. Como os individuos e os pobos, a especie humana ten tamén memoria e esta permite desvela-las relacións que a humanidade ten establecido coa natureza, soporte e referente da súa existencia, ao longo da súa historia. Malia que tódalas especies teñen en teoría unha memoria que lles permite manterse e sobrevivir ao cambiante concerto da historia natural, a especie humana é a única que pode facela consciente, revelarse a si mesma, as lembranzas que integran a súa propia historia coa natureza.<sup>23</sup> (Toledo & Barrera-Bassols , p.13)

O obxectivo fundamental dos coñecementos tradicionais sería a manipulación dos recursos, racionalidade que entenden diferente á da Ciencia e que combinaría prácticas (o famoso "learning by doing") e crenzas. Segundo os autores, a diversificación dos seres humanos teríase fundamentado na diversificación biolóxica, agrícola e tamén paisaxística, por medio da agregación progresiva de elementos novidosos, que terían dotado ás comunidades de capacidade para sobrevivir nos mesmos lugares longos períodos temporais.

As comunidades tradicionais producían a pequena escala, dependían exclusivamente da enerxía solar e eran exemplos do que Nietschmann (1992, en Toledo & Barrera-Bassols, p.53) nomeou conservación simbiótica, na cal a diversidade biolóxica e cultural eran recíproca e xeográficamente dependentes. Ámbalas eran cualidades necesarias para unha axeitada preservación do medio, entendéndo este dende unha perspectiva sistémica. Así, a Etnoecoloxía xurde como unha nova aproximación científica que, contra a práctica científica ortodoxa, non separa saber das cualidades persoais e do estado das cousas. Dende o seu posicionamento complexo diante da realidade, aúna dúas dimensións, coñecemento e sabedoría, que maila ter

---

<sup>23</sup>En castelán, no orixinal. Trad. propia.

bases epistémicas diferentes, son necesarias para conservar o designada memoria colectiva da especie:

O coñecemento obxectivo non pode reemplazar á sabedoría porque o obxectivo do primeiro tenta garanti-lo correcto dos nosos actos, independentemente das metas que teñamos escollido ou elixido; pero o coñecemento mesmo non nos permite saber cal é o obxectivo que debemos elixir. A elección de metas e valores axeitados para a perpetuación da experiencia humana dependen do sentido da vida, do sentido de pertenza e sentido de lugar que outorga a sabedoría<sup>24</sup>. (Toledo & Barrera-Bassols, 2006, p.103).


Así, a Etnoecoloxía parte de que os saberes locais son indisolubles dos sistemas de crenzas os abranguen. Son estes, deseños innovadores de base local que alimentados polas redes sociais internas e externas, ofrecen un sentido de pertenza aos actores locais. A Etnoecoloxía, no senso en que trata de explica-los problemas orixinados da separación do natural e social na actualidade, e propón atopar modos de vida sostibles, pode entenderse como unha ciencia da complexidade (Morin, 2002); aplicada esta á busca de escenarios de globalización alternativos (Toledo & Barrera-Bassols, 2006, p.111).

Ao fío do anterior, voces dende a Agroecoloxía en Galicia subliñan a importancia de apoiar as pequenas explotacións labregas nao ser estas fórmulas son as mellores garantes da alimentación da poboación a nivel mundial e a sustentabilidade dos recursos naturais. A análise, vai na mesma liña ca da Etnoecoloxía, considera os labregos unha expresión dunha cultura humana acorde cos recursos naturais:

O concepto de campesinato evoluiu e agora aparece como unha forma de relacionamento com a natureza (sendo considerado parte dela) num

---


<sup>24</sup>En castelán, no orixinal. Trad. propia.



proceso de coevolución que configuro un modo de uso dos recursos con una perspectiva ambiental. Para a agroecología o que tem caracterizado esencialmente o campesinato ao longo da historia é o modo de gerir os recursos naturais e o coñecemento en que se fundamenta. (Carreira & Carral, 2014, p.21).

4.1.11. *As persoas e o seu papel nos ecosistemas-bosque: benestar e o sentimento de lugar. Achegas dende a Psicoloxía Social e Ambiental.*

"Os humanos levamos alterado o 75% da superficie do planeta", sostíña un titular da prensa que se facía eco da publicación dun novo mapa sobre a pegada humana no planeta entre 1993 e 2009. O estudo demostra que os bosques de frondosas en Europa Occidental, Leste de EE.UU e China son os



**Figura 6:** Variacións na pegada humana en Galicia 1993-2009. Fonte: Venter et al. (2016).

ecosistemas máis alternados pola acción humana no período<sup>25</sup>.


Segundo a mesma fonte (Venter et al.,2016), cuxos resultados detallados para Galicia poden observarse na Figura 6 a continuación, a presión da actividade humana sobre a natureza en Galicia distribuíuse de xeito desigual, cunha maioría de zonas que amosan un maior impacto da actividade humana (en tons vermellos) e outras áreas de menor extensión e situadas maioritariamente en zonas de interior (marcadas en azul), nas que o impacto teríase reducido para a mesma franxa temporal. Esta situación lévanos a plantexarnos, como debe mudar a interacción das persoas sobre o medio ambiente? E sobre o monte especificamente? Como podemos medilo?

Amentabamos no apartado 4.1.2 que a integración do contacto coa natureza nos estilos de vida comezaba a ser reivindicada como unha vía de muda-lo sistema produtivo cara fórmulas orientadas ao benestar da poboación e nese senso, máis sustentables. O enverdecemento das cidades é unha medida en auxe que comeza a integrarse na planificación urbana de moitos concellos arredor do mundo e en Galicia.

Vencellado a isto, Stedman e Ingalls (2014), demostraron que as intervencións que poñen en relación a topofilia, ou amor polos lugares, e a biofilia, ou a conexión positiva coa natureza, son máis efectivas na rexeneración de comunidades debilitadas. Como afirman estes dous sociólogos ambientais, os lugares acollen todos unha multiplicidade de significados, e a presenza de elementos naturais incrementa a asociación de significados positivos aos mesmos. A topofilia e biofilia son fenómenos que se retroalimentan. A recuperación de comunidades enfeblecidas polo efecto do estancamento económico, fragmentación social e a perda de relacións significativas e símbolos comunitarios, pasa por unha reconstrución dos significados positivos ligados aos lugares, e a liberdade para reconstruí-los espazos no senso en que novos significados desexados adquiran importancia e os indesexados ou obsoletos a perdan (Stedman & Ingalls, 2014)

---

<sup>25</sup>Criado, M.A. (2016) en El País, 23/08/2016



Segundo o traballo de Stedman sobre as comunidades dependentes dos recursos forestais nos EUA (1999), a evolución do pensamento ecolóxico, que entende os bosques como sistemas complexos sostibles que fornecen madeira pero tamén outros bens e servizos como o clima, beleza ou hábitats, ten avanzado nas recomendacións cara á expulsión dos humanos dos mesmos. Estes últimos son vistos como trabas á boa xestión dos ecosistemas, e non compoñentes integrais dos sistemas-bosque. Para o autor, pola contra, "os intereses humanos non deberan quedar fóra dos ecosistemas forestais" (Stedman, 1999, p.767).


Concretamente, apunta que sustentabilidade ofrece unha perspectiva na que o benestar das persoas e colectivos, o benestar comunitario, fai compatible o desenvolvemento económico e a preservación da natureza. Os bosques sostibles, di, deben axudar a soste as comunidades que dependen destes. Para achegarnos a calidade de vida nun senso amplo e acorde coa definición de desenvolvemento a escala humana citada anteriormente e a súa relación co estado do bosque, ou do monte no noso caso, afirma Stedman que é prioritario considerar indicadores de benestar subxectivo das comunidades, máis aló de beneficios que poden ser medidos en termos monetarios.

O sentimento de lugar, definido como "o conxunto de significados simbólicos, apego e satisfacción respecto dun contexto físico determinado sostido por un individuo ou grupo"<sup>26</sup> (Stedman, 2002, p.563), pode considerarse un dos mellores indicadores da sustentabilidade das comunidades. Trátase dun nexo emocional cos lugares cuxa principal característica é, segundo Hidalgo e Hernández, (2001, p.274) o desexo de manter proximidade co mesmo por parte do suxeito que o vive. A idea "implica o ancoramento de emocións no obxecto, o sentimento de pertenza, o desexo de permanecer preto e un desexo de voltar cando se está lonxe"<sup>27</sup> (Lewicka,2014, p.49).

---

<sup>26</sup>En inglés, no orixinal. Trad.propia.

<sup>27</sup> En inglés, no orixinal. Trad.propia.



O sentimento de lugar é o conxunto de significados e apego atribuído a un contexto espacial e á comunidade ao tempo, no senso en que ámbalas dúas están inevitablemente entretrecidas. Aplicado ao noso obxecto de estudo, o monte, ademais de prover recursos ás comunidades, contribúe á propia definición das comunidades no senso en que acollen e sosteñen os xeitos de vivir das mesmas, as súas tradicións (Kusel, 1996 en Stedman, 1999).

Apego ao lugar, identidade de lugar, apego comunitario, sentido de comunidade, identidade de lugar, dependencia de lugar ou sentimento de lugar, son todos conceptos análogos desenvolto especialmente dentro da Psicoloxía Social e Ambiental, e que dan conta da interacción das persoas coas súas contornas (Vidal Moranta & Pol Urrútia, 2005). A diversidade de denominacións fálanos dun vívido debate aínda non resolto dentro da Academia. (Stedman, 2002; Hidalgo & Hernández, 2001).

A ampla maioría de traballos especializados sinalan que a pertenza é unha necesidade básica que acompaña a vida das persoas. A necesidade tería dúas vertentes, a social, de integración ou identificación con outros e acompañante físico: o lugar. O sentimento de lugar, como variante da identidade, guía a acción das persoas ao fornecerlles dun sentimento de continuidade, autoestima, autoeficacia e distinción. Os lugares son vistos ademais na teoría psicolóxica clásica como unha estratexia para o mantemento da propia personalidade (Twigger Ross & Uzzell, 1996). A claridade conceptual do termo sentimento de lugar, amplamente consensuado dentro das súas disciplinas de orixe e a súa sinxela operacionalización (Stedman, 2002) fannos escoller para a nosa análise sobre o monte galego, este concepto a modo de variable explicativa.

De acordo á tradición académica da Psicoloxía Social e Ambiental, os lugares son centros de significados e unidades de estima que conteñen dentro deles o "contexto físico, as actividades humanas e os procesos sociais e psicolóxicos

arraigados nese espazo"<sup>28</sup> (Stedman, 2002, p.562). Se debullamos os tres compoñentes principais do sentimento de lugar, percatámonos axiña da complexidade dos procesos contidos no termo:

- **Apego ao lugar: identidade.** O apego ao lugar enténdese como o vencello entre as persoas e as súas contornas, baseado en significados simbólicos que as persoas lles atribuímos e que varían en función da posición social da persoa. Dependendo da persoa, o apego ao lugar terá unha relevancia maior ou menor na autodefinición, en función do papel que ocupe na escala xerárquica na que as identidades están organizadas para todos os individuos.
- **Satisfacción co lugar: unha atitude.** A satisfacción cos lugares relaciónase coa percepción da calidade dun lugar en función das posibilidades que este tende para a cobertura de necesidades propias. A atitude é polo tanto a suma de crenzas sobre un lugar multiplicada polas crenzas avaliativas sobre o mesmo.
- **Significados simbólicos: a *alma mater*.** Percepcións traducidas en crenzas ou coñecementos empregados para describir os diferentes tipos de lugares e que son a base cognitiva das atitudes.

Así, tanto a identidade como o apego ao lugar baséanse nos significados, son dependentes deles. Pero como se relaciona isto co comportamento das persoas e co estado do monte?

Malia que a literatura clásica da Psicoloxía Social apuntaba á idea de que aquelas persoas con atitudes positivas teñen máis posibilidades de ter comportamentos positivos, achegas máis recentes dentro do mesmo eido cuestionan o anterior. Na investigación sobre o apego ao lugar, demostrouse que só baixo certas condicións, un maior apego ao lugar (atitude positiva) conleva un comportamento conservacionista "positivo" (por exemplo, o coidado

---

<sup>28</sup>En inglés, no orixinal. Trad.propia.

do medio ambiente). Un exemplo son os casos nos que as atitudes confórmanse como froito da experiencia directa. Respecto da identidade, unha maior identificación cos lugares favorecerá un comportamento favorable á súa preservación. A medida en que esta sexa máis relevante ca outras identificacións para a persoa e canto máis próxima se atope a definición persoal aos roles que normalmente desempeña, máis favorecerá a identidade un comportamento respectuoso coa contorna física.

O traballo de Stedman (2002), do cal se extraen as nosas hipóteses a contrastar no caso do monte galego, demostra que o grao de apego ao lugar non é independente do tipo de atributos, dos significados, nos que o apego se basea. As persoas, ademais, identifícanse non só con lugares que significan moito para elas, queridos, senón tamén con lugares a través dos cales perciben que están en perigo. Cando un espazo co que nos identificamos é percebido como ameazado, hai máis probabilidade de comportamento proambiental. Para rematar, satisfacción e apego teñen efectos contrarios sobre o comportamento: mentres o apego ao lugar ten unha relación positiva respecto da probabilidade de ter un comportamento pro-ambiental; a satisfacción co lugar, ten unha relación negativa co mesmo. No contraste empírico, retomaremos estas ideas e contrastarémolas cos resultados do noso traballo de campo.

#### *4.1.12. Os ligames cos lugares nun mundo cambiante: retrospectiva e actualidade.*

Botar raíces é se cadra a necesidade máis importante e ignorada da alma humana. (...) Un ser humano ten unha raíz en virtude da súa participación real, activa e natural na existencia dunha colectividade que conserva vivos certos tesouros do pasado e certos presentimentos do futuro. Participación natural, isto é, inducida automaticamente polo lugar, o nacemento, a


profesión, a contorna. O ser humano ten a necesidade de botar múltiples raíces, de recibir-la totalidade da súa vida moral, intelectual e espiritual dos medios dos que forma parte naturalmente. Os intercambios de influencias entre diferentes medios son tan importantes como o raigame na contorna natural<sup>29</sup>.(Simone Weil, 2013, p.37).

Dende o ano 1943, no que a filósofa francesa e xudea escribía sobre as raíces como finalidade colectiva para os pobos en plena II Guerra Mundial, o debate sobre o papel dos lugares e do apego ten percorrido incontables camiños. Volvendo á Psicoloxía Social, os lugares, afirma David Seamon (2014, p.12), manteñen as experiencias vitais unidas e determinan así os nosos centros de significado, intención e comportamento. Altman e Low, creaban escola coa publicación do seu clásico Apego ao lugar, no 1992. Aseguraban facelo nun intento por sistematizar as variadas aproximacións sobre o tema dende distintas disciplinas e cuxa emerxencia viña explicada pola capacidade que tiña o termo—que definían entón sinxelamente como os vencellos das persoas cos lugares—para entender e axudar á adaptación ao cambio da poboación, nunha época de aceleración das migracións e inestabilidade.(Altman & Low, 1992, pp.1-12)

A investigación ten demostrado que o establecemento de ligames emocionais positivos cos lugares, aporta seguridade e serenidade ás persoas e fai máis sinxela a exploración de novas contornas (Scanell & Gifford, 2014, p.32). Sen embargo, a intensificación das transformacións sociais como resultado da globalización e tecnoloxías da información, levou a algúns autores, a constatar a perda relativa da importancia dos lugares físicos. Albiscaba Manuel Castells (2006) neste senso que da sociedade dos lugares estábase pasando á sociedade dos fluxos.Outros, como Riley (1992), afirmaban que eran a industrialización e urbanización as que levaban da man unha perda de importancia dos vencellos emocionais cos lugares.

---

<sup>29</sup>En castelán, no orixinal. Trad.propia.



Traballos recentes, sen embargo, seguen a confirma-la relación entre apego ao lugar e satisfacción vital, incluso entre sociedades e persoas cunha importante mobilidade (Gustafson, 2014, p.38). A aceleración nos estilos de vida crea, non obstante, unha diferenza cualitativa respecto do apego ao lugar. Á fórmula do apego tradicional, "o lugar como raíces", baseada na residencia nun determinado período de tempo, lazos comunitarios fortes e coñecemento local; súmase unha nova, a "do lugar como rutas", cando o vencello ao territorio para as persoas cunha mobilidade importante constitúe unha expresión da súa traxectoria e identidade, dunha escolla propia. En moitos casos, o vencello das persoas móbiles non se limita só a un lugar, senón que a persoa desenvolve múltiples ligames con distintos territorios. (Gustafson, 2014, p.39).


Esta dobre tipoloxía identificada tamén por autores como Lewicka (2011, en Gustafson, 2014), foi diferenciada baixo os títulos apego tradicional fronte ao activo. O segundo tipo, tería máis que ver coa ideoloxía, coa elección consciente do lugar de residencia. As diferenzas entre estes dous tipos demostráronse asociadas con factores sociodemográficos como idade ou xénero, diferenzas económicas e culturais, entre outras. Deste xeito, a investigación amosou que malia que poidan diferenciarse nos contidos dese vencello cos lugares, persoas con maior mobilidade e menos desenvolven relacións afectivas cos mesmos por igual.

A escala do apego é tamén outro criterio de diferenciación entre os dous tipos. Se no tipo tradicional do apego ao local, incluíndo á comunidade, tería maior presenza, no activo, teñen menor importancia e os ligames establécense con unidades territoriais maiores.

Malia existir unha asunción xeneralizada sobre que a mobilidade crecente e o interese polo pasado son contrarios, Maria Lewicka (2014) verifica no seu traballo que a memoria facilita o apego ao lugar. Nas súas palabras, "o interese polo pasado fomenta un sentimento persoal e de continuidade cos lugares.(...) Dependendo do tipo de apego aos lugares (tradicional fronte activo), diferentes tipos de memoria poden contribuír ao desenvolvemento de ligames emocionais cos lugares"<sup>30</sup> (Lewicka, 2014, p.49). A memoria, di a autora, "é un pegamento

---

<sup>30</sup> En inglés, no orixinal. Trad.propia.



que conecta ás persoas cos seus lugares<sup>31</sup>"(Lewicka, 2014, p.51). Esta función conectora da memoria funciona tanto cando está baseada na experiencia acumulada de residencia nun lugar, como cando non. Respecto desta segunda situación, investigar sobre o pasado, ben sexa sobre antergos ou historia pasada dun lugar funciona como un pegamento que nos fai sentirnos parte de sucesións de acontecementos a longo prazo asociadas aos mesmos e nese senso axiliza a creación de relacións emocionais entre persoas e lugares.

Mediante un repaso aos diferentes tipos de memoria, afirma a autora que os ligames cos lugares sostéñense fundamentalmente nunha memoria procedimental, baseada nos nosos hábitos. Malia isto, outra memoria, a autobiográfica e evocada pola nostalxia (e as súas variantes culturais que máis nos tocan, a saudade ou a morriña, engadimos) supón outra fonte importante de identidade persoal e continuidade e constitúe un recurso adaptativo fronte a novos contextos. A memoria autobiográfica, axudaría así a superar discontinuidades espaciais e baséase sobre todo nas lembranzas da infancia.


Pero como vimos, existen outras vías de desenvolver ligames emocionais cos lugares, menos dependentes da duración da residencia neles: a memoria chamada declarativa (relacionada coa historia familiar pasada e na historia dos lugares). "O renovado interese pola memoria entre a poboación, é unha reacción á "modernidade que esquece."<sup>32</sup> (Pierre Nora, 1989 en Lewicka, 2014, p.53). Esta división entre memoria autobiográfica e memoria declarativa correspóndese coa tipoloxía sobre o apego revisada enriba: entre persoas que o asentán tradicionalmente, e as que o fan dun xeito máis consciente, activo.

Se ben o aumento de vencellos cos lugares satisfice unha necesidade humana básica, que efecto ten isto sobre a faceta física dos lugares, mellora dalgún xeito a súa calidade? A Xeografía Humana, Socioloxía e Psicoloxía Social acometeron a tarefa de demostrar como o desenvolvemento de vencellos cos lugares axuda á implicación das persoas dunha determinada comunidade na mellora e protección da mesma. Empregando a dimensión comunitaria do apego de lugar, estas ciencias céntranse en analiza-las respostas colectivas en

---

<sup>31</sup> En inglés, no orixinal. Trad.propia.

<sup>32</sup> En inglés, no orixinal. Trad.propia.



forma de comportamento asociadas ao desenvolvemento de lazos cos lugares. (Mihaylov & Perkins, 2014, p.61). O apego comunitario é, polo tanto, un compoñente fundamental do apego ou sentimento de lugar.

As comunidades, unidades de interese ou identidade, alimentan procesos interpretativos conxuntos que son a base das accións colectivas. Como insistiremos no seguinte epígrafe, estas accións, acontecen en maior medida en casos nos que o medio natural, e por asociación a comunidade, son percibidas colectivamente como ameazadas. Esta percepción depende da medida en que as ameazas son percibidas pola comunidade como modificadoras da definición simbólica dos lugares, da posibilidade de satisfacción das necesidades (dependencia do lugar) das persoas e a identidade do lugar. Noutros termos, sinalan Mihaylov & Perkins, (2014, p.65) que "a aceptación dos cambios nos lugares varía en función da compatibilidade destes cos seus significados simbólicos, culturais, históricos ou funcionais"<sup>33</sup>.

Se o apego aos lugares é alto pero o sentimento comunitario baixo, existen máis probabilidades de que as ameazas á contorna sexan aceptadas a custe dun deterioro da calidade ambiental e do benestar xeral da comunidade. A actitude de cara ao cambio está relacionada co apego á comunidade. "Só mediante a tradución dos apegos aos lugares a capital social e acción colectiva nun nivel comunitario os beneficios do apego aos lugares preferidos son realizados"<sup>34</sup> (Mihaylov & Perkins, 2014, p.71). O apego comunitario enténdese como unha dimensión do capital social, sobre o que continuaremos no apartado 4.1.8.


#### 4.1.13. *Sentimento de lugar e monte en Galicia: a batalla silandeira polos significados. Socioloxía Ambiental aplicada.*

A natureza é un elemento do apego comunitario na medida en que promove un determinado tipo de estilo de vida e facilita o benestar. A natureza prové a base para uns lazos compartidos e intereses comúns para as persoas da

---

<sup>33</sup> En inglés, no orixinal. Trad.propia.

<sup>34</sup> En inglés, no orixinal. Trad.propia.



comunidade e como vimos, non pode considerarse unha variable independente das relacións sociais. (Brehm, 2007).As características da paisaxe importan, apuntalan o apego ao lugar e a satisfacción xerada polo mesmo. En xeral, existe maior satisfacción cando maior conservación da natureza haxa, pero dependendo das persoas e as súas necesidades, esta fonte de satisfacción pode quedar relegada a outras: como o aproveitamento económico.(Stedman, 2003).

É esta explicación válida para o caso do monte galego? É polo cambio nos significados atribuídos ao monte que a poboación acepta a homoxeneización da paisaxe? Como é que non se percebe o monte galego como ameazado pola eucaliptización, malia haber razóns para facelo, como vimos? A intervención humana na natureza cambia a base simbólica do apego sen afectar ao apego no seu conxunto. Non hai relacións causais directas entre os atributos físicos da paisaxe e o apego ao lugar. De ser os espazos naturais lugares de escape, pasan a ser lugares para a relación social se o seu grao de desenvolvemento e intervención humana sobre eles aumenta.Os atributos da paisaxe, polo tanto, son a base dos significados. (Stedman, 2003).

Derivado do anterior, se os atributos físicos da natureza importan pouco como fonte de apego ao lugar, existen grandes posibilidades para que a degradación ambiental aconteza sen que o grao do apego ao lugar se vexa en ningunha medida modificado. Diante disto, e como tentamos abordar parcialmente no apartado empírico, faise chave coñecer como os significados atribuídos ao monte mudaron á medida que o foi facendo a paisaxe.

A mitoloxía dos lugares, ou conxunto de significados simbólicos atribuídos, cambia. Cando as condicións naturais trocan e deixan de poder sustenta-lo mito do lugar, existen mecanismos que axudan aos actores sociais a preservalos mesmos significados malia que o entorno físico cambie. Marcus (1992 en Stedman, 2003) enfatizaba o rol da memoria, xa que as experiencias lembradas modifican os significados de lugar máis actuais. O potencial da reactivación e recuperación da memoria, na liña das achegas da Etnoecoloxía, é enorme


dado que os significados atribuídos aos lugares soen ter unha natureza interconectada. Se as ameazas a unha imaxe afectan o conxunto de significados enteiro, unha recuperación doutra xera a reacción en cadea á inversa.

Dentro dos significados vencellados cos lugares, existen tamén clases. O apego ao lugar depende do significado de referencia. Malia que o símbolo poida ser igual para dúas persoas distintas, e aínda poidan estar de acordo en que Galicia é un paraíso natural, o que significa iso para cada unha delas pode ser distinto.(Stedman, 2003).

Nesta liña de pesquisa, outro psicólogo, Kahn (2011),introduce o termo de amnesia ambiental xeracional, e defínea como o proceso polo cal unha xeración toma como normal medio ambientalmente falando, aquela situación da natureza coa que conviviu na súa infancia. Na medida en que a degradación ambiental agrávase, cada xeración estaría tomando como punto de referencia unha situación ambientalmente cada vez peor, o que axuda a explicar a pasividade imperante diante de problemas ambientais. Fronte a isto, Kahn e Hasbach (2013), apostan nun traballo máis recente pola redescoberta do silvestre, do salvaxe, por facilita-lo acceso á poboación a outro medio ambiente cunha pegada humana menor e como xeito, din, de recupera- la memoria medioambiental.

A perspectiva do sentimento de lugar, cuantificable e ao tempo resultado da percepción subxectiva, advirte Stedman (1999), oriéntase cara a preservación de significados, cara a estabilidade das comunidades, e non cara unha perspectiva dinámica como a da resiliencia. Para asegurar, amais, ca maximización do benestar da poboación non xoga na contra da conservación dos recursos naturais e da calidade de vida de futuras xeracións, unha avaliación pormenorizada do benestar debera considera-lo sentimento de lugar xunto con outros indicadores, entre os que salientan os relativos á valoración da integridade ecolóxica.

Como na Ecoloxía, as comunidades con maior resiliencia e capacidade de resposta ao cambio social serán tamén aquelas que maior diversidade nos significados atribuídos aos lugares presenten (Stedman, 1999, p.769).A



diversidade neles, pode analizarse como unha medida de distribución do benestar social. A formación dos significados asignados aos lugares, responde a procesos culturais e sociais, cunha dimensión política. Estes veñen determinados polas diferentes posibilidades de acceso ao poder dos seus grupos sociais portadores. Como os significados atribuídos ao monte reflicten unha desigualdade de poder ou pola contra, unha distribución máis igualitaria entre actores sociais?


#### 4.1.14. *Cultura, identidade e paisaxe en Galicia: Integración ou non? Achegas dende a Antropoloxía Ambiental e Cultural*

"A nosa paisaxe está en perigo de extinción porque as nosas intrapaisaxes están en risco, a agricultura labrega está en risco e tantas persoas que aínda a sustentan facéndoa posible, tamén".(Freire, 2010, p.264) A homoxeneización da paisaxe ten unha vertente de homoxeneización cultural. Dicía Robert Riley, na obra clásica sobre o apego ao lugar (1992, p.15), que "a idea do apego á paisaxe como algo culturalmente determinado é, cronolóxicamente e evolucionariamente, un paso lóxico máis aló da universalidade biolóxica na medida en que a paisaxe mesma vese máis afectada e finalmente case totalmente creada, pola natureza humana"<sup>35</sup>.

Afirmaba o agora profesor emérito de Arquitectura da Paisaxe, que estas últimas podían entenderse como artefactos culturais: "unha base natural transformada ou moldeada pola tecnoloxía ou cultura dun grupo concreto".(Riley, 1992, p.16). Prognosticaba entón que os cambios culturais na sociedade das telecomunicacións farían progresivamente esvaece-la distinción entre paisaxe foránea e propia, á vez que convertería á poboación, cada vez máis, por unha banda en continuos turistas da paisaxe, e por outra en coleccionistas de paisaxes internas (Riley, 1992, p.30).

A paisaxe precisa dos elementos obxectivos da natureza para a súa formalización pero vai máis aló da mera representación ou descrición destes. Para que exista unha paisaxe que trascenda o que é simple imitación da natureza é necesario que se estableza unha corrente de simpatía entre os

<sup>35</sup> En inglés, no orixinal. Trad.propia.



elementos naturais e os homes que as contemplan. (Díaz-Fierros Viqueira, 2006, p. 241). A Antropoloxía Ambiental, pode axudarnos a coñecer mellor en que xeito os cambios nos usos do monte desvencellan á poboación do territorio así como a formular políticas que o revertan.

De acordo a Milton (1997), o modo no que a xente comprende o seu entorno se deriva da forma na que o usa e de como vive inmersa nel. A Antropoloxía Ambiental, disciplina que estuda as relacións entre seres humanos e natureza permite abordar modos de comprensión desta última e como estes cambian en función das persoas ou colectivos. Esta disciplina e os seus métodos ofrecen tamén vías alternativas ao achegarse ao:


(...) impacto que as actividades humanas producen na súa contorna e como este impacto pode modificarse para facelo menos prexudicial e máis tolerable. Neste contexto é importante saber non só que tipos de actividade humana danan o entorno e de que xeito o fan senón que tamén que tipo de actividades son inocuas ou incluso beneficiosas<sup>36</sup> (Milton, 1997, p.16)

A Antropoloxía Ambiental, nese senso, poder servir como ferramenta para entende-los coñecementos, valores, obxectivos e base ideolóxica que guía a actividade humana, e como a intensificación nas explotacións forestais en Galicia alteran esas relacións. Ao tempo que aporta un coñecemento significativo sobre os problemas ambientais concretos, a Antropoloxía pode axudar a buscar xeitos de vida sostibles nun nivel máis xeral. “O que a antropoloxía aporta mediante a súa análise da diversidade cultural é a comprensión da relación entre o modo no que a xente ve o mundo (a súa cultura) e o xeito no que actúan sobre el.”<sup>37</sup> (Milton, 1997, p.17).

Aplicado ao noso estudo de caso, o marco interpretativo da Antropoloxía suxire a probabilidade da convivencia de dous tipos culturais contrapostos. Por un lado un modelo de aproveitamento forestal integrado co medio ambiente onde natureza e cultura se entenden coma un continuo coincide máis a miúdo

<sup>36</sup>En inglés, no orixinal. Tradución propia.

<sup>37</sup>En inglés, no orixinal. Trad. propia.



segundo Dwyer, (1996) con cultivos de tipo extensivo onde a xente se implica e recoñece a contorna. Favorece, como vimos, un modelo de desenvolvemento rural baseado no endógeno. Pola contra, un modelo que separa mundo humano e non humano soe coincidir con explotacións intensivas que crean espazos baleiros e que resultan descoñecidos.


A traxedia provocada pola agricultura industrial non só ten que ver coa contaminación xerada polos agroquímicos que utiliza, a radical transformación dos hábitats orixinais convertidos en «pisos de fábrica», polos monótonos cultivos dunha soa especie, pola dilapidación de auga, chans e enerxía, pola erosión da diversidade xenética a consecuencia do uso dunhas cantas variedades melloradas, polo incremento do risco a causa dos organismos transxénicos, ou pola xeración de alimentos perigosos e insáns; tamén se distingue por un impacto cultural de incalculables consecuencias: a destrución da memoria tradicional representada polos saberes acumulados durante polo menos 10.000 anos de interacción entre a sociedade humana e a natureza.<sup>38</sup>(Toledo, 2005, p.16).

A Teoría Cultural, inaugurouse dentro da Antropoloxía da man do estudo de Mary Douglas sobre a profanación cultural a finais dos 60, que concluíu que diante agresións externas, os grupos tenden a xerar respostas que manteñen o grupo unido. O interese da Teoría Cultural na comprensión dos impactos ante cambios nos medios de vida da poboación, como a da eucaliptización, é, segundo os mesmos autores a posibilidade que ofrece para entende-las reaccións no contexto máis amplo das cosmovisións dos individuos. Trátase dunha visión holística. Isto permite afondar nas crenzas e opinións dos individuos. (Meader, Uzzell & Gatersleben, 2006).

Posteriores traballos aplicaron a análise da Teoría Cultural ao ámbito ambiental e teorizaron sobre a existencia de catro cosmovisións diferenciadas sobre a

---

<sup>38</sup>En castelán, no orixinal. Trad.propia.



natureza, ou mitos da natureza, correlacionados con distintos tipos de comportamentos e percepcións culturais e económicas. Os catro tipos culturais, serían o igualitarismo, o individualismo, a xerarquía e o fatalismo. Estes catro, están ao tempo correlacionados con tres categorías de valores fundamentais que predín en distintas medidas os comportamentos pro-ambientais: os biosféricos, sociais e egoístas. As persoas con maior carga nos valores biosféricos, actuarán proambientalmente en función das consecuencias das súas accións sobre o ecosistema ou biosfera. No caso de ter maior relevancia os valores sociais, a persoa adoptará unha conduta pro-ambiental considerando sobre todo os efectos desta sobre outras persoas. Por último, para as persoas nas que os valores egoístas son máis relevantes, as condutas pro-ambientais explicaranse porque os beneficios percibidos dela superan os custes persoais da mesma (Stern, 2000).

O traballo empírico de Meader et al.(2006) aplicou o esquema da Teoría Cultural para avalialas distintas actitudes respecto do uso dos coches privados nunha rexión relativamente rica de Inglaterra. Os resultados probaron por unha banda que as visións xerárquicas estaban a un tempo asociadas cos valores biosféricos e egoístas. Os beneficios do uso privado do coche recoñecíanse e o mesmo entendíanse como naturais, pero limitábase a un certo punto de carga da natureza. Os fatalistas non mostraban ningunha preocupación pola biosfera, e recoñecían os efectos sociais do uso privado do coche sen salientar os valores egoístas nas súas respostas. Por outra, demostraron que os igualitaristas outorgábanlle maior peso aos valores biosféricos, salientando as consecuencias sobre a biosfera provocadas polo uso do coche e cun menor peso nos efectos sobre outras persoas, as sociais. Por último, os individualistas, sostiñan na meirande parte dos casos unha visión positiva sobre o uso dos coches ao tempo que rexeitaban as consecuencias sociais e sobre a biosfera dos mesmos.

As persoas acollidas no tipo igualitario, tiñan maior probabilidade de ter un comportamento proambiental e amosaban apego aos seus grupos e aos lugares. O contrario acontecía no caso dos individualistas, que opinaban que o mercado e a tecnoloxía resolverían calquera necesidade á poboación no caso

dunha ameaza ambiental. As visións sobre a natureza e a economía, foron demostradas como as que mellor predicían diferenzas respecto ás actitudes. Os tipos individualista e xerárquico, presentaban actitudes contrarias ao coidado do medio ambiente. Os fatalistas e igualitaristas, salientaban polas súas actitudes pro-ambientais. Do mesmo xeito que as actitudes pro-ambientais se constrúen en relación coas visións sobre a cultura, economía e medio ambiente, os motivos e contidos duns e outros tipos para soste-la mesma actitude eran diferentes. Os autores demostraban con isto que o cambio nas actitudes, e sobre todo no comportamento a longo prazo, precisa dun cambio integral nas cosmovisións, incluíndo as tres dimensións consideradas. (Meader et al., 2006, p.68).

Con todo, o esquema de análise da Antropoloxía, integrada na metodoloxía deste traballo, permitíranos entender como a desexabilidade social do coidado da natureza e o apego simbólico á mesma, moitas veces expresado como parte da idiosincrasia e identidade galegas, coexiste coa desprotección e realidade material do monte e natureza galegas, para o que se asigna cada vez máis un uso industrial ligado á actividade madeireira e do que amplas capas da poboación viven totalmente illadas, malia verse afectados por elas.

#### *4.1.15. Participación política e futuro do rural. Achegas dende as Ciencias Políticas.*

Como o aproveitamento do monte pode axudar a manter un rural vivo? "O monte debe ser rendible para que os seus propietarios se impliquen na súa defensa" ou "...cómpre que os problemas sobre o monte sexan prezados como problemas públicos e non políticos" concluía o Informe "Por unha nova cultura forestal fronte aos incendios" (Díaz-Fierros, Balboa López & Barreiro Rivas, 2007, p.15). Nunha resposta a preguntas semellantes, organizábase en Lalín un curso da Universidade Internacional Menéndez Pelayo no 2012. Os debates que tiveron lugar durante o mesmo, recollidos nun libro (Rodríguez González, 2012), partían da visión do rural como un elo fundamental de Galicia, ancorado no imaxinario colectivo (malia que non necesariamente realista,

como vimos). As perspectivas máis pesimistas reflectidas no volume vaticinaban un colapso do rural galego, no cal grandes intervencións sobre o mesmo por parte da poboación urbana acontecerían e as cales irían en detrimento das funcións definitorias do medio rural: a ecolóxica e paisaxística (Barreiro Rivas & Blanco Casais, 2012, p.33).

Recoñecían outros (Bello Bello, 2012, p.61), en condición de representantes do sector gandeiro galego, a existencia dunha polarización conflitiva sobre os usos da terra e o papel da natureza a resolver: entre propietarios agrarios e gandeiros, responsables históricos e efectivos da conservación do medio ambiente; e ecoloxistas, volcados no proteccionismo da natureza.

Tamén se mencionaba a necesidade de diversificar a base económica dos territorios rurais para mellorar as oportunidades e renda dispoñible da súa poboación. Para facelo, López Iglesias (2012, p.136) salientaba o potencial especial da agricultura e sector forestal, actividades aínda imprantadas de xeito importante en concellos rurais e cuxa diversificación podería ter un efecto arrastre sobre toda a cadea agroalimentaria. De acontecer, impulsaría a instalación de actividades complementarias e de transformación, outras relacionadas co lecer e turismo e sobre todo axudaría á xestión do territorio. Nesta diversificación produtiva debéra ademais terse en conta segundo o autor que cada vez máis, propietarios de terras, residentes no rural e persoas ou empresas interesadas na explotación económica das terras ou recursos van coincidir menos.

Diante desta complexización do medio rural na Galicia actual, na cal o monte terá un papel protagonista, non caben solucións homoxéneas. Cada territorio debe buscar ás súas fórmulas en base aos seus recursos e posibilidades e tendo, de acordo a López Iglesias (2012, p.137), en conta actividades, axentes locais fronte foráneos, consecuencias sobre a poboación local e o papel do sector público. O capital social e o desenvolvemento de sentimento de comunidade, son elementos claves, segundo demostra a literatura, para que esa posibilidade de invasión do urbano sobre o rural non aconteza, para que o rural poida manter a súa idiosincrasia e non converterse nunha extensión das cidades.

Relacionado con isto e dentro das Ciencias Políticas, Robert Putnam é considerado o referente na materia do capital social. Na súa obra "Making Democracy Work" publicada no 1993, asociábanse distintos niveis de desenvolvemento entre Italia do Norte e do Sur aos distintos niveis de capital social, o termo, ficou instalado nas Ciencias Sociais. Dende entón, a análise tense actualizado moito e enténdese capital social como "as normas, redes e confianza mútua da sociedade civil que facilitan a acción cooperativa entre cidadáns e institucións"<sup>39</sup> (Perkins et al., 2002 en Mihaylov & Perkins, 2014, p.68).


A existencia de capital social, considérase tamén condición necesaria para a mobilización de recursos endóxeos e nese senso un dos obxectivos que frecuentemente se inclúen nos Plans de Desenvolvemento Local. De acordo ás Teorías da Acción Colectiva, dende as máis clásicas con Hardin e Olson a outras máis recentes, como as de Tarrow e Donatella della Porta, a identificación intra-grupo (que antes denominamos sentimento de comunidade) e a confianza, son variables fundamentais que explican o cambio social, ou noutras palabras, a introdución de innovacións.

Os procesos participativos integrados en moitos plans de desenvolvemento buscan fomentar a cohesión grupal e asegurar deste xeito a sustentabilidade, lexitimidade e axuste ás necesidades locais das medidas deseñadas. Máis aló disto, "o compromiso público nos asuntos comunitarios, é máis ca un medio para acadar o apoio para causas e proxectos, é un fin en si mesmo. As comunidades son máis fortes cando teñen unha cidadanía forte e comprometida"<sup>40</sup> (Hummel & Ruitiña, 2000, p.44). A creación de comunidade, para estes autores é tamén creación de habitabilidade, de capacidade de resposta e respecto mútuo ante ameazas ou diferenzas de expectativas.

---

<sup>39</sup> En castelán, no orixinal. Trad.propia.

<sup>40</sup> En castelán, no orixinal. Trad.propia.




Nesta liña, as investigacións no eido da Enxeñaría Forestal de Alvarez e Field (2009) corroboran que “un ordenamento de terras que pretenda (...) o desenvolvemento das comunidades rurais asentadas debera procurar que sexan proporcionados ao que é comprensible e dominable polas xentes destas comunidades e que favorezan a súa integración e participación nos proxectos e poidan elas mesmas exercer-lo control dos seus recursos e do seu desenvolvemento”<sup>41</sup>(p.194).

Como tentamos demostrar nos anteriores epígrafes, o fomento do monocultivo do eucalipto e unha estrutura piramidal na industria, os usos e capacidade de decisión efectiva da poboación local sobre a explotación do monte diminúen. A dualidade entre cultura e natureza resolverase nestes casos coa idea de que o a supervivencia da primeira está condicionada á subxugación da segunda. Os eucaliptais e a homoxeneización da paisaxe en Galicia froito da falta de xestión forestal, estaría creando non lugares e favorecendo a desnaturalización ou baleirado de riqueza do rural; da súa condición de patrimonio. E afastándonos dunha simbiose entre cultura e valores da poboación e os modos de aproveitamento do monte posibles.

Fronte a esta idea, varias son as voces (López Iglesias, 2012; Leiceaga et al. 2006) que veñen alertando de que o discurso da diversificación produtiva do rural está sesgado. Este faise beneficiando sectores cuxa demanda provén fundamentalmente de capas urbanas: os sociais e ecolóxicos. Ten o discurso sobre a diversificación unha función colonizadora? Como podemos liberar este discurso desa carga e asegurar que beneficie e responda aos intereses dunha ampla maioría social? O deseño participativo dos plans de desenvolvemento local dos territorios pode funcionar como seguro contra o sesgo e ao tempo fomenta-la cohesión e axudar resolver conflitos e polarizacións ecoloxistas-labregos/as que están hoxe presentes no rural galego.

---

<sup>41</sup> En inglés, no orixinal. Trad.propia.



Outras propostas, céntranse na revitalización do feito diferencial galego, da súa identidade. Para facelo, o politólogo Xaime Subiela (2013) aposta polo que chama reconstruí-la nación de Galicia, entendéndoa como un ben común a galegos e galegas e que como tal debe beneficiar aos intereses desa ampla maioría social: pretende-lo seu benestar. A identidade, segundo explica, é un centro de gravidade narrativo, "que emerxe no proceso de actuar e narrar a nosa historia ". (Subiela, 2013, p.41). Trátase dunha construción que como tal, pode modificarse.

Nun tempo de homoxeneización cultural e no que a prevalencia da identidade galega entre a súa poboación perde peso, Subiela propón actualizala e facer da nosa identidade, baseada no patrimonio cultural, un proxecto. O punto de partida será integrar nela a idea de soberanía cidadá, de xeito que algo intrínseco a nosa definición conxunta como comunidade sexa a de facer aos individuos cada vez máis protagonistas dos seus destinos, de que na liña da definición de desenvolvemento humano do PNUD "as opcións da xente para que esta faga e sexa o que valora na vida, aumenten". (Subiela, 2013, p.49). Esta proposta é contraria ás funcións de dominación que se deducen en certos mitos xeneralizados sobre Galicia como o da paisaxe virxe, o da terra sen historia, pobo manso e doce ou o atraso do rural. O efecto deles é o de prefigurarun inmovilismo na poboación. Teríanse estes creados como apoio simbólico de certas transformacións estruturais que aconteceron en Galicia ao longo da historia, como o do desarrollismo (Murado,2012; Dubert,2016; Miguélez Carballeira;2014).

Estamos nun bon momento para lanzar un proxecto renovado de suxeito colectivo galego? Citando a Máiz, expón Subiela (2013, p.77) que para que unha nación como suxeito colectivo agrome, precisa dunhas características étnico-culturais diferenciais, outras socioeconómicas, unha estrutura de oportunidade política e mobilización social. Logo dun repaso as condicións existentes, afirma Subiela que a crecente individualización, a existencia de poderes autonómicos e o énfase no valor da autonomía humana froito do tránsito cara o posmodernismo fan o contexto perfecto para que un proxecto de

busca dun sentido de comunidade poida ter éxito. Fronte á anomia e desarraigamento da poboación na actualidade, afirma Subiela, o mellor remedio é "(...) non reter as tradicionais comunidades de necesidade, senón (re)construír novas comunidades de afinidade electiva..." (2013, p.102). Un afecto activo, a autoestima reivindicada historicamente polo galeguismo, conclúe o autor, aumenta a potencia de actuar. Nese proceso, o tradicional é o telón de fondo dende o que construír unha modernidade endóxena.

Nesta lóxica, o modelo de democracia a reivindicar en Galicia debera ser, segundo Subiela un modelo de democracia para o autogoberno e benestar, unha democracia en conexión con outros territorios, da multitude e en código aberto "...cuxa constitución e cuxa acción non se fundan na identidade nin na unidade, senón no que hai en común" ( Hardt & Negri, 2004 en Subiela, 2013, pp.169-170).

O lugar é nesa análise a base material da democracia, o marco onde a democracia cristaliza. Como repasamos, a Psicoloxía Social e Ambiental demostran que un maior vencello cos lugares asóciase con maior satisfacción vital, mellor capital social e unha superior capacidade de adaptación xeneralizada do individuo ( Lewicka, 2014, p.51). Cohesión social e sentimento de comunidade é unha das variables fundamentais do benestar. O sentimento de lugar, como vimos, pode entenderse como unha dimensión do capital social en canto favorece a percepción de eficacia colectiva e persoal (empoderamento), o xurdimento de relacións comunitarias, ou apego comunitario, a axuda informal entre veciños e a participación política en xeral (Mihaylov & Perkins, 2014, p.69). O sentimento de lugar pode entenderse en consecuencia como unha vía para asegurarnos que o noso futuro é o da democracia da multitude e non a da democracia sobre outros.

Nun contexto no que se acepta cada vez máis que un dos maiores retos do noso tempo é o de buscar xeitos de transición cara á sustentabilidade, o debate sobre a gobernabilidade deses procesos e as implicacións morais que as escollas que fagamos sobre eses procesos levan asociadas, explican a emerxencia de novas ciencias interdisciplinares, nas que este traballo se

enmarca (Kasemir, Jaeger & Jäger, 2003, p.3). Formas participativas ou deliberativas de democracia son asociadas a unha distribución maior dos centros de poder e maior equidade e benestar nesas sociedades cara ás que nos movemos.


A natureza da gobernanza, entón, non só modela como a poboación percebe e xulga o cambio climático. Tamén determina a aceptabilidade das políticas e comportamentos como consumidores desas sociedades. En resumo, existe un nexo intrínseco entre as formas de gobernanza, comportamento humano e moralidade que se combinan para crear-los climas do futuro<sup>42</sup>. (Stoll-Kleeman, O'Riordan & Burns, 2003, p.240).

As metodoloxías e formas participativas de democracia favorecen a creación de interpretacións orixinais e conxuntos coherentes e compartidos de ideas entre a poboación sobre as consecuencias dunhas escollas ou outras neses procesos de transición. En suma, a implicación da poboación nos asuntos comúns permite o desenvolvemento dun marco moral a nivel social que sirva como fórmula para acadar consensos sobre como facer fronte aos retos comúns e individuais aos que nos enfronta o cambio climático e o reto da sustentabilidade.

Os procesos de apropiación dos lugares, como perspectiva de investigación-acción, busca refunda-los vencellos da poboación co territorio, o seu sentimento de lugar, como un xeito de empodera-las comunidades para a sustentabilidade (Vidal Moranta & Pol Urrútia, 2005, p.295). Esta perspectiva, malia que aínda minoritaria, comeza a aplicarse na planificación urbana con moi bos resultados arredor da creación de parques patrimoniais, como vía para a cohesión dos recursos culturais a partires dunha idea-forza territorial e que ademais de dinamiza-lo desenvolvemento económico, reforza a autoestima da poboación, ao fomentar o seu autocoñecemento (Sabaté, 2004).

---

<sup>42</sup> En inglés, no orixinal. Tradución propia.



## 4.2. Análise empírica

A continuación presentamos os resultados da parte empírica do Traballo Final de Mestrado 12, que consistiu na realización, transcripción, codificación e análise de 10 entrevistas en profundidade semiestruturadas.

Antes que nada, cómpre salientar que a hipótese de partida coa que hai agora case un ano comezaba este traballo era falsa, como demostraremos no apartado de resultados. Á pregunta sobre por que a poboación aceptaba a eucaliptización e homoxeneización da paisaxe nos montes, a resposta era entón: "porque perdeu os vencillos con ela, porque non está apegada aos lugares". Só logo da revisión de literatura, cuxas principais achegas reproducimos nos apartados de enriba, esta resposta complexizouse e demostrou que a anterior era falsa. Aínda así, unha das preguntas de investigación que o traballo tentará respostar nos seguintes apartados ten que ver directamente con esa hipótese refutada: hai un desprezo pola terra?

A seguir introduciremos primeiro a metodoloxía empregada. Pasaremos logo a revisar as hipóteses manexadas e poñerémolas en relación ás preguntas de investigación e obxectivos do TFM-12. Xustificaremos a continuación a escolla da Mariña lucense como caso de estudo e por último, describiremos brevemente como foi o traballo de campo e os perfís dos e das entrevistadas.

### 4.2.1. Metodoloxía.

A investigación presentada ten sido elaborada por medio de **técnicas cualitativas de investigación**: 10 entrevistas foron realizadas a persoas de entre 45 e 90 anos residentes na Mariña lucense. Malia que orixinalmente o Plan de Investigación incluía tamén a realización de dous grupos de discusión, a limitación do tempo dispoñible para o traballo de campo e dificultades no reclutamento das persoas entrevistadas, obrigou a excluílos do mesmo.

O emprego deste tipo de técnicas responde ao obxectivo de obter sobre todo información exhaustiva e en primeira persoa da cosmovisión (conxunto de explicacións causais aproximadas) sobre a relación co medio ambiente, nas zonas arboradas da Mariña Lucense e como as mudanzas na paisaxe forestal afectan ás mesmas.

En base a isto, escollimos como instrumento a realización de 10 entrevistas en profundidade semi-estruturadas. Por unha banda, o obxectivo específico das entrevistas, é recolle-la diversidade de perspectivas e experiencias vitais relacionadas co monte pre e post-políticas industriais de forestación. Este tipo de técnicas e deseños para a recollida de datos teñen sido aplicadas extensamente na literatura especializada (Brehm, 2007;Hidalgo e Hernández, 2001;Twigger Ross e Uzzell, 1996

A dinámica das entrevistas foi semilibre, tratáronse as diferentes temáticas sen seguir un orde estricto e sempre dando discrecionalidade á entrevistada para levar o fío das explicacións.

Todas as entrevistas foron gravadas en audio, transcritas empregando un programa de recoñecemento de voz e codificadas manualmente para a súa posterior análise. Seguindo a perspectiva da Grounded Theory (Denzin & Lincoln, 1998), a análise dos datos realizouse por fases combinando estratexias inductivas así como deductivas. O obxectivo desta aproximación epistemolóxica de acordo a Carla Willig (2008) é a xeración de teorías e relacións causais axustadas ao terreo, ao caso de estudo, que emerxen directamente dos datos dispoñibles ó investigador/a e que aseguran que a diversidade nos resultados é respectada e aproveitada.

Nun primeiro nivel de elaboración, as transcripcións foron analizadas na busca de códigos ou puntos clave. Estes foron agrupados por similitude formando conceptos máis amplos, que á súa vez foron fusionados en categorías. En todo momento, tentouse mante-lo grao de interpretación no nivel máis próximo ao

propio discurso das entrevistadas e aplicouse unha análise comparativa coas categorías sinaladas como significativas pola literatura e a través das distintas fases do traballo de campo. Como fase final, as categorías saíntes foron organizadas para desenvolver explicacións coherentes e contrastadas co marco teórico xa incluído no estado da arte.

Por un lado a análise dos datos centrouse en buscar patróns e polo outro, e seguindo a metodoloxía da Grounded Theory, recurriuse á análise negativa de casos co obxectivo de prestar especial atención a aqueles datos que non poden ser facilmente encaixables dentro das categorías creadas, dando a posibilidade para problematiza-los resultados do traballo de campo e para engadir complexidade ás teorías e explicacións causais principais que se achegan para a resolución das preguntas de investigación.

A versión da Grounded Theory que aplicaremos no seguinte epígrafe será a abreviada (Willig, 2008), xa que os datos dispoñibles inicialmente serán os únicos que empregaremos para a análise e non haberá fases do traballo de campo máis diferenciadas.

De acordo á literatura sobre apego ao lugar (Stedman, 2002), a aproximación por estudos de caso é a máis axeitada se pretendemos achegarnos a sistemas de crenzas e significados. Como temos visto en epígrafes anteriores, o sentimento de lugar, o noso obxecto de estudo, é un tipo de identificación que vén provocada por múltiples causas e que se enmarca dentro dun contexto social, territorial e temporal determinado.

Por iso, como paso previo á sección de presentación dos resultados empíricos, o lector topará unha breve análise dos treitos sociolóxicos, económicos, históricos, culturais e medioambientais que definen a Mariña lucense. Esta sección, a número 4.2.3, servirá para enmarca-la análise posterior e servirá como xustificación da selección da área como estudo de caso.

Para controla-la posibilidade de sesga-los resultados ao escoller como casos lugares cuxos usos son pouco variados e xa advertido na literatura

(Stedman,2003) sobre o sentimento de lugar,centrámonos nos montes da Mariña e buscamos diversidade entre as persoas entrevistadas, que realizan actividades distintas no monte na Mariña lucense.

Como xa abordamos, estudos académicos recentes teñen apuntado que certos procesos persoais como o sentimento de lugar son difícilmente racionalizables e nese senso captables polos instrumentos de pesquisa. Malia que a literatura vén suxerindo que en moitas ocasións o individuo é inconsciente do sentimento do lugar e só o expresa conscientemente no momento en que hai unha interrupción, ameaza ou se toma distancia respecto do mesmo, (Brehm, 2007), a maior parte da literatura, sen embargo, emprega como informantes persoas que residen no lugar ao que o seu sentimento de pertenza se refire e que non teñen experimentado interrupcións significativas na súa residencia.

Malia non supoñer excesiva dificultade a priori atopar este tipo de perfil na zona de estudo polos cambios bruscos na paisaxe documentados dende os anos 60 até hoxe, a fase de preselección das persoas entrevistadas foi imprescindible para asegurar homoxeneidade respecto dos criterios de selección e realizáronse por contacto directo ou por comprobación mediante chamada telefónica coas persoas a entrevistar entre 1 e 2 semanas antes de realizares a entrevista. (entre o 15 e 30 de Xullo de 2016).

Para axiliza-la fase de preselección e co obxectivo de obte-la máxima diversidade posible dentro do perfil de informante buscado, empregamos a técnica da bola de neve e pedimos ás entrevistadas que nos suxerisen unha ou dúas persoas máis a quen poder tamén convidar a participar como informantes. Estes contactos, foron empregados na súa meirande parte para os obxectivos deste traballo e nos casos nos que non puido facerse por limitacións temporais, foi rexistrada con miras a ser empregada como punto de partida para traballos a realizar no futuro.

Durante a preselección tentamos ademais asegurarnos que as persoas entrevistadas eran recoñecidas nas súas contornas locais como expertas ou boas coñecedoras do monte. Contactouse sobre todo con persoas que foran

recomendadas en máis dunha ocasión. Os resultados disto foron, entre outros, que as entrevistas concentráronse nunhas áreas xeográficas determinadas.


A cota de xénero nas e nos entrevistados foi tamén tida en conta, ao ser este un factor determinante no sentimento de lugar segundo ten demostrado a literatura. Malia isto, a nosa mostra non é paritaria. Só tres das dez entrevistas realizadas foron con mulleres.

Outro preditor do sentimento de lugar é a idade das persoas, (Hidalgo e Hernández, 2001). A maior idade, maior probabilidade de desenvolver sentimento de lugar. Por iso, para minimiza-lo efecto que esta variable poida ter sobre as persoas entrevistadas, escollimos persoas que se socializaran entre o final da posguerra (50's - 60's) e a etapa de desarrollismo franquista (1960-1972) e que corresponde aos nados nun período de entre 25 e 30 anos de diferenza.

Malia que dende Mandheim (1923) a validez empírica do concepto xeración é protagonista dun vívido debate sen resolver na Socioloxía, a maioría de autores (Pilcher, 1994) están de acordo en que as persoas nadas dentro dun período temporal correspondente a unha xeración comparten unha estrutura socio-histórica común que afecta ao seu coñecemento e percepcións; á súa cosmovisión. Para controlar tamén o efecto xeracional sobre os niveis de sentimento de lugar e asegurarnos que estas persoas poden data-los cambios na paisaxe da Mariña escollimos para o traballo de campo persoas de entre 45 e 80 anos, preferiblemente de entre 50 e 75 anos. Só nun caso a persoa entrevistada tiña menos de 50 anos.

#### 4.2.2. *Contraste empírico.*

Ao longo do traballo, e como xa anunciamos na introdución, afondamos sobre como os cambios na paisaxe forestal galega teñen afectado ao sentimento de lugar.




O noso **obxecto de estudo** será a aceptación xeralizada e en consecuencia a falta de comportamentos contestatarios a grande escala en Galicia en reacción ao estado do monte e o uso medrante do mesmo para a produción forestal con especies de crecemento rápido. En resumo, a aceptación da eucaliptización.

Para cumprir con este obxectivo, escollimos como **variable explicativa** desa inmovilismo respecto da eucaliptización o concepto de sentimento de lugar. O sentimento de lugar ten sido demostrado pola investigación empírica como un predictor sólido do comportamento pro-ambiental. Así, ao achegarnos ao sentimento de lugar en relación á forestación do monte, aos cambios percibidos no mesmo ao longo do tempo así como as variacións atopadas entre diferentes persoas, achegarémonos ao conxunto de explicacións causais que explican o inmovilismo da poboación respecto do mesmo, e a súa evolución percibida. O interese engadido de achegarnos aos comportamentos políticos da poboación vía exploración do sentimento de lugar, é que este concepto é fundamental para o benestar das comunidades e persoas a nivel individual; tanto nun plano estático (calidade de vida) como dinámico (resiliencia ou capacidade de adaptación a posibles cambios futuros).

A definición de causalidade que empregaremos será a mínima, formulada por Gerring (2001, 2005, en Lago Peñas, 2009, p.3.) segundo a cal "as "causas" son factores que incrementan as probabilidades (previas) de que suceda un acontecemento ou, máis formalmente, X pode ser considerado causa de Y se (e só se) eleva a probabilidade de que Y ocorra. Respecto do noso obxecto de estudo, o sentimento de lugar aumenta a probabilidade de que un comportamento proambiental (contrario á eucaliptización) aconteza, tal e como ten suxerido a literatura sobre o tema e como contrastaremos a través do traballo empírico.

Para o esclarecemento deses mecanismos causais guiarémonos polas seguintes preguntas de investigación:

1. Por que se acepta en Galicia o estado do monte e a eucaliptización?
2. Hai un desprezo pola terra e as actividades relacionadas co monte?




3. Ten cambiado a relación das persoas co monte como resultado da eucaliptización?
4. Que papel xoga o lugar como factor de identificación? Está perdendo peso relativo fronte a outros factores?
5. Que tipo de xestión dos recursos forestais axudaría a dinamizar o rural en Galicia?

Relacionado co anterior, os obxectivos deste Traballo Final de Mestrado, que buscamos resolver tanto na análise teórica como na empírica, e sobre os que volveremos nas conclusións, son:

1. Avalia-la contribución do modelo forestal e a cadea forestal-madeira ao benestar nun senso amplo de Galicia na actualidade.
2. Analiza-los efectos que os principais cambios no monte en Galicia teñen sobre o sentimento de lugar das persoas e as repercusións para a sustentabilidade futura das comunidades.
3. Tantexa-las posibilidades de cambio cara un modelo de aproveitamento e uso dos recursos forestais compatibles co desenvolvemento local e rural sostible en Galicia. Para o cumprimento destes obxectivos e tentar dar resposta aos interrogantes enriba descritos, a parte empírica do traballo que presentamos nas páxinas que seguen foi elaborada mediante técnicas de investigación cualitativa.

Dúas hipóteses foron enunciadas seguindo o traballo de Stedman (2002), e logo contrastadas coa análise empírica, que tentan ofrecer unha explicación aos posicionamentos en Galicia respecto do estado do monte:

- **H1:** As persoas que dan apoio ao monocultivo forestal mostran un apego elevado ao territorio e unha satisfacción elevada respecto da situación do monte.



- **H2:** As persoas posicionadas contra o monocultivo forestal ou ben teñen un apego alto e unha satisfacción baixa/ ou ben se sinten persoalmente ameazadas polo cultivo do eucalipto.

Na elaboración do guión para as entrevistas en profundidade tivéronse en conta aqueles factores que afectan directamente ao desenvolvemento de sentimento de lugar e que a literatura ten apuntado como significativos. Así, as categorías de análise previa e a súa correspondencia coas preguntas incluídas no guión da entrevista (dispoñibles no Anexo 1) foron:

1. **Historia de vida.** En que medida o estado do monte e a súa evolución é percibida como un feito significativo da vida da persoa entrevistada. Vencellos da persoa co monte. Nos fixaremos sobre todo nas referencias aos vencellos co monte na infancia, que a literatura sinala como determinante.

Empregaremos a información da pregunta 3, sobre traxectoria vital: ("Se lle pregunto que significa para vostede o monte da Mariña, que é o primeiro que lle vén á mente?").

2. **Crenzas avaliativas sobre a natureza e o monte na Mariña lucense.**

Percepcións, significados simbólicos atribuídos ao monte sobre os que o sentimento de lugar (apego ao lugar e satisfacción) se sustenta. Debullaremos o papel do apego comunitario. Tentaremos ver de que xeito as respostas se amoldan aos catro tipos culturais descritos no apartado 4.1.7: igualitarismo, individualismo, xerarquía e fatalismo. Fixarémonos na diversidade de significados atribuídos ao monte, asociada a unha maior resiliencia tal e como describimos no apartado 4.1.6. Veremos en que medida a aceptación dos cambios nos lugares varía en función da compatibilidade destes cos seus significados simbólicos, culturais, históricos ou funcionais.

Para facelo, a información obtida das preguntas 4 ("Como definiría a paisaxe da Mariña e a situación dos seus bosques e masas forestais?", 5 ("Cales diría que son os principais cambios que ten sufrido o monte na Mariña nos últimos 60 anos e como iso afecta á poboación?") e 6 ("Que significaba o monte antes para as persoas e que significa agora? Se cambiou, por que o fixo?") será de especial relevancia.

- 3. Apego ao lugar e identidade.** Como o estado do monte e os atributos da paisaxe se integran ou non explícitamente na autodefinición e identificación das persoas e grupos. Analizaremos como os distintos significados cumpren as funcións de dar continuidade, autoestima, autoeficacia e distinción ás entrevistadas como revisamos no apartado 4.1.4. Atenderemos ao tipo de apego que se deduce das entrevistas: un tipo de apego tradicional (como raíces) fronte a outro máis activo (como rutas) e ao peso dos vencellos coa comunidade nese apego, que se revisaron no 4.1.5. Veremos tamén que tipo de memoria é evocada ao referirse á importancia dos lugares na propia definición: memoria procedimental (autobiográfica) ou memoria declarativa (consciente, centrada no interese pola historia dos lugares).

Usaremos para isto as respostas á pregunta 2, ("Como te definirías a ti mesmo/a?"),

- 4. Satisfacción co lugar, unha atitude.** Posicionamento sostido no tempo sobre como unha contorna espacial (o estado do monte) favorece ou supón unha barreira para a satisfacción de necesidades e anhelos persoais. De especial atención son as interaccións con outras persoas que dito espazo favorece ou non. A literatura ten demostrado que as actitudes non son boas predictoras do comportamento pro-ambiental, pero si os valores. Centrarémonos en analizar que necesidades principais está cubrendo o monte segundo os nosos e nosas entrevistadas. Fixarémonos nos diferentes tipos de valores nos que o apego se fundamenta: sociais, biosféricos ou egoístas e que como vimos no apartado 4.1.7 están relacionados con diferentes probabilidades de comportamento pro-ambiental.

Analizaremos especialmente ás respostas á pregunta 5 ("Cales diría que son os principais cambios que ten sufrido o monte na Mariña nos últimos 60 anos e como iso afecta á poboación?") e á 7 ("Como cres que o estado das masas forestais contribúe ao benestar da poboación da Mariña? Pensas que todo o mundo o ve así?").

**5. Atitudes e Probabilidade de comportamento proambiental.** Intencións de comportamento para a protección da contorna no caso de que os significados asociados ao monte para as persoas se vexan ameazados. Cando un espazo co que nos identificamos é percibido como ameazado, hai máis probabilidade de comportamento proambiental.

Empregaremos sobre todo información obtida da pregunta 8 ("Se puideras cambiar algo respecto da situación do monte na Mariña, que sería e por que?").

**Expectativas futuras e eficacia.** Percepcións sobre as posibilidades de cambio futuro e axencia para facelo, fronte a perspectiva dunha situación máis sostible do monte no ano 2040. As respostas a esta cuestión buscaban máis que nada indagar nas expectativas de cambio respecto da situación do monte, na franxa temporal que os Estudos das Transicións (Quist & Pesch, 2015) consideran a máxima que unha persoa media pode chegar a imaxinar con graos de certeza elevados baseándose no seu presente. Asemade, pretendíase un achegamento ao concepto de benestar das entrevistadas, que se ben pode entenderse subsumido noutras das cuestións empregadas, cumpría agora a función de busca de consistencia nas respostas e axudábanos á conseguir fiabilidade nos resultados.

Usaremos especialmente información das cuestións 8 ("Se puideras cambiar algo respecto da situación do monte na Mariña, que sería e por que? Que faría falla para cambialo?") e 9 ("Que cambios terían que

darse no monte para que no 2040 puideramos ter un monte na Mariña que contribuíse no mellor dos xeitos ao benestar da poboación").


#### 4.2.3. O caso de estudo: A Mariña lucense.

Preto da metade dos habitantes da Mariña lucense ten algunha propiedade con eucaliptos<sup>43</sup>. A Mariña é ademais, un dos territorios onde a repoboación con eucalipto foi máis acusada no contexto galego, cun claro predominio destas masas arbóreas en todo o territorio como uso principal do solo, tal e como reflicte o Mapa dos distritos forestais e os principais usos do chan, no Anexo 3, e que é acorde ás análises sobre principais cambios nos usos do chan por parroquias de Corbelle & Crecente (2014).

En 2013, Miramontes Carballada & Alonso Logroño (p.174) afirmaban que a Mariña Lucense era a zona de Galicia onde as masas de eucalipto eran máis densas e puras, pero tamén onde estaban localizadas as árbores de maiores dimensións e máis antigas de Galicia. Malia que non temos acceso aos datos comarcais, a provincia de Lugo foi onde máis aumentaron as superficies forestais e arboradas entre o 1998 e 2009, o período correspondente ao Inventario Forestal Nacional 3 e 4. (MAGRAMA, 2011). En consecuencia, a escolla da Mariña lucense como área para a realización do traballo de campo debeuse ao especialmente intenso proceso de cambio paisaxístico da área debido á influencia da fábrica pasteira na veciña Navia e pola importancia da cadea forestal madeira no seu conxunto.


---

<sup>43</sup>Cuba (17 de Maio de 2016). La Voz de Galicia.



Tamén característico, a zona da Mariña lucense é unha das áreas que historicamente rexistra menos incendios forestais e en 2011 (PLADIGA) era o único distrito forestal galego que non tiña áreas catalogadas como Zonas con Alto Risco de Incendio. A climatoloxía e a produtividade da terra<sup>44</sup>, son varias das causas máis comúnmente esgrimidas. Os datos do IGE sobre incendios forestais avalan este argumento e amosan que entre 2007 a 2014, A Mariña Lucense foi o Distrito Forestal onde menos incendios forestais houbo, como amosa a Figura 7, a continuación:

Atopamos dúas dinámicas diferenciadas na Mariña lucense: a rural e urbana. Mentres a primeira está marcada por unha crecente concentración nas áreas urbanas e a súa contorna, que se sitúan todas elas naribeira do Cantábrico; a segunda, no rural, caracterízase por pequenos núcleos de poboación, normalmente dispersos e que sofren máis agudamente un problema de



**Figura 7:** Porcentaxe incendios forestais sobre o total por distrito forestal 2007-2014. Fonte: IGE(2015). Elaboración propia


<sup>44</sup> **Europapress, 26/08/2016**

despoboamento rural. Respecto do sector forestal, segundo datos do IGE (2013b) no Valadouro, A Pontenova, Trabada e Lourenzá os establecementos da industria forestal-madeira representaban entre o 30% e o 50% de toda a industria dos concellos. En Alfoz, este sector supoñía máis do 50% de toda a industria. Se miramos por ramas do sector, todas menos a da industria do papel teñen presenza na Mariña de Lugo, con especial peso das empresas de fabricación de mobles, que salientan a nivel galego en canto a número de traballadores afiliados para os concellos de Lourenzá e Mondoñedo.

Así mesmo, o caso da Mariña é interesante por ser unha zona relativamente dinámica nun contexto (o galego e o provincial de Lugo) moito menos dinámico tanto demográfica, comocultural e economicamente (Castro & Martínez, 2015). En xeral, malia sinalar un mal estado do medioambiente como consecuencia da instalación de Alcoa en Xove en San Cibrao, informes do AGADER (2011) e de López Iglesias, Sánchez & Iglesias (2003) indicaban que a calidade de vida dos habitantes da Mariña, tanto percibida como material era relativamente alta e situábase por diante dos valores medios de benestar para Galicia.

Identitariamente falando, a Mariña lucense pode considerarse unha unidade á que a poboación segue intensamente vencelladae tanto a identidade declarada como os servizos principais, interrelacións e historia compartida consolídana, incluíndo nela as Mariñas Occidental, Central e Oriental segundo a propia AGADER (2011, p.2) como “unha gran comarca natural de carácter interrexional, (...) cunhas peculiaridades naturais e etnográficas que a distinguen perfectamente das áreas adxacentes”. De interese para o noso traballo, a Mariña pode considerarse unha comunidade relativamente ben artellada. (Castro & Martínez, 2015).

Por último, a facilidade de acceso a informantes chave polo previo coñecemento persoal da área, foi tamén determinante á hora de escoller a Mariña lucense como lugar para a realización do traballo de campo, que a continuación describiremos.



#### 4.2.4. Traballo de campo.

Como resumo, o traballo de campo realizouse en dúas fases:

- Preselección de informantes. (entre o 1 e 30 de Xullo).
- Realización entrevistas en profundidade (10). (entre o 29 de Xullo e 16 de Agosto)

Realizáronse 10 entrevistas en profundidade na zona da Mariña lucense entre os días 30 de Xullo e 5 de Agosto. A acollida e taxa de resposta positiva aos convites para facer a entrevista foron altas comparativamente con outras experiencias de reclutamento para traballos de campo académicos. A técnica da bola de neve axudou nisto, ao facerse o primeiro contacto coas persoas a



**Figura 8:** Distribución territorial entrevistas. Fonte: elaboración propia en base a AGADER(2011).

entrevistar por recomendación dunha persoa coñecida por eles ou elas, o que xeraba confianza. Tamén importante, observábase que as persoas entrevistadas e en xeral a zona non estaba excesivamente explotada académicamente falando. Para moitas delas, a entrevista para este traballo era a primeira colaboración cun estudo de tipo académico.

Malia isto, e determinante na xeración de confianza cos e cas entrevistadas e fácil acceso a bos e boas coñecedores do monte foi o coñecemento previo e contactos persoais coa zona, que axilizou en grande medida un proceso de reclutamento de por si lento e que requeríu de medidas de tipo "artesanal", como visitas ás residencias persoais dos posibles entretrevistados/as na fase de preselección. A xeración dunha relación de confianza foi chave á hora de acadar información de calidade e preparar o terreo para unha entrevista que indagaba, polo obxecto de estudo, en cuestións de tipo persoal e vivencial que puideran ter provocado rexeitamento . Non foi así en ningún dos casos. Proba do bon clima atopado durante o traballo de campo é que en varias das entrevistas, a realización da mesma foi acompañada dunha visita á contorna, á mesma casa ou precedeu conversas informais que superaron con moito a duración da primeira e cuxa iniciativa parteu da/do entrevistado.

A Figura 9 a continuación, que resume os perfís dos e das entrevistados extráese que a meirande parte dos informantes para este traballo eran homes (7/10). Só 3/10 entrevistas realizadas foron con mulleres. A pouca paridade da mostra debeuse á maior dificultade no reclutamento de mulleres debido por unha banda a un menor recoñecemento público da súa experiencia respecto do monte e por outra banda, unha maior dificultade para que as mulleres, unha vez localizadas, accedesen contestar á entrevista. Un total de catro mulleres, fronte a un home, rexeitaron facer a entrevista. Relacionado con isto, a meirande parte dos homes entrevistados accederon na fase de preselección vía telefónica a realizala, mentres que o reclutamento coas mulleres aconteceu unha vez xa comezadas ás entrevistas. Para futuras ocasións, esta diferenza no tipo de reclutamento e tempo preciso para acceder a cada un dos tipos de informantes, debера terse en conta prevendo maior tempo de desprazamento no lugar escollido como caso de estudo.

Á banda do sesgo en canto a xénero da mostra, prezamos que a meirande parte dos e das entrevistadas tiñan entre 50 e 90 anos (9/10), cumprindo os criterios de selección marcados a priori. Só unha persoa quedaba fóra do perfil pero o interese do seu caso polo seu tipo de vencello co monte, fixeron que non descartásemos a entrevista. Respecto da distribución territorial da mostra, o proceso de reclutamento e o emprego da técnica da bola de neve, xa mencionada, fixo que as entrevistas non se distribuísen de xeito homoxéneo polo territorio da Mariña, como reflicte a Figura 8 . Os puntos vermellos, que indican o lugar de residencia e realización das entrevistas, están concentrados na bisbarra da Mariña Oriental, con só dúas entrevistas realizadas na Mariña Central e as outras dúas restantes no concello de Cervo, o único ao que accedimos e que pertencese á Mariña Occidental.

Nº Entrevista	Idade	Lugar residencia	Xénero	Situación Laboral	Duración entrevista	Código identificación
1	67	Alfoz(rural)	m	Xubilado, adicado sector forestal	2 h	1_alfoz_m
2	44	Barreiros(urbano)	m	Traballador conta allea	1 h 10 m	2_barr_m
3	89	Ribadeo(rural)	m	Xubilado, labrego	1h	3_rib_m
4	84	Ribadeo (rural)	m	Xubilado, gandeiro	1h	4_rib_m
5	50	Cervo (rural)	f	Traballadora, profesión liberal	50 min.	5_cer_f

6	66	Trabada (rural)	m	Traballador conta propia	1 h	6_tra_m
7	78	Cervo (rural)	f	Xubilada, labrega	1 h	7_cer_f
8	52	Barreiros (rural)	f	Traballadora administración	30 min	8_barr_f
9	64	Ribadeo (rural)	m	Traballador administración	1 h 15 min	9_rib_m
10	72	Foz(rural)	m	Xubilado, adicado sector forestal	1 h 5 min	10_foz_m

**Figura 9:** Resumo perfís entrevistas, duración e código identificativo. Fonte: Elaboración propia

Pola cohorte de idade buscada no reclutamento, a meirande parte dos e das participantes no traballo de campo estaban xubilados/a, malia seguir moitos/as activos/as en actividades agrícolas e forestais.

Aínda que durante a fase de preselección tentouse evitar reclutar persoas cunha posición interesada ou excesivamente sesgada sobre o monte, 6 dos nosos 10 entrevistados tiñan propiedades forestais, na súa meirande parte plantadas con eucalipto. Destes, varias persoas entrevistadas pertencían ás directivas das PROMA, as asociacións de propietarios/as forestais municipais, impulsaran concentracións parcelarias na zona ou participaran da creacións doutras fórmulas de asociación, como a Sociedade Agraria de Transformación (SAT) de Trabada. Outras 2 entrevistadas pertencían a asociacións ou grupos de tipo ambientalista ou conservacionista. Malia ter isto o risco de condiciona-

los nosos resultados, no apartado seguinte veremos que tanto as posicións duns coma doutros, son mixtas.

Nun futuro, cómpre ter en conta que a busca dun perfil de veciño/a "raso/a" informada/o e con experiencia vital do monte é unha tarefa laboriosa, por non ser estes perfís públicos e para cuxa identificación faise indispensable desprazarse ao lugar da realización do traballo de campo con tempo suficiente para realizar unha preselección en persoa que permita poder descarta-los perfís con posibles conflitos de interese. O obxectivo, faise especialmente difícil dadas as características da estrutura da propiedade da terra na Mariña, onde a metade da poboación ten fincas con eucaliptos.

Por último, convén salientar que todas as entrevistas agás unha foron presenciais. En todos os casos, buscouse un lugar para a realización da entrevista que resultase cómodo a/ao entrevistado. En varios casos, as entrevistas tiveron lugar nas propias vivendas dos entrevistados e entrevistadas. As datas do ano nas que se planificou o traballo de campo, provocaron que algunha das persoas entrevistadas estivese de vacacións, co que dado o interese dos seus perfís, realizamos a entrevista igualmente e gravamos a conversa empregando unha aplicación para a gravación das chamadas.

#### 4.2.4.1. *Consideracións éticas*

A participación dos e das entrevistadas nas entrevistas é anónima, en ningún momento aparecerán os nomes das persoas nos documentos que se xeren a raíz do traballo de campo e calquera información que puidera facilitar a identificación das persoas sobre o texto final producido e futuras publicacións derivadas será anonimizada. Os códigos que empregaremos para diferenza-las citas no apartado seguinte, móstranse na Figura 8.

Toda a información obtida no traballo de campo será empregada exclusivamente para os fins deste Traballo Final de Mestrado. No caso de existir algunha variación nestas condicións e de que se quixese emprega- los

materiais do traballo de campo para algunha outra finalidade ou propósito, será sempre previa consulta e aceptación expresa dos e das entrevistadas.


No momento da entrevista estas condicións foron comunicados á participante, ás que se lles pediu asinar un documento dando consentimento á cesión da información da entrevista, describindo o tratamento a realizar a partir dela, das condicións e protección do anonimato e unha breve descrición dos obxectivos do TFM.

Se lles pediu tamén a todos e todas as participantes que así o desexasen que facilitasen un enderezo postal ou electrónico ao que remitirlles unha copia impresa do traballo final de mestrado. 7 das 10 persoas entrevistadas solicitaron recibir ben en papel ben na súa versión dixital, unha copia deste traballo, que será enviado inmediatamente despois da súa entrega. O modelo de formulario de consentimento informado empregado pode verse no Anexo 4. No caso da entrevista telefónica, a persoa entrevistada autorizou a sinatura no seu nome do formulario, unha vez comunicado o seu contido.

#### 4.2.4.2. *Guión entrevista en profundidade:*

As 10 entrevistas en profundidade realizadas indagan sobre os 6 ítems identificados máis enriba. Malia que as respostas dos e das informantes previsiblemente irán vencelladas unhas ás outras, sendo esto favorecido polo formato semiestruturado do guión, as preguntas escollidas buscan ser o suficientemente específicas e delimitadas temáticamente como para que cada unha cubra cada un dos ítems de interese de xeito diferenciado.

A duración estimada de cada entrevista era entre 1 hora e 1 hora e 15 minutos. Só en dous casos, o da entrevista telefónica e outro, polo interese particular da entrevista, a duración da entrevista se alonxou desa previsión.



Todas as entrevistas foron gravadas en audio, para o que contamos coa autorización expresa de tódalas persoas participantes. O guión da entrevista semiestruturada empregada no traballo de campo pode consultarse no Anexo 1.

#### 4.2.5. Resultados.

A continuacións presentámo-los resultados da parte empírica deste Traballo Final de Mestrado-12, froito dun proceso de transcripción das entrevistas en profundidade realizadas, codificación manual e procesamento.

Os resultados afondan na relación das persoas co monte e no sentimento de lugar vencellado. Para facita-la lectura, organizámo-los resultados de acordo aos ítems das entrevistas, que se corresponden coas distintas preguntas do noso guión.

Primeiro, no apartado 4.2.5.1. *Historia de vida*, veremos en que medida os cambios no monte son percibidos como feitos significativos da vida das persoas entrevistadas e referirémonos ás primeiras imaxes ligadas ao monte das mesmas. Segundo, no 4.2.5.2 abordaremos as *Crenzas avaliativas sobre a natureza e o monte na Mariña lucense*, os distintos tipos de significados asociados co monte, incluíndo os relacionados cos vencellos coa comunidade. Terceiro, na sección 4.2.5.3. aludiremos ao *Apego ao lugar e identidade* para entender en que medida o estado do monte e os atributos da paisaxe se integran na autodefinición e identificación das persoas e grupos e que funcións cumpren. No 4.2.5.4 sintetizaremos os contidos relacionados coa *Satisfacción co lugar* e veremos como as entrevistadas perciben que o estado do monte na Mariña lucense contribúe á cobertura das súas necesidades. En quinto termo, no epígrafe 4.2.5.5., *Atitudes e probabilidade de comportamento proambiental* analizaremos as propostas de cambio respecto do monte transmitidas polas entrevistadas e veremos se entenden a situación do mesmo como ameazante. Seguidamente, no 4.2.5.6 veremos cales son *Expectativas*


*futuras* respecto do monte no 2040 na Mariña e o papel asignado aos actores sociais, en especial á sociedade civil, de cara á consecución dos cambios desexados. Finalmente, empregarémolo apartado 4.2.5.7. para vencella-los resultados coas hipóteses formuladas e ver se son confirmadas ou refutadas e faremos algún comentario a maiores contrastando os nosos resultados e a literatura especializada sobre o tema.

Todas as citas mostradas a continuación son reproducións literais das entrevistas en profundidade, nun intento de manter neste apartado a esencia do discurso dos nosos e das nosas informantes. Os nomes das persoas así como calquera contido que fixese posible a identificación das entrevistadas, foron anonimizados malia ir acompañada cada cita dun código que permite ter unha referencia do perfil da persoa emisora da mesma.

#### 4.2.5.1. *Historia de vida.*

O monte e a súa evolución é percibida como un feito significativo da vida das persoas entrevistadas. Na meirande parte dos casos os vencellos co monte mantéñense ao longo de toda a vida, malia ir cambiando na súa forma e intensidade. Os cambios no monte son referidos como unha representación dos cambios socioeconómicos a nivel global acontecidos entre os anos 40 e a actualidade.

Entre os resultados máis salientables atopamos unha referencia a unha fisionomía do monte que experimentou un cambio drástico. O monte da infancia para a meirande parte das entrevistadas e que as persoas máis novas evocan a través dunha memoria declarativa, era un monte raso, adicado sobre todo a pastos para aproveitamento do gando e coa presenza dalgún piñeiro. Tratábase dunha paisaxe cultivada cuxos elementos máis representativos eran sempre susceptibles de aproveitamento. As principais formacións arbóreas correspondían a árbores de ribeira:



*«Antes non había eucálitros e había moito máis labradío, moitas máis fincas ó redor que se plantaban que agora están plantadas a eucálitros. E érache así, era o monte raso. Podías andar por todo, iba todo o ghado para o monte, iban as ovellas, iban as cabras e era así.» (7\_cer\_f)*


*«...Cando eu era pequena o monte eran carballos, eran castiñeiros, monte autóctono, había moito frutal, motísimos frutais, moitísimas cereixas. Recordo sempre as cereixas, moita mazá, moita froita en todos os terreos, que estaban cultivados, cosa que agora non.» (5\_cer\_f)*

As primeiras plantacións forestais, aparecen como cultivo integrado dentro dos sistemas de rotación e como fase posterior ao cavado na roza e colleita de cereal, momento no cal veciños e veciñas botaban semente de piñeiro:

*«Que facían ou iniciaron a facer? Iniciaron a facer que cando sembraban a... A avea, a avena ou...Ou o centeo, empezaron a sembrar pino, semilla de pino. Entonces cando recollían o centeo quedaba o pino empezando a... A salir, e partir de alí empezouse a repoblar con semilla de pino normalmente, a maioría dos casos, os montes aquí na zona.»(6\_tra\_m).*

O monte era un espazo produtivo, de autoabastecemento para as familias, pero no que tamén se realizaban traballos por conta allea. Entre os usos principais esmentados atopamos a da extracción de mulime, para facer esterco, aboar fincas e estra-las cortes; o cultivo de cereais a través do cavado na roza; a da recollida de toxo, que grazas ao seu alto poder calorífico era empregado para roxar o fornos e cocer pan; a do aproveitamento extensivo do monte como lugar de alimento das cabanas gandeiras e finalmente a realización de curros para o apresamento de bestas salvaxes e concentración dos animais domésticos.

O monte permitía a xeración de excedentes ás familias e eran despois empregados como pago en especie aos grandes propietarios, donos das fincas que as persoas con menor poder adquisitivo traballaban ou usaban como residencia.



«Porque cando eu me criei... Cuando eu me criei, iba ganando nove pesetas na Fundación Pedro Murias<sup>45</sup>... nove pesetas; e un domingo que tiña guardia que era bota-las vacas, chamáballe guardia eh... Entonces íbamos montar a guardia e ganábamos dez pesetas. Ai! aquelas dez pesetas meu padres, pois, deixábanmas pero o que ganaba pola semana tiña que entregalo...E así era aquilo... Era moi esclavo. Eu paseinas moi esclavas. Moi esclavas porque era así a vida de antes. Había que... Éramos bastante de familia e labrábamos, cosechábamos trigo, pero comíamos o pan de maíz e o trigo levávosllo ó amo ás fincas que había que pagar ferrado por ferrado. Levávamos a do caseiro, levávamos catorce fanegas e media de trigo, que xa manca! (...) Así que, botabas a vida segando no trigo, mallando e despois comiamo-lo pan de maís sen mistura.» (3\_rib\_m)

A vida no monte é referida como unha vida dura, de escaseza de medios. Destas actividades ocupábanse en especial as clases menos acomodadas:


«Ah, no monte teño ido de chaval, moitos días co meu pai a... Buf! coa xente para o monte a cortar cando era cunha serra de mao, non sabes? Serrábase cunha serra de mao, eh... Limpabas os pinos, empezabas a serrar, os pinos como soltan moita resina eso vaise metendo na serra, había que levar un pouco de gasoil para darlle gasoil e (...) Así polos laos para serrar; pero todo a mao, tirando a mao. A primeira motosierra que veu, eu calculo que sería por aí, no ano sesenta ou... Ano sesenta e pico. O que mandei eu era unha Clinton que pesaba... Non sei...Debía pesar quince quilos, mi madre del alma! Non era unha broma.» (10\_foz\_m)

«Ai... no monte! No monte non botábamos... O sea no monte quedábamonos cando se cocía o carbón, os que tiñan que atender ás foias<sup>46</sup>. Pero as mulleres íbamos e viñamos pa'... Andando, andando sempre. Íbamos segar á Senra e íbamos segar á Lamboira, e íbamos a Lieiro pa' ghanar algunha perra porque os que eran grandes labradores, claro, tiñan que meter xente pa'... Pa' segar. Entonces íbamos, tamén andando, ir e vire. Entonces dábannos a comida e mais un sueldo petico.» (7\_cer\_f)

---

<sup>45</sup>Centro de extensión agrogandeiro pioneiro en Galicia e aberto no 1920 a iniciativa dun ribadens emigrado en Cuba para a capacitación e formación dos labregos da zona en novas técnicas agrícolas

<sup>46</sup>Foxo cavado no monte para prende-lo lume e face-lo carbón.



O monte é rememorado como o contexto físico onde se aprendían costumes familiares, de transmisión interxeneracional de coñecementos, con variacións en cada xeración.

*«O que quero dicir é que a vinculación, o primeiro recordo é eso: de ir acompañando a meus pais, ou meus tíos, ou familiares, ou os que estaban traballando, e observar, desde pequeno, algo que, como o que nace con alguén que ten viñedos, pois ve o das uvas desde pequeno, pois como o que nace nun sitio no que son agricultores ou ganadeiros, pois está convivindo con vacas desde pequeniños, pois a min pasoume eso tamén, non? » (1\_alfoz\_m)*

Os cambios monte acompañan outros cambios persoais, etapas vitais. Na infancia o monte refírese tamén como espazo de recreo. Ir ao monte só de neno é referido como algo constitutivo do estilo de vida de antes, onde os nenos tiñan maior autonomía.

*«...Baixar polo regueiro e víñannos botar. Que viñamos de aí... Da parte de Piñeira de Guidanzo. Unhos coches que poñeran. Carros de... Tiña as rodas de... De os pinos e poñíalles uns eixos de salgueiro e... Despois cunhas cadenas facían un volante. Era a diversión que tíña a juventú, daquela, nos montes e pasábamolo alí cos carros.»(3\_rib\_m)*

*«Nós de pícaros andábamos moito polo monte, andábamos por tódolos laos. Andábamos xogando nos montes. Viñamos, aquí de feito, eu teño vido desde que era pícaro, vamos, de moi pequeno, sería coa miña mai ou miña avoa. E pois xa cando eramos... Cando eramos grandes porque aquí na aldea, os nenos de dez anos eran grandes, andaban solos. Vas xogar cos outros e no... Nadie sabía onde ibas con dez anos, eh! Hoxe fáltache unha pícara ou pícaro cinco minutos no patio e vólveste loco, non? » (2\_barr\_m)*

Durante a idade adulta o monte é sempre referido como espazo de traballo, malia que as experiencias varían segundo a a clase económica:

*«Claro, os outros nenos que xogaban comigo na escola, tamén iban ao monte, pero iban ao monte tirando polo carro, (...) eu, tamén iba, tamén iba, coa xente que traballaba na casa, pero era máis para que o neno... Argallase, máis que*

*outra cousa, non? Non tuven a necesidá que tuveron outros nenos que desde pequeniños lles dícían: "Oe neno, colle un fouciño e roza todo eso por aí, porque se non non comes", e eu, debido á familia en que nacín, que é unha cousa de azar, pois, claro, non tiña esa necesidá de traballar alí, pero vía os montes, vía como traballaban os outros, e despois, cando tuven vinte e tantos anos, que vin que me necesitaban, porque eran maiores, pois entonces tuven que irme facendo cargo destas cousas e incluso a min nunca me estorbou. »(1\_alfoz\_m)*

*«Tiña eu catorce anos e fun xuntar á leña para facer o carbón que había que poñela ás costas e levala para un sitio para onde se cocía o carbón, tiña eu catorce anos. A primeira vez... Eu ó monte xa fora moitas veces porque iba coas ovellas de pequena. Iba ó... Á pouca escola me tocou, pero bueno a outros aínda lles tocou menos e iba á escola, e despois había que ir buscar as ovellas ó monte.»(7\_cer\_f)*

#### *4.2.5.2. Crenzas avaliativas sobre a natureza e o monte na Mariña lucense.*

### **O monte como recurso produtivo. O eucalipto como mal menor.**

No pasado o monte servía como primeiro elo dun sistema de autoabastecemento tradicional que fornecía de alimento, vestido e materiais de construción á poboación. En moitas ocasións, o aproveitamento do monte organizábase a nivel comunitario e esixía dun grande coñecemento do monte por parte da poboación. Na actualidade, o monte constitúe unha fonte secundaria de ingresos e a súa xestión está externalizada. Os usos recreativos e ambientais dos montes son tamén recoñecidos, en maior medida polos e polas entrevistadas novas, malia estar en segundo plano e entenderse como supeditados ao uso produtivo.

*«Ó tempo de collermos aquí o molido era en setembro para terreos, para o inverno, amontoado, porque no tempo de inverno non se podía... Porque non había estas pistas. Non había na' máis que unhos camiños todo enfangados*

*aquí... E enterraba a vaca... Íbamos nos carros coas vacas e enterrábanse porque tuvera ó lado, e había unhos baches...! Entonces ahora, vívese doutra maneira como se vivía cando eu traballei. Traballo e aínda, pero bueno non é coma antes, eh! Antes teño botado hasta quince días no monte.» (3\_rib\_m)*


*«De feito, cando ibas ó monte a buscar leña, eu teño ido buscar eh... leña ó monte con miña avoa, e ibas cortar os pinos que había secos. Non ibas ó teu monte concreto. Ibas coa burra e o carro da burra e donde había un pino seco cortábalo. Entón donde había un cruce, pois ibas deixando unha cruz.(..) O sea, a xente andaba polo monte como... Vamos coñecía o monte como a palma da mao.»(2\_barr\_m)*

*«Entonces, eu creo que se debe conservar un pouco polo hábitat, que se debe conservar un pouco as dúas cousas, ou sea: a parte productiva é importantísima, é fundamental porque sin a productiva difícilmente mantés o outro... Pero a improdutivo interesaba tela.» (6\_tra\_m)*

*«Ai no miña filliña! Antes os paseos eran tódolos días andando para o traballo, que non había outra cousa para ire, e en camiños malos que se houbera carreteras... Había esta, esta carretera solamente... Cando nacín eu había ésta e mala, que arreglaron moito nela. Pero, non había máis, eran camiños, congostras, que como che vou dicir, tiñan unha ribada por un lao e outra polo outro e ibas por aquel medio ao mellor cheo de lamas, de pedras e augha, e...Unhas veces calza e outras veces descalza. Porque daquela non había máis que zocas, entonces as zocas rompían moito a menudo e ás veces hasta as amañaban con latas, e despois tropezabas cun pé no outro e 'tábas nos pés.Érache así a vida de antes.» (7\_cer\_f)*

A chegada do eucalipto sobre todo e outros cultivos industriais forestais como a acacia ou o piñeiro van da man para a meirande parte das nosas entrevistadas dun proceso de empobrecemento da paisaxe, que rexeitan. Se imos ao micro, respecto dos impactos diferenciais do eucalipto como especie, as posturas son moi diverxentes.

*«Pero como vai gustar se o eucálitro é a última calaña, é a última calaña que hai.(...) Porque chupa a terra toda, chupa a augha. A terra así que pasan unhos*




*anos, volves e non é terra, volves e é cinza. Que en cambio os pinos xa non son así chupós, nin os outros. Pero os eucálitros? Bueno, oh! Dios te aparte deles.» (7\_cer\_f)*

*«Todo é mentira. O eucalipto, o que acaba coas fontes é que as raíces do eucalipto vai hasta que encontra a humedá. O que desvía, si que desvía, desvía as fontes, pero consumir auga, consume máis o roble que o eucalipto, e o eucalipto consume auga... Cando máis consume é no inverno. Eu a ver, ti mira que día está hoxe aí [orballando]. Tú ahora poste debaixo dun eucalipto e está o monte mollao, poste debaixo dun pino e está seco.» (10\_foz\_m)*

*«Desde o punto de vista de... De que... Eh... A miña opinión é que igual se debía romper un pouco máis o tema de... do eucalipto, que debía romperse un pouco máis. Ahora, eh... Realmente, aquí, por exemplo, fixémoslo ben porque reservamos todas as... Todas as fragas. Reservamos zonas pa'...Eh... Zonas todo... As zonas dos ríos, reservamos as plantacións que había de frondosas e todo eso, autóctono, eso mantúvose todo. Todas as fragas se mantuveron e inclusive se puxo pino, se puxo cerdeira, se puxo castaño, se puxo algo de nogal. Ou sea, plantamos un pouco distintas especies, e tal.» (6\_tra\_m)*

A concentración parcelaria e introdución dos cultivos industriais é maioritariamente comprendida como parte dun proceso de dinamización e progreso económico da zona, malia terse derivado do mesmo certas externalidades a corrixir.

*«Home, cambiou porque no tempo de Franco así que... Foi levantando un pouquiño esto e... Xa empezou a dar unha... Unha pagha pequena polos pícaros, e despois xa deu algunha jubilación que a meu abuelo, Dios lo teña donde descanse, xa cobraba o subsidio antes de morrer; e miña abuela tamén. Entonces foi millorando así... Algo esto, despois deron ir pa'o mar, os homes en ir pa'o mar e viñeron eses Reimundes e eso, plantar, entoncez íbase... Había donde ir ganar e por eso se foi deixando así algo... Do malo. Pasaronnos aí unhos anos que se vivía bastante ben porque non había que pagar nada, na' más que a contribución. Do resto non había outra cousa que pagar. Mira agora, que non se dan paghas as cousas.» (7\_cer\_f)*



*«Antes plantábase en cualquier lao, pero ahora desde que veu o parcelamento que esto foi a marabilla, esto foi unha cousa que debe o pueblo a todo. Púxoo a andar. Porque antes eran unhas fincas de... Medio ferraio, un ferraio, dous ferraos, tres ferraos, catro ferraos. O que tiña catorce ferraos xa era moito. Nosoutros tiñamos unha terra de catorce ferraos e xa era moito. Ahora hai hectáreas e hectáreas!» (3\_rib\_m)*

A extensión dos cultivos de eucalipto, cun pico localizado nos anos 80 pero que tería comezado nos anos 60, está relacionada cunha estratexia de maximización da rendibilidade do monte por parte das familias, nun contexto de falta de usos alternativos, onde non habería demanda doutro tipo de recurso susceptible de ser producido no monte e nun momento no que as rendas dispoñibles da poboación na zona se mantiñan baixas. Na actualidade os cultivos de eucalipto seguen tendo a función de dar apoio económico ás familias durante a crise, malia ser maioritariamente referidos estes como fontes secundarias de ingresos para a meirande parte dos e das propietarias. A produtividade do eucalipto, sen equivalente, así como a facilidade do seu cultivo, son as razóns maioritarias que explican a multiplicación destas masas no monte da Mariña lucense, malia sinalar algunhas das entrevistadas a caducidade deste modelo de monocultivo forestal, connotado cun certo fatalismo:

*«Estes galegos de aquí por que puxeron todo de eucalipto? Porque ti, mires onde mires, todo, todo, todo, todo, sempre é eucalipto. A non ser que seña unha zona.. Non sei, no val, que haxa unhas maciñeiras, todo o demais é eucalipto. E por que? Teñen unha propensión eles ao eucalipto ou como é? Non, porque sacan diñeiro, e que é o máis produtivo, por iso o plantan. Plantan durante dous ou tres xeracións, eh, porque despois non vai dar máis. El chupa, toma os seus nutrientes e despois hai que cambiar de especie, pensar en outra cousa.» (1\_alfoz\_m)*

*«O eucalipto nun momento como o de agora que é un momento de crisis, pos está axudando moitísimo a moitas familias e sigue aberto. Polo tanto eso é algo que hai que respetar, non? Tamén era nosa a gandería, tamén era nosa a labranza, tamén era nosa o mar e... e deixámolo ir todo. Pero bueno,*

*acollémonos ó eucalipto que... supoño que traerá anos de fame, non?»*  
(2\_barr\_m)

*«O eucalipto, xunto con outras especies, foi o que estivo dando... aguantando un momento moi forte de crisis, que temos actualmente, pois estivo aguantando moito. Eu e como moitos máis mariñáns e xente de outras zonas, pois ó millor puidemos estudar unha carreira universitaria gracias á produción do monte. Polo tanto, aparte de gustarme pois, teño que estarlle moi agradecida ó monte e ó traballo dos antergos, non?»* (8\_barr\_f)

As plantacións forestais de eucalipto e a estrutura da propiedade forestal, moi repartida entre a poboación mariñá, contribúen segundo as entrevistadas á distribución da riqueza, o cal é subliñado como un valor engadido do monte e que amosa unha preferencia igualitarista:

*«Despois evidentemente contribuye económicamente, está dando moitísimos postos de traballo. En primer lugar toda a xente que corta madeira, os maderistas, a xente que trae, os transformadores, é todo unha cadena. Desa cadena pasamos a toda a sociedade. É un beneficio para todos o monte.»*  
(8\_barr\_f)

O eucalipto e as plantacións forestais están asimiladas á riqueza forestal de Galicia. De acordo a varias entrevistadas, o gusto polo monte exprésase nun gusto por plantar especies de crecemento rápido, que aplica igual nos casos de estas repoboacións nos propios terreos externalizadas. Nunha das entrevistas, a produción forestal como unha actividade mediante a cal as persoas desenvolven vencellos emocionais:

*«...Porque o xenro é amigo dos montes, anque traballou na construción, o padre ten moito monte, e gustoulle sempre eso, e prepara e vai plantar os eucalitros ó monte e todo.»* (3\_rib\_m)

*«Se non vives de esto, da agricultura e desto, pois valo deixando. Sempre hai quen lle ten cariño. Eu por exemplo no deso... Téñolle cariño e vou ás veces e planto no monte, bueno mando plantalos e pago e... Pero a maior parte da xente non.»* (9\_rib\_m)

*«É dicir, aí hai algo que eu non sei explicar ben... Pero que emocionalmente para min é importante. Sabendo que me tocou eso como me podía ter tocado outra cousa se houbera nacido noutras circunstancias. Pero hai unha relación emocional difícil de explicar entre a produción forestal, o monte, a vida rural e o que fas. Eu polo menos o sinto así.» (1\_alfoz\_m)*

## **O monte como espazo para o contacto coa natureza e pracer.**

Nun segundo orde, o monte está asociado a un significado integral, que nos conecta co medio de vida, co pasado como especie. O monte enténdese como o marco para o contacto coa natureza, como oportunidade para unha conexión orgánica co medio no cal vivimos e que algunhas entrevistas apuntan como inalienables da condición humana. A paisaxe enténdese tamén como marco de referencia da propia vida, que aporta estabilidade e continuidade:

*«Eu creo que non hai que discurrir demasiado para ver que a vida natural e nun sitio que non estea contaminado, que produza osíxeno, que che trae unha certa paz, visual, e un bon estado de temperatura, tal... Eso ten que ser beneficioso. Entón, claro, a eso debía ter dereito todo ser humano.» (1\_alfoz\_m)*

Nesta comprensión integral do monte, o tipo de formación evocada non son as plantacións forestais; son as fragas autóctonas. Así, o bosque autóctono está connotado con significados positivos: como paraíso, valor engadido, vida silvestre, autenticidade, non intervención humana ou como símbolo da historia propia. A fraga caracterízase pola diversidade de especies e a existencia de treitos característicos que facían ás veces de puntos de referencia e axudaban á interacción da poboación coas mesmas:

*«Pois alí, méteste e ves todo cheo de mofo, verde, de fentas, unhos lechos preciosos, unha sombra de carballos e castaños... "Coño, esto é o paraíso, de real." Está... a casa máis cerca de alí ten que estar au cinco ou catro quilómetros. Por alí o que pasa pois ve un corzo, un jabalí, un corvo, un ave de*


*rapiña, unha troita que salta alí no rego, o sea, entonces, volver a eso é algo moi positivo, no?» (1\_alfoz\_m)*

*«É un valor importantísimo, sobre todo para as xeracións futuras para dicirlle: "Aquí podes ver como era antes, e aquí como é agora." Coma aquel que ten un álbum de fotos, e que en tódalas familias hai un álbum de fotos, verdá? "Mira este era eu cando era pequeno, este era eu cando... Mira na primeira comunión, esta eras tú cando che caeron os dentes, esta eras tú cando estabas andando en bicicleta." Pois debera quedar unha mostra de cada tempo, non? coma unha caixa do tempo». (2\_barr\_m)*

### **O monte como patrimonio: cultura e memoria a preservar.**

En terceiro termo, o monte e o seu aproveitamento enténdese para os e as entrevistadas como parte da cultura, como expresión dun modo de vida propio do rural, que aporta distinción e que debe conservarse. O monte é comprendido como patrimonio no senso en que atesoura o pasado da Mariña, o modo de vida da poboación e que podemos recrear mediante a interpretación do patrimonio. O monte é segundo algunha das nosas entrevistadas un medio polo cal establecer lealdade cos devanceiros, respetándoo:

*«...Bueno, é unha paisaxe, sobre todo para a xente que somos de aquí, pois, moi querida. Anque está moi, moi abandonada porque hai zonas que son monte e... E tal, e da que a maleza apoderouse.(...) Porque é querido, porque é algo que costou moito traballo adquirilo, á xente, ós nosos antergos costoulle moitísimo... Eses montes, explícanche os abuelos, meus pais explicábanmo como chegaban a eses montes e... Como iban buscar toxo alí, como iban buscar nalguns casos herba. Iban nos carros, iban con los burros, iban nos famosos feixes, andando. Entonces, por aqueles camiños pequeniños, angostos e feitiños, e todo... E imaginaste a cantidá de traballo que debía ter esta xente, non?»(8\_barr\_f)*



## A paisaxe na Mariña: un eucaliptal.

De xeito unánime os e as entrevistadas describen a paisaxe da Mariña como un eucaliptal; se ben nalgúns casos engaden a esta descrición a existencia de praderías, redutos de fraga autóctona e edificacións na liña de costa. O dominio do eucalipto na paisaxe é considerado un treito distintivo da Mariña e compartido no contexto galego só coas bisbarras de Ferrolterra e Ortegá, anexas á nosa zona de estudo. Mentres a meirande parte dos entrevistados valoran esta composición da paisaxe dun xeito neutral e o explican como froito das necesidades socioeconómicas da xente, varias das entrevistadas valoran negativamente a preponderancia de eucaliptos no territorio mariño.

*«Inmenso eucaliptal, inmenso eucaliptal. É dicir, a evolución foi inexplicablemente derivando en que... Dun trozo... Unha imaxe vale máis que mil palabras. Se tu ves verde oscuro, e ese verde oscuro son dous tercios; de tres partes, dúas, que é: pois da súa inmensa maior parte é eucalipto. Desde Ribadeo hasta Ferrol, pero sobre todo toda a parte da Mariña, incluída a que estamos, é un inmenso eucaliptal. Eso é a visión tal... A xente acabou plantando eucalipto, eliminando outras especies e sustituíndoas por eucalipto; entón, claro, un aquí, outro alí, outro alí, outro alí, entón miras e ves todo, todo, todo de eucalipto.»(1\_alfoz\_m)*

*«Moi triste, moi monótono, monocultivo, é dicir... Non hai outra árbore, todo o ano igual, nin lle cae a folla no inverno, non deixa respirar ó chan, está sempre da mesma cor, é monótono, monótono...» (5\_cer\_f)*

### **Situación das masas forestais: herdeira da estrutura da propiedade da terra, resultado da falta de recursos dos propietarios e inacción política.**

A banda da busca da produtividade e á facilidade do cultivo, a presenza na Mariña do eucalipto achácase á estrutura da propiedade da terra, ao minifundio. A división da propiedade e o pequeno tamaño das mesmas descríbese como herdeiro dun sistema de división das fincas en función das

necesidades das comunidades, que segmentaban en veigas o territorio e que delimitábase seguindo accidentes naturais.

O tardío acceso á propiedade das amplas capas da poboación mariñá, non tería impedido que as herdanzas e os procesos de parcelamento dos montes veciñais e abertales, contribuíran á fragmentación da propiedade. As iniciativas de concentración parcelaria, que afectaron sobre todo ás terras agrícolas, tiveron unha mínima repercusión sobre os terreos forestais e non modificaron significativamente a súa estrutura.

Ligado ao anterior, a meirande parte dos e as entrevistadas amosan altos graos de desconfianza cara á administración, cuxas intervención respecto do monte son descritas como barreiras á súa actividade, cun exceso de cargas burocráticas asociadas. Os esforzos por parte da administración respecto do ordenamento forestal son referidos como erráticos e pouco efectivos. En especial faise referencia ao incumprimento reiterado entre os e as propietarias forestais dos ditames legais respecto dos distintos usos do monte pola falta de inspección e escaseza de medios e incentivos para o sector:

*«Hai unha administración, que no fondo actúa de policía, que nos pon a todos a andar, invade todo de leis, de normativas, de tal... E que dice: "Non, Red Natura, aquí non podes plantar esto. Agora aquí hai esta outra prohibición. Agora, permiso de corta. Agora, ao lado da carretera non podes non sei que. Pista principal, catro metros a un lado". O sea, que estanche invadindo, invadindo, invadindo de maneira que estás cruzado por todas partes de normativa.»*  
(1\_alfoz\_m)

A xestión do monte, diante da retirada da administración recae sobre a vontade particular dos e das propietarias forestais. Como resultado, a estrutura da propiedade do monte na Mariña é referida como anacrónica e non adaptada ás necesidades dos aproveitamentos

*«O monte quedou aí como un vello testigo dun medio productivo de hai douscentos anos, na maior parte dos casos.»*(8\_barr\_f)

*«Por que temos ese minifundio? Por esas divisións que fixemos naquel momento entonces temos ese minifundio feito. E precisamente nós, por interés agora de cambiar o tema, porque agora o que nos interesa son fincas grandes para mecanizalo e para poder traballar adecuadamente eh... o tema.»(6\_tra\_m)*

A presenza do eucalipto no monte é aceptada para a meirande parte dos e das informantes mais o seu propagamento é percibido por algunha delas como unha ameaza a outros usos e potenciais de desenvolvemento. En parte, o risco asociado ao espallamento desta especie, relaciónase coa baixa tolerancia da mesma á competencia con outras especies e ten efectos sobre a fauna:

*«Ningún está en contra do eucalipto, ningún. Si estamos en contra de que non se respeten, polo menos as leis básicas de montes. ou sea: plantar ó pe dun rego, tirar un castro pa' plantar eucaliptos». (2\_barr\_m)*

*«Estaba, pero estaba todo tupido de arándanos cando chegámbame máis enriba da rodilla, é decir, para andar en medio deles tiña que facer esforzos e comiamos os arandanos todo o verao,aquelo era unha pasada(...) Sigue habendo arándanos, non tantos evidentemente como antes, pero en moitas zonas onde o eucalipto aínda non está, digamos, hai zonas vacías... Aínda hai arándanos, aínda os comimos o verao pasado.» (5\_cer\_f)*

*«Había animais no monte, había cabalos e vacas. Sigue habéndoos alá arriba onde hai monte raso, porque evidentemente onde hai eucalipto non hai nada que comer. As vacas e os cabalos do monte estan moi arriba, non baixan, antes baixaban cando facia moito calor, ou moito frio.» (5\_cer\_f)*

O monocultivo do eucalipto é caracterizado segundo varias das persoas entrevistadas como un modelo de desenvolvemento curtopracista, que non valora os propios recursos e fomenta a desconexión respecto dos mesmos da poboación. A especialización nos cultivos de crecemento rápido, estaría creando unha dependencia da senda e dificultaría o cambio cara un aproveitamento múltiple do monte, que quedaría condicionado á existencia de

recursos por parte do ou da propietaria, malia existir debate respecto do mesmo:

*«Entonces el aí, todo o que saca volve reinvertilo, ten un plan de ordenación, ten pistas por todas partes, ten plantacións, en fin... É un caso absolutamente modélico. Un multimillonario que se pode permitir eso, que reuniu unhas fincas que xa procedían de mosteiros franciscanos, de familias, tal. É un caso insólito pero que eu o poño aí como unha especie de paradigma: "Mirade, esto pode ser así". Solo pode ser así se invistes moito, non o pode facer un paisaniño que ten tres fincas de varios ferrados, pero esto pode facerse... »(1\_alfoz\_m)*

*«Aquí temos a ver moitos exemplos de zonas que tiveron con eucalipto, eu sobretudo coñézoas en Santander, zonas con eucalipto que cortaron catro e cinco veces o eucalipto e hoy está a pasto, sin problema.» (6\_trab\_m)*

*«Mira, a cousa é moi cara, porque primeiro terías, para facelo ben de todo[*o cambio do eucalipto a outro uso*], terías que facer o que se chama aquí destoconar, que é, con unhas máquinas enormes, sacar toda esa raíz, que, por certo, cada raíz é máis grande que esa mesa, sacar eso, achaiar, e poñer outra especie... Claro, pero que outra especie podes poñer? Se pos pino radiata, tamén chupa; se pos pino de Oregón tamén chupa. Habería que deixalo un tempo... » (1\_alfoz\_m)*

### **Principais cambios no monte mariñado:**

O primeiro cambio referido é o da **mingua das fragas autóctonas**. Ao longo das últimas décadas os e as entrevistadas explican que as masas nativas terían sufrido unha sobreexplotación que tería levado á súa desaparición progresiva. Ao desaparece-los hábitats, moita fauna autóctona tería tamén desaparecido, segundo unha maioría dos e das entrevistadas.

*«Que había nas fragas autóctonas? Pois era unha cousa que medraba sola, como unha especie de selva amazónica, para abaixo todo cuberto de verde, de mofo, hasta que case se cubría todo coas follas (...) Pero ¿que había?: castiñeiros, carballos, moitos carballos, abidueiras, esvedros, que é o madroño, moitísimos esvedros na zona de Cervo e por aí, moitísimos acivros, tal... Todo*


*iso, teixos... todo iso iba nacendo esporadicamente según caese unha semente, a xente deixábao medrar e que facía con eso?: ou leña ou carbón. Ou cando saían moi dereitiños e chegaban a ser moi gordos, madeira. Madeira de carballo, madeira de castaño, madeira de moitas cousas, incluso de teixo, que era unha madeira boísima, non? Que pasou con eso? Que a xente foi cortando eso, ou levando para leña...»(1\_alfoz\_m)*

*«Había aquí no monte cuando, eu fun cazador moitos anos, antes de vir a plantación como está agora, había montes na máis pero o Forestal estaba...Arrasa todo. Había lebre, taba na base do monte; había perdiz e por baixo había codorniz. Agora deso nada. Agora todo é jabalí e nada máis... E corzo é o que hai. A lebre aquí acabouse. A perdiz ídem. Eu acórdome de andar todo o monte, por aí, polas perdices e camín de... De Santa Cruz, matar moitas perdices por baixo...»(3\_rib\_m)*

En segundo termo e relacionado ao anterior as entrevistadas sinalan a **perda xeneralizada de coñecemento sobre os propios recursos e patrimonio**. Falan da extensión dun coñecemento mediatizado dos recursos sobre o propio medio natural, que provoca que non se coñeza o medio por vía da experimentación propia senón pola difusión por medio de campañas institucionais e como reclamos turísticos:

*« Cando antes era habitual... Nós cando eramos pequenos, escoitabas cantar o paspallás ou cuco, o paspallás é a codorniz, non? E hoxe fai tempo que... Os meus nenos non saben o que é un paspallás. Ou sea dalles igual oír cantar un cuco que oír a campá da igrexa... Non, tal. Sin embargo nós si, e os nosos vellos tiñan un coñecemento do medio muito máis grande que nós. » (2\_barr\_m)*

*«Un compañeiro meu... que é técnico ambiental, fai tamén charlas educativas e con centros e tal, e preguntáballe a unhos nenos, a un grupo de escolares cal era o seu animal preferido, non? Entón, menos un que dixo que era o erizo, os demais, todo o resto dicía: "O meu é o elefante, o meu é o león, o meu é a xirafa, o meu é..." Ou seña coñecen máis os animais pola televisión que polo que ven» (2\_barr\_m).*



Terceiro, a maioría dos e das entrevistadas aludían a un **cambio da relación entre a poboación co monte**. Se por unha banda algúns entrevistados e entrevistadas falaban dun cambio de valores respecto do monte e da natureza, que estaría facendo cambiar o tipo de usos que se lle reclaman; por outra banda outras informantes referíanse á redución do traballo no monte e á propiedade forestal como base explicativa da perda de ligames co mesmo. Así, dun uso produtivo e de autoabastecemento no pasado, o monte tería pasado a ter uns usos máis contemplativos, ao esta-la actividade do monte externalizada. Previa á mecanización, a obtención de rendibilidade esixía maior implicación e coidado do monte. Agora, a menor esixencia do factor traballo, novas oportunidades laborais e unha maior capacidade de decisión fóra da familia respecto da profesión propia, farían que as novas xeracións que comezan a herdar fincas forestais, prefiran non implicarse persoalmente na xestión do monte:

*«Hai moi pouca xente xoven, involucrada. É certo que a propiedade está na xente maior. Como consecuencia é difícil que a xente nova...Primeiro porque, non estamos...Daquela nós íbamos ó monte, sendo jóvenes, anque no fora nosa a propiedá, porque íbamos traballar ao monte. Pero é que, agora, esta generación non vai traballar ao monte. Por tanto, se non vai traballar ó monte está perdendo o contacto total do monte.»(6\_tra\_m)*

*« Hoxe hai xente que vai a ver como medran os eucaliptos porque lle gusta eso, porque vou ver o monte, vou dar unha volta polo monte, tal. Antes había que ir e había que aproveitar, pois un carabullo, unha pina que había alí, un pouco de tal. A relación cambiou, cambiou bastante.» (2\_barr\_m)*

*«Outros que viven doutras cousas non o deixan, porque esto é un complemento que caeu aí dunha herencia, de ter os antepasados e ná más. Si da algo, bien e se non da, pois olvídate del, non se acordan máis del.» (4\_rib\_m)*

En cuarto lugar, un dos maiores cambios apreciados é **a homoxeneización da paisaxe e dos usos do monte**. A chegada de Alcoa menciónase como factor impulsor do abandono da terra, polas boas condicións económicas ofrecidas aos e ás traballadoras e pola baixa capacidade adquisitiva entre a poboación no momento da súa instalación. Respecto do aumento do eucalipto nas masas

forestais, a apertura das fábricas papeleiras en Pontevedra e Navia, son apuntadas como as principais responsables do auxe. Acompañando as papeleiras, varias entrevistas fan referencia ao precedente que sentaron os repoboamentos conducidos por parte do Patrimonio Forestal do Estado con piñeiro e acacia a mediados dos anos 40 e que foron continuadas logo polo ICONA. Unha vez acontecidas as repoboacións estatais, o espallamento das plantacións terá lugar por un proceso de imitación entre propietarios/as forestais, en ocasións inducido.


*«Eh... entonces eso también é certo que influíu, esa ocupación e esa plantación [do Patrimonio Forestal, nos anos 40-50] influíu nos veciños porque por mimetismo e por copiar houbo moita xente que empezou a plantación, a facer a plantación. É máis, eu creo que facíano voluntariamente, que o ofrecían unhos viveiros; creo que coa intención de que a xente roubara a planta.» (6\_tra\_m).*

*«Había sueldos bos, entonces, axudado por la papeleira, eu creo, é unha opinión miña, impulsando este mercado pagábase ben, incluso se repartía planta. Eu recuerdo en moitos concellos... Se repartían bandexas grandes de eucaliptos para plantar, moi baratos, incluso a nada. Fomentouse desde fóra, desde outros lugares.» (5\_cer\_f)*

Os usos e coidado dos montes quedarán a partires de entón limitados aos de manexo das masas forestais. As plantacións forestais non están asociadas cos usos recreativos do monte, axudando á perda de contacto co mesmo:

*«Agora ninguén vai. Agora eu penso que se entra nos montes dúas veces na vida da plantación, que xa nin se entra. Entran os que van plantar, os que van cortar xa entran as máquinas. Vén coa máquina a furar... De feito, os restos moitas veces acarreiranse ou déixanse no propio monte.» (2\_barr\_m)*

*«E despois... Culturalmente, pasear polo monte, quen se vai pasear por un monte de eucalipto? Eu non. Agora, si hai un souto, unha fraga, ás fragas si que vou pasear porque visualmente hai outras especies pra min, outras especies de plantas, de árbores, de animais, de paxaros, de todo.»(5\_cer\_f).*



*«Pistas hoy hai pero... Cérranse enseguida porque non hai quen as roce. En canto se baixa a madeira, se prepara, despois xa non hai quen vaia... Volver a vender madeira e xa vólvense a cerrar. Eso, matemático.» (3\_rib\_m)*

En quinto termo, **o estado de saúde do monte empeorou, e sufriu as consecuencias dunha maior exposición á contaminación e agroquímicos.**


A orixe desa contaminación é múltiple e as referenzas principais son ao maior emprego de combustibles fósiles e globalización, malia que se mentan a Alúmina-Alcoa e a Central Térmica de As Pontes como boas contribuídas do empeoramento das condicións ambientais. A polución non afecta só ao monte, senón que se estende á saúde das persoas, rendemento da terra e cultivos para alimentación. Os sulfatos e produtos empregados tanto en monte como na agricultura salientan tamén como axentes contaminadores. O monocultivo do eucalipto está ligado segundo varias entrevistadas ao aumento da contaminación e á aparición de novas pragas asociadas ao mesmo, que para algunha delas é mostra do esgotamento do modelo produtivo e da falta de discriminación na realización de plantacións. As plantacións, amais, están relacionadas coa desaparición de fontes:

*«O que si se queixa moito a xente, a partir do ano 2000, medra menos que antes, debido quizá a unha superproducción, quizá chova un pouco menos, está afectado por estas enfermidades que antes non había, e... O das enfermidades é curiosísimo, porque o mesmo goníptero, ou a mesma mychosphaerella<sup>47</sup> che está indicando onde non é adecuado que tu plantes eucalipto, como aquí se plantou en moitos sitios que non era adecuado, aí é onde o ataca e onde incluso o pode exterminar.» (1\_alfoz\_m)*

*«Porque claro, a culpa lévaa a Luminia e ten moita, pero agora é contaminación de moitas máis cousas, agora: aviós, coches, motos, butano, e todo, todo contamina! (...) Nunhos anos moi poucos, si. A fruta e as colleitas, e todo, porque agora todo está manchado, a verdura, tomates, todo! Porque ás veces hai un*

---

<sup>47</sup>Praga patóxena das masas do eucalipto, caracterizada pola aparición de pintas amarelas na folia que impiden a realización da fotosíntese da árbore e retardan ou impiden o crecemento da mesma.



*polviño que derriba dela... Que eu penso o que é, o que dá tanto cáncer e tanta cousa. Porque aquí estamos invadidos del. Está tamén a da...A de cerca de...[Central termina das Pontes].»(7\_cer\_f)*

En sétimo termo e último, moitas das entrevistadas recalcaban o **abandono do monte** medrante como resultado da perda de poboación das áreas rurais. O movemento das xeracións novas cara áreas máis dinámicas, urbanas, levaría a á perda dos vencellos co monte e á desaparición de vencellos comunitarios, o que axuda á expansión de posturas fatalistas entre as persoas de maior idade respecto das posibilidades de dinamización do rural. Os baixos coidados requeridos polas plantacións, fan tamén posible que persoas que residen lonxe das súas propiedades, poidanter cultivos con especies de medra rápida.


*«Pero si... Eu teño dúas... Dúas fillas e non saben onde tan os montes. Unha vez fóramos... O home dunha e... `Taba en estao, que o chaval agora xa ten doce anos. Chegamos á primeira finca, e dixo:"Eu xa non subo máis pa`riba. Xa non subo máis pa`riba". Que aínda había un plano que subir, todo por o lao arriba da costa aquela. Joder... Nada. Adiós muy buenas, acabouse todo».*  
(3\_rib\_m)

*«A xente marchouse para villas maiores e... O contacto directo co monte, inclusive o perdeu creo, o conocimiento da súa finca, unha gran parte. Por tanto, se non vai traballar ó monte está perdendo o contacto total do monte.»*  
(6\_tra\_m).

*«O máis importante é que cada vez vai a menos. Desde que morramos os catro vellos que quedamos por aí»(4\_rib\_m)*

### **Avaliación da actualidade no monte da Mariña: para tódolos gustos.**

Ao contrario do anterior, varias entrevistas recordan con optimismo a existencia de factores na actualidade que favorecerían a introdución de melloras produtivas no monte entre elas a eliminación do imposto transmisións, ou a mecanización do traballo no campo. A crise, ademais, podería impulsa-la volta



ao campo, ao verse as posibilidades de atopar traballo noutros sectores máis reducidas. As restricións orzamentarias terían o efecto contrario, de parálise da situación do monte:

*«Os montes estando limpios, pois tamén o problema dos incendios eran moi inferior, entendes? A administración está gastando moito en incendios e en xente para preparar eso e... Pistas, eh... Claro, facendo concentración eso sería millor. Xa hai unhas pistas que che sirven de cortafuegos, ou os montes estarían máis limpios e... Pero como diñeiro non temos. España parece ser que está moi debilitada, e Galicia tamén, entóns habrá que esperar.» (9\_rib\_m).*

*«Ahora temos, desde o ano pasao, unha ventaxa, desde o punto de vista, en Galicia que é que podes transmitirlo[ os montes en propiedade ] sin coste desde o punto de vista fiscal. Solamente o coste de notario e de... De eso. Que é abondo! Pero, alomenos non tes coste fiscal e eso xa aventaxa moito o tema. Porque... Hai moita xente que non ten interés ningún no monte e eso é un problema, en cambio o outro pois... Pode telo.» (6\_tra\_m)*

*«Pero traballar a terra agora, non é traballar a terra filliña. Traballar a terra é como che digo eu antes, porque había que arala toda con vacas ou bois, traballala terra toda, e á mao que non había maquinaria ningunha. Ahora non é traballar na terra cos tractores e a maquinaria que hai, agora é un divertimento.» (7\_cer\_f)*


*«Eu penso que [volver traballa-la terra] sería bon porque todos no pueblo, non hai... Empleos para todos no pueblo e menos como os queren que queren todos oficinas; e oficinas para todos os estudantes non pode haber.»(7\_cer\_f)*

#### 4.2.5.3. Apego ao lugar e identidade.

O estado do monte e os atributos da paisaxe intégranse na autodefinición e identificación das persoas e grupos. Tódalas funcións do apego ao lugar<sup>48</sup> como treito identitario son esmentadas nas entrevistas, malia que as grandes destacadas son a continuidade e distinción. A identidade das e dos

---

<sup>48</sup>Continuidade, autoestima, autoeficacia e distinción.




entrevistados baséase sobre todo nun apego tradicional, que evoca á propia experiencia e á memoria procedimental, malia haber tamén referencias a un apego declarativo, relacionado coa historia dos lugares e que aparece sobre todo ligado cunha visión do monte como patrimonio, como símbolo do pasado e representado polas congostras, sebes de pedra ou pedreiros colocados como deslindes das fincas forestais. Varias entrevistadas resaltan o potencial da memoria declarativa para recupera-los vencellos emocionais cos lugares, que se estarían perdendo por mor dos cambios nos estilos de vida, cambios de valores e abandono das áreas rurais.

Para a meirande parte dos e das entrevistadas a vía máis importante de xerar vencellos co monte é o traballo directo no mesmo e a propiedade de fincas forestais. O coñecemento do monte e o feito de realizares traballos directamente neles enténdense como treitos identitarios, que implican ser da zona, ser da casa ou ser do rural e que aportan continuidade respecto das xeracións pasadas que tamén traballaban o monte e distinción respecto das residentes no eido urbano. O coñecemento e implicación persoal na xestión dos cultivos forestais durante todo o ciclo de crecemento enténdense como sinal de autoeficacia:

*«Teño un neto que é moi de aquí, de ir ao monte, de colle-lo fouciño e darlle ...»(10\_foz\_m)*

*«...Entonces tuven que irme facendo cargo destas cousas [ dos montes ] e incluso a min nunca me estorbou; quero dicir que non me caen os aneis, que eu teño as maos de andar por aí.» (1\_alfoz\_m)*

*«O neto que teño, que ten doce anos, xa lle gusta [traballar no monte ou facer tarefas agrícolas ] e as outras son netas e unha xa está case casa e as outras non se preocupan, viven fóra. E os que tan... Ten doce anos e outro catro... Ou oito. Ó grande si pero ó pequeno non lle fales de montarse no tractor porque... Ó grande gústalle andar no tractor....Así que acabouse. A Casa de [o seu nome propio], dentro de uns anos, se os boto... Acabouse todo. Adiós muy buenas.» (3\_rib\_m)*



*«Eu cando tiña unha plantación, as últimas plantacións, destes últimos anos, todos os meus fillos foron comigo a facelas, de bastante mala gana, pero levávamos a planta, furábamos, pasábamos o día, volvíamos, e facíamos os traballos nós para que visen eles de onde saía a cousa... Tamén a min mo fixeron, eso.» (1\_alfoz\_m)*

Relacionado con isto, a produtividade do monte ligada ás plantacións forestais con especies de medra rápida enténdese como unha característica distintiva da Mariña:

*«...Pero en cada concello hai 30 millóns de euros, e un millón de toneladas disponibles para cortar. O cal quere dicir que é unha enorme riqueza o que hai aí, e unha enorme produción. Que non ten ningunha outra zona do planeta nin de Europa.» (1\_alfoz\_m)*

*«Témolo demasiado asimilao que a riqueza forestal de Galicia é o eucalipto e o vai seguir sendo.» (2\_barr\_m)*

Na meirande parte dos casos **a creación de relacións e vencellos emocionais co monte compréndense como algo utilitario**, que as persoas desenvolvían polo interese en xerar unhas rendas a partires do seu traballo e coidado dos recursos naturais pero que tamén funcionaba como resguardo de abusos por parte de veciños ou compradores de madeira, que tasaban a madeira tradicionalmente "a bulto" por cálculo aproximado, con importantes perdas para os propietarios de montes.

*«O minifundio non é tan malo como se dice, nin ten tanta cousa, porque o minifundio é un magnífico sistema de defensa. Se todo fora do conde de Fontán, ou todo fora de Mario Conde, por seguir co apelido, pois estaría nas maos dunha multinacional, estarían explotados, en cambio agora cada un defende o seu; é pouquiño o que ten, pero aquilo teno moi coidado, e moi productivo, e naide llo pode sacar porque: "¡Eh, che, que meu pedreiro está aquí, aquí non pasas!" É dicir, é un sistema de defensa que a propia xente o foi creando. ¿E por que o creou? Porque case todas esas fincas, pequenas, non hai tanto tempo que son propiedá desas familias.»(1\_alfoz\_m)*


*«Teño fincas en tódalas veigas, tuven que aprendelas pa' poder cotarlle-la madera, porque sino igual me apretaba o vecín e non me enteraba.» (4\_rib\_m)*

A **segunda vía de identificación co monte é para varias entrevistadas o coñece-la historia propia**, que moitas relacionan con aspectos de tipo emocional e que axudan a un aumento da autoestima. Estas fórmulas aparecen citadas sobre todo en relación aos usos recreativos e ambientais dos montes. Ademais, son referidas como as canles para que as xeracións novas, que xa non van traballa-lo monte directamente, desenvolvan vencellos cos montes e coas súas zonas de orixe.

*«Por tanto, se non vai traballar ó monte está perdendo o contacto total do monte. Entonces eh... A situación é que si lle pode interesar o monte como un bien que lle... Desde un punto de vista ecológico é importante, si quere vivir na zona, é importante dende o punto de vista económico. Pero, non de gestión propia.» (6\_tra\_m)*

*«[ o contacto co monte] é cultura, coñecemento, o benestar da xente é todo, saber tamén, coñecer cousas. Pra min o saber é saber cousas, é un benestar. Cando coñeces e sabes, non só os teus antepasados, nin de onde ves, a disputa celta-castrexa me da igual, pero é moi interesante coñecelo e ver que aquí vivía outra xente que as nosas vivendas veñen das súas vivendas. As nosas formas de vida tamen as tiñan eles, nosotros aprendimos o que sabemos porque os nosos antepasados fixérono así e desde fai moitísimos séculos, moitísimos, é evidenciar eso. Pra min é moi agradable e penso que si a xente ten e pensa iso e o disfruta e o valora, pois tamén influye no estado de benestar, para min. » (5\_cer\_f)*

Os vencellos coa comunidade próxima, **o apego comunitario** aparece nas entrevistas como un aspecto indisoluble dos vencellos co lugar. Estes lazos son encarnados pola presenza de normas non escritas que denotan cohesión social, como a organización en comunidade de tarefas no monte ou ao entenderse o respecto polos montes e patrimonio como equivalente ao respecto polos antergos. Varias das entrevistas califican o grao de apego comunitario na súa zona de residencia como baixo, tanto no pasado como no presente,




malia sinalarse unha tendencia á baixa. O apego comunitario relaciónase cunha maior coñecemento propio e con maior eficacia e autonomía para a satisfacción das necesidades.

*«...De feito había xente que non tiña montes en propiedade e iba cortar monte, iba á leña para as casas ó primeiro monte que atopaba pero, había unha lei que era cortar os pinos mortos, secos. Ou sea, ninguén lle iba cortar un pino verde a naide soupera quen era o propietario ou non o soupera, ou sea... Esa era unha lei, digamos, que caía de caixón, non? E aí a cortar os pinos mortos ou que había algún tirado, todo eso para aproveitalo. No monte, era unha cousa desta zona, vamos.» (2\_barr\_m)*

*«É moi importante antes nas aldeas, pois decidíanse cousas en comunidade, foise perdendo pouquiño a pouco. En un tempo había unha persoa que decidía soa. Se chegou a eso, pero antes non era así. As sociedades anteriores, non era así, decidíase en comunidade e sempre se miraba o ben para toda a comunidade, non só para unha persoa, ou non só o que dicía unha persoa era bon, para toda a comunidade, había sempre alguén que podía decir: "Eso está ben para un grupo de xente, pero non para outro grupo de xente".» (5\_cer\_f)*

O estado do monte actual na Mariña está directamente relacionado para moitas das entrevistadas cun nivel de apego ao lugar baixo e unha falta de capital social, que varias asocian á natureza individualista dos e das galegas, á unha aversión natural ao cambio ou á ausencia histórica dunha clase con capacidade adquisitiva que impulsara os cambios. Relacionado con isto, as entrevistadas falan dunha baixa autoestima, dun descoñecemento e desinterese polo propio e dunha perda da cultura propia:

*«Do eucalipto sabemos, efectivamente, que é foráneo. Que indica unha falta de identidade? Si, efectivamente, iso e moitas cousas máis. Eu penso que o pobo galego é un pobo, digamos que, que se deixa conquistar facilmente. Dalle igual quen veña de fóra a poñer aquí... A plantar.»(2\_barr\_m)*




*«Nós aquí temos moitísimas paisaxes que ofrecer e non queremos nin eso. Moito que vender, moitos atractivos turísticos e sobre todo cultura. Moitísima cultura. Temos patrimonio natural, temos patrimonio cultural, temos patrimonio arqueolóxico e patrimonio inmaterial. O patrimonio inmaterial tamén conta, vale moitísimo diñeiro, Non todo o mundo pode contar con un patrimonio inmaterial. (...) Entón non sei a que se debe eso, si se debe a una falta de información, que pode ser. Porque, realmente, a información é poder e hai xente á que non lle interesa... Catro, cinco, seis persoas á que non lle interesa que a xente teña información, porque a xente ben informada pode ser un problema, non?»(2\_barr\_m)*

*«Aquí a fidalguía, a elite que había, nunca tirou; sempre foi egoísta, anduvo ao seu, acabou marchando para Madrid, comprando fincas no Mediterráneo... e deulle as costas ao país. Se houbera seguido outros modelos, como o de Otero Pedrayo, por exemplo, os fidalgos do carallo, hai algún que é bastante crápula, e hai algún que é cabronazo, pero hai algunhos tipos... que tiran polo país, moito, que se preocupan de seu país, que son xente moi capacitada, que era o que aquí faltou.» (1\_alfoz\_m)*

*«Lévanse mal. Si, lévanse mal. Por diante igual non se levan tan mal, por detrás lévanse mal todos, hai moita envidia, hai moitas envidias, hai moitas cousas... O que hai en casi todas as aldeas, non sabes? Eso pasa en todos os laos. E se nunha aldea que saliron pouco, tiveron pouca escuela na maioría. Pois non razonan, non razonan.»(10\_foz\_m)*

Tamén importante, a desconfianza entre os propietarios do monte, que os volvería reacios á colaboración e crearía recelos respecto da administración pública, explícase de acordo ás entrevistadas por unha longa lista de abusos por parte da administración pública e compradores de madeira, que aproveitaban en moitos casos o baixo nivel cultural ou a necesidade económica destes para obter un beneficio ou acadar neles cambios de conduta:

*«Ó mellor viñan e dicían: "Hai que cultivar non sei que que van a pagar tal..." E a xente a metían enganada... E despois unha vez que estabas metido, te metiches ó millor nun préstamo grande que iban a pagar vinte a non sei canto e o vinte quedou a dúas pesetas eh... A carne igual, entendes? A carne non vale nada.»(9\_rib\_m)*



«[ os montes de ] Burela, e o de San Román de Rúa, e se concertaba a través da diputación ó Distrito Forestal do Estado.(...) Pois ese diñeiro non iba concretamente para as parroquias, iba pa' Burela... Pa' Burela e San Ciprián que eran os núcleos máis grandes que había. Os do monte, os que vivía ó lado do monte, os que tiñan que aproveitarse desa cantidá, nin perra gorda, claro.» (10\_foz\_m)

«É lógico... de catro ou cinco maderistas que coñecemos por aquí ó rededor, de que se fixeron con moitos cartos. De que foi? De facer a madeira como fan estos [Ence] á tonelada. No. A trece euros a tonelada, si, gánalle algo. Pero non millós.»(10\_foz\_m)

A falta oportunidades laborais para as xeracións novas na Mariña explica tamén o desapego medrante entre a poboación, que marcha. Asemade, moitas informantes datan a existencia dun cambio de valores entre a poboación, que lle daría menos importancia ao coidado e tarefas reprodutivas do día a día. A velocidade dos cambios socioeconómicos acompaña a mudanza de valores, dificulta a adaptación das xeracións máis vellas e o intercambio interxeneracional. Percébase unha desconfianza cara as xeracións novas por parte das persoas de maior idade, que vai acompañado dunha postura fatalista respecto das posibilidades dun relevo xeneracional:

«Lles contamos as miñas cousas a meus fillos e parécelles que é mentira todo aquilo, que non é verdá. E nosoutros... Pois mira que diferenza de edá hai, que son trinta anos. Desde o ano sesenta ó ano ochenta o cambio foi impresionante, pero impresionante. Dun ano para outro, dun ano para outro aquilo era impresionante.»(9\_rib\_m)

«Eu creo que se perderon valores de respecto a todo, incluso ás persoas. Porque si valoráramos e respetáramos a nosa persoa e á persoa que temos ao lado, as cousas que temos ao rededor, non faríamos a metade das cousas que facemos, que destruíamos moita vida natura, vida animal. Eu penso que é cuestión de que vivimos para satisfacer o noso día a día, punto. Non nos importa destruír outra cousa. Penso que é así. Hai xente que si o fai, que valora o que temos ao rededor, eu penso que é unha cuestión de determinados valores que se foron perdendo, o de determinadas formas de vida, que se perderon.(...) Non sei por que pero vexo que é así, cando viaxo fora daqui e vexo outros sitios, digo:"Jo! Por

*que é así? Por que non seremos nós así?" Vas ver os lagos suízos e alucinas por cores...E sigue habendo carreteras, e sigue habendo casas, e industrias, sigue habendo de todo, pero non se deteriora, como se deteriora aquí.»(5\_cer\_f)*

*«É un problema que é generacional, que non é... Cada generación ten a súa forma de vida, e á nova pois pétalle o cinto. Pois os novos non pensan nos outros, se non no 'taba así. Tampoco nosoutros pensábamos como os nosos vellos, as cousas hai que falalas despois. Cada generación ten a súa vida. O que vai vir, pois non o sabes, igual é peor». (4\_rib\_m)*

#### 4.2.5.4. Satisfacción co lugar, unha atitude.


O estado do monte aparece para as nosas entrevistadas como directamente relacionado coas posibilidades de satisfacción das necesidades propias<sup>49</sup>. A necesidade destacada que a eucaliptización axuda a satisfacer é a de **subsistencia** e que se relaciona cunha comprensión maioritaria do monte como recurso produtivo, do que amplas capas sociais da Mariña se benefician. Os cultivos forestais axudan á produción de rendas no monte e aproveítanse de acordo a un sistema sinxelo, empregando maquinaria e rachando cuns usos do montes connotados negativamente, propios do pasado:

*«Por tanto eses, a eses non lles afecta, porque eses con tal de ter algo que produza, non lles afecta [ os cambios no monte sobre o benestar ].» (1\_alfoz\_m)*

*«Ai os cambios do monte non afecta á xente d'aquí porque era moi esclavo. Mira que antes a madeira había que facela con tronzador e serrar entre dos. Eu teño ido irlle axudar ó home, xa varias veces, e cargala igual á mao que non había*

---

<sup>49</sup>Usamos aquí o marco teórico de Max-Neef (1996) e entendemos como necesidades as de subsistencia, protección, estima, entendemento, participación, lecer, creación, identidade e liberdade.



*plumas nos tractores nin había... Nin había tractores, non había nada. Había unhos coches cativos que a carretaban e listo. Así que de extraño o monte non se bota pa' nada porque era moi esclavo, moi esclavo. Non daba pa' vivir, non sendo aos que tiñan moito capital.»(7\_cer\_f)*

*«Eu creo que o mellor sería a concentración dos montes. A concentración dos montes eu creo que era fundamental para que crecera a riqueza do monte, para que non estiveran abandonados como están. Eu creo que estaría mellor se fan unha concentración de montes, pois a xente que se metería un pouquiño máis neles, que os traballarían máis e que os explotaría, que non os está explotando.» (9\_rib\_m)*

*«Nós teñeríamos, pois, moito máis autóctono dicímolo sempre, os propietarios de montes, pero temos que sacar unha produtividade, porque necesitamos vivir deso, evidentemente é outro recurso, está aquí pero non nos convía que cambie e que bueno... No canto de que esté todo de eucalipto e... Dunha nova especie, pois invasiva e todo eso pois poñer outro tipo de cultivo. Pero claro, dalgunha maneira que nos renda, non? non para telo... Aí de adorno. Evidentemente temos que vivir todos. » (8\_barr\_f)*

Nembargantes, a estrutura da propiedade da terra e a deixadez tando da administración como de propietarios/as particulares respecto do ordenamento do territorio, supoñen unha barreira á maximización desa necesidade de subsistencia. A anterior, sumada a unha estrutura da cadea forestal-madeira e da economía en xeral pouco xusta e con posicións monopolistas provoca que as rendas dos cultivos forestais, e do monte, supoñan só unha fonte secundaria de ingresos para a meirande parte da poboación. A contaminación é sinalada tamén como barreira ao pleno desenvolvemento do potencial produtivo do monte. Nesta visión, os valores individualistas e sociais son os protagonistas na definición dos satisfactores da subsistencia.

*«O día que ... Que a alguén lle dea por decir que o eucalipto vaise pagar a dous euros a tonelada, pois é o que hai. Esa xente que pode facelo, existe, está aí que son os que manipulan, son os que poden con todo, son os poderosos que son os que teñen a pasta que son os que poden dicir:"Aghora voucho pagar a tanto ou aghora non cho compro". Bueno, e aghora págase o castaño, pois a*


*non sei que, a nada. Eu o que non entendo é que como cando vas comprar un mueble, pagas un pastizal por un mueble de castaño, ou de carballo, ou de cerdeira, ou de o que sexa e o noso non vale pa' nada.» (2\_barr\_m)*

*«É un beneficio e non me plantexo nada máis, e punto, como os eólicos, por que? Nadie se plantexa que pódenos dar algo máis, watios de electricidade e non nolo dan e sen embargo está aí ao lado. Os montes están pragados de eólicos... Que si, me dan os cartos porque está ó eólico nos meus terreos, e si, me dan as pelás, pero o beneficio que saca esa xente, porque non revirte doutra forma en nós? Eso tampouco o entendo, como deixamos que se teña todo o monte plagado de eólicos, e estamos pagando a electricidade a unhos precios desorbitados. Non o entendo.» (5\_cer\_f)*

*«Ahora eso faino Ence, que eran... Cerraos, lle chaman, en vegas de estas que hai por aquí, para que vendamos a madeira en conxunto. Pero resulta que claro, a nuestra está plantada fai vinte anos, outro está fai de diez, outro de cinco, e outro non ten nada. Entonces, claro, hainos un zafarrancho aí que non hai maneira de que tal... Porque o que ten vinte anos interésalle vendela. Pero o que ten dez non lle interesa, que non lle deixa nada.» (4\_rib\_m)*

En segundo termo, para algúns dos entrevistados e entrevistadas os cultivos forestais son a única opción viable de seguir traballando no monte, supón a posibilidade de continua-la obra dos antergos e nese senso axudan á conservación e desenvolvemento dunha **identidade** propia fronte outras. Pola contra, o espallamento dos cultivos forestais desdebuxa as posibilidades de mantemento da identidade propia nos casos nos que o monte se entende sobre todo ligado co respecto ao medio, historia, biodiversidade ou saúde. Esta cosmovisión fai énfase nos valores biosféricos como base para a creación dunha identidade.

*«O benestar vémolos nós, na medida do que temos arrededor, pois é o que ten que haber, non é a alteración da paisaxe. Alteramos moito, cando construímos casas o facemos carreteras o canteiras ...E todo eso...Pero non creo que o benestar dependa só de todas esas cosas novas que facemos, sino, deixar que o que temos...Deixar como era antes, o que temos na terra.» (5\_cer\_f)*




*«Co montón de castros que hai, a diós, bueno eu solamente coñezo o de Eira Longa, aquí na carretera de Meira, e coñezo tamén o de Santa Tecla, donde hai unha documentación, donde están restaurados, medio restaurados. Están, digamos, consolidados, non? O resto están aí plantados de eucalipto, precisamente, a maioría deles. Están catalogados, están inventariados, pero non se mira por eles. Eso é como prohibir ir a máis de cento vinte pola carretera e todo dios vai a cento ochenta en non hai nin guardias de tráfico nin hai nada».*  
(2\_barr\_m)

Asemade, e en terceiro lugar o estado do monte relaciónase coa **estima**. De xeito similar á identidade, atopamos dúas posturas contrarias. Para a primeira, o cultivo forestal, a propiedade do monte e o uso produtivo do mesmo son a vía prioritaria para o establecemento de vencellos emocionais co monte, por coñecemento directo e malia estar a xestión do mesmo externalizada e mecanizada. Para a segunda, que valora a diversidade da fraga autóctona como parte do patrimonio e entende o coidado da natureza como non intervención, o predominio das masas forestais para aproveitamento industrial supón un impedimento para a xeración de estima respecto do monte.

*«A paisaxe ten moitísimo valor nas nosas vidas, ten o valor da cultura, ten o valor... Non sei, de ver... De ver a paisaxe en outono sen follas, esa paisaxe que é tan bonita que deixa pasar a pouca luz no inverno, por eso lle caen as follas ás árbores, que iluminan doutra maneira os lugares, os pobos. Eu creo que hai outra luz cando as árbores son os que debería haber nese sitio, hai... Outra luz, outros cores nese lugar.»*(5\_cer\_f)


*«Pero donde seña posible plantar, como digo, cerdeiras que sería en zonas que van quedando agora nas aldeas, no no centro aí das casas, pero hai zonas... Vas a Castelo, vaste aquí a Cangas; á Cordeira aí para arriba, llanos que é un terreno muy bueno. Por que lle vas meter eucalipto? Si é unha pena. O que hai que facer é usar a lei, prohibido... Está prohibido.»* (10\_foz\_m)



Cuarto, o estado do monte incide tamén nas posibilidades para o **lecer** dentro do mesmo. Neste caso a extensión dos cultivos forestais e a falta de mantemento das infraestruturas no monte como consecuencia da estacionalidade das cortas, aparecen negativamente asociados ás posibilidades de realizar actividades lúdicas dentro do mesmo. A estrutura da propiedade da terra, en mans privadas, é referida tamén como un impedimento ao lecer no monte, xa que os propietarios terían unha visión pechada da súa propiedade ao non existir incentivos para o acondicionamento de áreas para uso público. A deixadez da administración autonómica respecto do ordenamento forestal, é tamén responsable de que non se creen en maior medida áreas de recreativas nos montes de titularidade pública. Por último, a competencia dos eucaliptos sobre flora e fauna autóctonas, elimina dos montes aqueles elementos que propiciaban o lecer no mesmo e que unha parte das entrevistas asocian ás fragas autóctonas. As posturas que ven o monte como espazo de lecer están fortemente vencelladas aos valores sociais e as posibilidades de realizar actividades en grupo que un maior contacto maior co monte conleva, así coma cos biosféricos.

*«Logo, agora por exemplo, a xente por exemplo xa valora tamén a... Ir ó monte, mirar os árbores. Aínda que teñas unha finca que non ten moito, si vas alí e tes unha vista xa ten un valor... Que te estás... Estás vendo unha cousa, estálo pasando ben... Aquí teñen de todo, teñen río, teñen mar, teñen montaña, teñen de todo. Calquera, bueno... Ver esto verde por aí arriba, e ires á zona de Castilla ou outras zonas por aí secas, que no caso de Cartagena, vaite por aí ó sur ...Que mi madre del alma!»(10\_foz\_m)*

*«... E que hoxe en día ter unha carballeira sería o soño de moitos, non? Para min por exemplo, ter vinte hectáreas de carballeira cerradas e meter vinte porcos celtas alí dentro, sería una pasada, no? Xa o sei que non che producen nada pero... Por exemplo, ter un souto de castaños. Ti imaxínate solamente cunha hectárea... Unha hectárea de monte plantada a castaños. Puá! Pois por alí... Ou sea sería túa pero... Pa' que fose todo o mundo alí a buscar castañas. Os nenos do cole coas excursiós, claro... Sería unha chulada, non?» (2\_barr\_m)*



En quinto e último termo, o estado do monte inflúe para os e as entrevistadas nas posibilidades de **participación**, de involucración na súa xestión. Sobre todo, de novo a estrutura da propiedade da terra e os procesos de individualización da propiedade acontecidos durante o último século, favorecer a perda de contacto e usos do monte para amplas capas da poboación, dificultando tamén a interacción con outras persoas no mesmo. Neste marco, os cultivos forestais enténdense como causa e consecuencia desa perda de participación nos usos e ordenamento do mesmo, propia do pasado. Por unha banda, os cambios na estrutura socioeconómica dende os anos 40 e até agora, facilitan de acordo ás nosas informantes a proliferación das plantacións, menos esixentes en traballo. Por outra, os eucaliptos como uso maioritario no monte, alonxarían á poboación do mesmo, que deixaría de interesarse polo seu estado ao non ter tanto contacto co mesmo.

Como vimos, existen distintas necesidades cuxa satisfacción está estreitamente ligada para as entrevistadas co estado do monte actual na Mariña. As demandas que se lle fan ao monte por parte das entrevistadas e que poderían agruparse en dous bloques con reaccións homoxéneas respecto da satisfacción percibida en relación ao estado do monte: produtivas e non produtivas. Dita diferenciación fúndase segundo as nosas testemuñas nun conflito pola definición dos usos monte entre ecoloxistas e paisanos, tamén referido como un conflito entre residentes no medio rural e no urbano. Se por unha banda as demandas non produtivas (de lecer, de estima...) atribúense a necesidades propias das urbanitas, ás produtivas relaciónanse coas ruralidade para unha parte das nosas entrevistadas.

O ecoloxismo denota para algunha das nosas entrevistadas unha posición ideolóxica de esquerdas. Nos casos nos as demandas de maior calidade ambiental no monte proveñen de persoas do medio rural, as primeiras son consideradas despectivamente como froito dunha falta de coñecemento do monte. As demandas sobre o monte por parte das residentes do medio urbano son consideradas invasivas por varias entrevistadas e xeran reaccións de tipo defensivo por parte das mesmas. Varias testemuñas afirman vivi-lo conflito sobre o rol do monte, entre usos produtivos e non produtivos, dentro das súas

mesmas familias. No que atende á eucaliptización, as novas xeracións serían máis reacias a aceptala.

*«Os ecoloxistas, ecoloxistas de salón, os que discuten, e dicen: "No, temos que ter todo con carballos, e todo con bosque natural". Claro, están dispoñendo do que non é seu, que todos teñan pa que el pasee, pero, claro, dirán: "Oie, que pasee tu padre, que eu o teño pa o que o teño". Aí hai... Eu ás veces digo unha frase que reconozo que é un pouco cabrona que é que eu ando todos os días polo monte, pero cando digo tódolos días é tódolos días, poño as botas e ando por aí, non? Cando non é co can, é co coche, co Land Rover, con eso, tal. Pero eu nunca encontro un ecoloxista no monte.» (2\_barr\_m)*

*«Eu teño tres fillos e hasta agora e todo, ven mal os eucalitos. "Pero por que non valos cambiar? Non os vas cambiar...". Eu, dígolle ó meu neto:"Mira... Acórdaste cando plantamos ese monte de aí arriba e foi..." Tiña tres anos o cativo, tres ou catro anos tiña, e dícame: "Abuelo, cuando los vamos a cortar? Si hombre!, eso que son lechugas?" (...) E que non lle quere ós eucaliptos, non lles quere aos eucaliptos e eso que non ten nada de izquierdista.»(10\_foz\_m)*

#### 4.2.5.5. *Atitudes e probabilidade de comportamento proambiental.*

Varios dos significados asociados ao monte son percebidos como ameazados ou mellorables. Diante do risco, as intencións de comportamento ou atitudes dirixidas prioritariamente á redución da deterioración ambiental son minoritarias. Non obstante os e as entrevistadas, integran na maioría das súas propostas de cambio para o monte da Mariña, medidas que poden entenderse como beneficiosas para a calidade ambiental do mesmo, malia ser de xeito indirecto. En xeral, as repostas amosan unha boa disposición ao uso múltiple do monte, aínda habendo excepcións e sinalarse certas condicións para que isto puidera darse. Inclusive, varias entrevistas sinalan o interese económico que se podería derivar dunha maior multifuncionalidade do monte:


*«Eh... bueno, primeiro, eu cambiaría... Organizaría a propiedá. Número un, organizaría a propiedá. Eh... Segundo. Neses planes faríaos integrales, desde o*

*punto de vista de que mantendría a biodiversidá e as conservaciós de todas esas, igual que se fixo aquí, eso para min é fundamental. Non debe... Agora, hai que aproveita. Facer... Aproveitar os montes productivos adecuadamente, pero hai zonas que realmente deben... Deben existir zonas de pasto, deben existir como deixamos, deben existir zona pá caza; nosotros deixamos unha zona exclusivamente pá caza, para botar esto... Semilla de cereal e de todo eso. Deben quedar resguardados adecuadamente os acuíferos, todos os nacimientos de auga e todo eso, protegidos e... Proteccións. Todo eso habería que facelo, pero habería que facelo en toda a Mariña e despois poder manter a biodiversidá dentro do que cabe; e lógicamente sacarlle moito máis proveito...»(6\_tra\_m)*

A planificación a longo prazo dos usos do monte, a xestión conxunta e un maior ordenamento dos terreos forestais, eran medidas sobre as que había amplo consenso e que en xeral tomábanse como beneficiosas, independentemente dos significados prominentes. Entendíase que estas medidas eran beneficiosas para o monte e as relacións das persoas co mesmo, reducindo o risco de abandono e as probabilidades de lumes forestais: os inimigos comúns.

*«Pero a mí gustaríame que se fixera algo no monte. Que se fixera unhas parcelas verdes, unhos servicios un pouco decentes y que non... Hoxe non tes por onde andar. Se te metes por aí arriba e te perdes, non o... Non o conozcas, pos... Non hai nada parecido.» (4\_rib\_m)*

En primeiro termo, **o concepto do monte como espazo para o contacto coa natureza e pracer** era percibido como directamente ameazado polo monocultivo de eucalipto e outros usos industriais do mesmo. Ligadas a dita idea, a meirande parte das propostas de cambio esmentadas eran pro-ambientais. As entrevistadas declaraban en primeiro termo a necesidade de limita-la expansión do eucalipto, diversifica-los usos do monte plantando novas especies, creando novas áreas recreativas no mesmo, volvendo traballa-la terra ou reducindo a contaminación. Fundamental, moitas persoas subliñaban a necesidade de aumenta-lo contacto entre propietarios forestais e resto da sociedade, de xerar confianza. Varias persoas indicaban o maior rendemento agregado que a diversificación da actividade do monte levaría asociada.




*«De feito sería moi necesario, desde o meu punto de vista, facer unha ordenación... Facer un plan de ordenación do territorio forestal. É dicir, aquí podese plantar eucalipto e aquí non se pode plantar eucalipto, non? Eu é o que vería moi lóxico. O mesmo que hai un plan de ordenación municipal, donde aquí pode edificar seis altura, alí catro e alí non podes nin facer un caseto.» (2\_barr\_m)*

*«E se funcionasen ben as asociacións de propietarios, se tivesen esa mentalidá, a min paréceme que a xente... Para un propietario que realmente, un silvicultor que lle guste aquilo, lle gustaría que alguén viñese, vise o monte, disfrutase como el, e que non lle ten medo a esa xente que vén. Esa xente que vén normalmente non é o incendiario nin é o delincuente. E unha xente que vén, é natural, que quere disfrutar un pouco no monte, esa xente non é perigosa nunca, como consideramos que non son perigosas as praias de nudistas, nin un señor que vai con un can.» (1\_alfoz\_m)*

*«Non son árbores grandes, son medio arbustos o tal pero o noso chan... Si non se deixa degradar tantísimo co eucalipto, ten a propiedá de regenerarse con esas plantas que ten debaixo. Si a deixamos claro, si non a deixamos e cortas eucalipto, e volves a plantar eucalipto, e pasas máquinas, e tal... Entón degrádase. Si se deixa, hai de todo, hai que enseñarlles á xente que é así que eso pode volver a saír.» (5\_cer\_f)*

*«A min paréceme que entón os montes que terían que estar como digo eu a frutales, e pastizales, e labrar as terras e todo... Todo o demáis, e quitar a contaminación que eso vai ser máis difícil. Porque claro, a culpa léva a Luminia e ten moita, pero agora é contaminación de moitas máis cousas, agora: aviós, coches, motos, butano, e todo, todo contamina!»(7\_cer\_f)*

En segundo termo, **a idea do monte como patrimonio** xeraba reaccións de tódolos tipos: tanto pro-ambientais como non. Por unha banda, aquelas persoas que entendían que coas plantacións forestais estaban perpetuando unha herdanza secular ou familiar de traballo no monte, non sentían a súa idea



de monte como en risco e propoñían sobre todo cambios non orientados á mellora da calidade ambiental.

*«A min gustaríame que o monte estuvera aí, que seguira producindo o que fora, pero que estuvera hábil, e que se seguira conservando de generaci3ns e generaci3ns, porque 3 un traballo de moitos anos, moito sacrificio de moita xente que loitaron moito por facer todo eso.» (8\_barr\_f)*

Por outra banda, cando a idea de patrimonio facía referencia en maior medida á diversidade de fauna e flora ou á organizaci3n de tipo comunitario que o monte acollía, estes significados si eran vistos como ameazados e as propostas de cambio, aínda dirixíndose non só á protecci3n ou mellora ambiental, si que estaban relacionadas cun incremento da calidade do medio ambiente na 3rea.

*«Unha utopía ser3a un monte com3n, monte comunal, que os hai pero que no funcionan como tal. Ser3a perfecto que cada aldea, tivera un monte com3n, que dedicara como hab3a antes, eran esas zonas onde iba toda a xente de aldea a cavar a roza. Non sei como era, pero hab3a unha zona com3n onde toda a xente, sacaba un beneficio dese monte com3n. Agora o monte com3n, est3 dividido en parcelas, onde cada propietario ten un cacho. Vaia tontería, si 3 com3n, 3 com3n, non debe ser parcelado.» (5\_cer\_f)*

Terceiro e 3ltimo, para aqueles casos nos que **o monte era considerado maiormente un recurso produtivo**, este non era apreciado como en perigo e as persoas enfocaban as s3as suxerenzas cara 3 mellora da produtividade e rendemento dos cultivos. A concentraci3n parcelaria, a mellora das infraestruturas, xesti3n conxunta das explotacións forestais, unha maior transparencia do mercado ou fomenta-lo asociacionismo entre propietarios forestais figuraban entre as propostas m3is repetidas:

*«...Eu estou moi conforme con que se lle faga producir, porque me din cuenta que si produce econ3micamente, se conserva, est3 mellor, e a xente o cuida, e o*

*valora. E se non produce nada, deixas todo a bravo, que o leve o demo.*  
»(1\_alfoz\_m)

*«Agora hai que ir adaptándoos porque as... Cambiaron as cousas totalmente, é dicir non podemos estar co sistema do século dezanove e nalgúns casos do século dezaioito, co monte. Son parcelas moi pequenas e moi pouco productivas, que claro, que trae un montón de inconvenientes en normas económicas, é unha maneira tamén para os produtores de montes.»*(8\_barr\_f)

*«Mellor estaba que estivera limpio, [ o monte ]pero pa' limpalo sal moi caro, non dá a madeira para preparalos, como tiñan que estar preparados. Os nosos estiveron preparados mentres puido [nome do marido], pero agora están tamén, están traghateitos; e se vamos pagar por rozalos, porque de cada dous ou tres anos tes que estar rozando neles, non chega o presupuesto. Así é a vida dos montes. Os montes non teñen moito futuro tampouco.»*(7\_cer\_f)

Existía acordo respecto de que a intervención da administración pública sobre os montes tiña que mudar, malia non haber consenso sobre a dirección na que debiera facelo: retirarse ou intervir máis.

*«Que nos deixaran plantar eucálitro, eso é o que... E se non nos deixan plantar eucálitro, malo. Porque aquí o monte que temos, chamámoslle monte comunero; e non deixaron plantar eucálitro...Porque se sacaron moitos cuartos de eucálitro, e houbo moi buena madeira cuando se tumbara aquí unha parte. Había muita madeira, si. E agora hai madeira... Hai pinos que están pudrindo, secando e todo... Pero pinos que hai dous homes que non os abrazan, insignus. Están pudrindo e non hai a quen vendelos.»* (3\_rib\_m)

*«... O que a xente queredría é: "Eu no meu monte, planto o que me dá a gana. Pois eu, entroume a gana de plantar repolos, porque son admirador dos repolos, eu quero ter aquí una hectárea de repolos". Si, porque me dá a gana, a min. E quen impide eso cunha propiedá que xestionas tu. Ah!, pero venche a Xunta e di: "Prohibido plantar repolos porque producen un gas na atmósfera que é prexudicial para non sei que"... E venche alí o guardia de turno e métete unha multa criminal por ter plantada unha hectárea de repolos. Eso pasa, eh?»*  
(1\_alfoz\_m)

«Moitas veces tes abandonado porque as pistas están fatal, os accesos e bueno, eso aínda é practicamente inviable porque hai que limpialos, tería que ser un troco coa administración.» (8\_barr\_f)

#### 4.2.5.6. *Expectativas futuras e eficacia.*

**A través de que cambios o monte da Mariña no ano 2040 podería contribuír do mellor dos xeitos ao benestar da poboación?** A meirande parte dos e das entrevistadas predecían unha diversificación dos usos do monte no 2040 na Mariña, malia o mantemento da importancia relativa das plantacións forestais sobre o conxunto. En xeral e na liña dos resultados anteriormente descritos, **o benestar asociado ao monte era comprendido polas entrevistadas de dous xeitos distintos: como a renda obtida froito do seu aproveitamento produtivo; ou como outra cousa.** Se a primeira asociábase a un aumento das rendas do monte, dentro desta segunda categoría, as respostas amosan unha ampla diversidade e referíanse a unha maior confianza e cooperación, unha maior capacidade de decisión da poboación ou un aumento dos graos de autosuficiencia e autoabastecemento.

Malia o anterior, nin a variedade nos usos do monte nin o incremento da produtividade afectarán de xeito significativo a frea-la perda de poboación do rural, que agravarase. Co gallo de organiza-los resultados obtidos, agruparémolos en dúas visións.

**A primeiravisión baséase nun aumento da produtividade dos aproveitamentos industriais do monte** en base á mecanización, intensificación dos cultivos, eliminación de trabas derivadas do minifundismo e baixa mobilidade da terra e ao incremento do valor engadido producido ao longo de toda a cadea forestal-madeira mediante o impulso de actividades de I+D+i no sector. A investigación, desenvolvemento e innovación concentrarían

do aumento dos empregos no sector, cuxas fases de extracción serían menos intensivas en factor traballo.

*«No, esto teñen que... Teñen que... Co tempo, paréceme, ten que ser todo industrial. Zonas que se plantan para cultivos de madeira ou de esas historias, e que podes meter unha máquina que o corte todo.» (4\_rib\_m)*

*«Para ser competitivo, o que 'tas cambiando é postos de traballo moitas por mecanización. E eso está pasando en todo. Por tanto, non é que vaia crear máis postos de traballo. Vaise ser competitivo e realmente, pois, vas a crear unha produtividade importante desde ese punto de vista para ó propietario. Vai haber postos de traballo logicamente, que vai haber posto de traballo. Pero... Pero pode haber postos de traballo en investigación da... Da planta mellor. Vai haber postos de traballo para o tema de enfermidades e deso... Vai haber traballo para moitas cousas desde o punto de vista de planificación, organización, de tal... De certificación, etcétera, etcétera, etcétera, tal. Pois créanse postos de traballo porque cada vez vai exigir distintas cousas.» (6\_tra\_m)*

A profesionalización do sector, faría que o propietario dos terreos fora perdendo terreo na xestión e aproveitamento do mesmo fronte aos empregados das empresas do sector, nos que recaería o manexo do mesmo:

*«Entonces, non pode vivir o propietario do monte. O propietario, que hai hoy, non pode vivir do monte na maioría dos casos ou no noventa e nove por cento dos casos non vai vivir do monte. Tampouco non vai ser el quen a vai facer... Quen vai facer o traballo do monte. Por tanto, dalgunha forma ten que haber a empresa especializada que realmente gestione ese monte adecuadamente por orden do propietario ou ben por convenio, ou ben polo que sea... » (6\_tra\_m)*

Ademais, as entrevistadas engaden á visión a eliminación relativa do curtopracismo como principio reitor da xestión das masas forestais e albiscan plans de ordenamento integral do monte que permitan a convivencia de

múltiples usos e a introdución de especies nobles nos cultivos forestais. Tamén, fálase da reorientación do sector cara á transformación. A tecnoloxía axudaría á xeración de maiores rendas no sector, reducindo custes e abrindo novas fórmulas de aproveitamento dos produtos forestais.


*«Home, eu creo que debería estar plantado. O monte plantado sería unha fonte de ingresos grande, que estivera plantado e que a xente se preocupara del; eu creo que sería idóneo. Despois facer, non sei, zonas de ocio, zonas de senderismo, vamos baixo o meu punto de vista, non sei. Básicamente ten que ter zona de castaños, eso si.» (9\_rib\_m)*

*«Ahora... Que tamén é probable, e debe, y é recomendable irse a segundas transformacións máis... E entonces que haxa zonas en que se manteña eh... Que se deixen árboles importantes para sacar segundas transformacións....» (6\_tra\_m)*

*«Co cal, no futuro, e non tardando moito, vai aparecer algo, tanto plantas de biomasa como incluso algunha fábrica de pasta, ao mellor de tamaño máis pequeno, ou así, que utilice o nitens, porque dentro de dez anos, no 2025 vai haber unha superproducción de nitens interesantísima.» (1\_alfoz\_m)*

No que atende ás especies predominantes no monte mariño no 2040, hai dúbidas sobre cal será a especie dominante; malia preverse unha maior importancia do *Eucalyptus nitens* sobre o *Eucalyptus globulus*, máis frecuente na actualidade e froito dunha dependencia da senda:

*«Eu creo que, si, en principio o monte vai estar mellor do que está, nesta zona da Mariña, eh? Vai haber mellores infraestructuras, outros sistemas máis avanzados e máis efectivos de explotación, mecánicos case todos, incluso diría eu que dixitais, o sea, por ordenador. Vai estar todo máis programado. Non se vai poder acabar co eucalipto porque vai a seguir aí, pero o eucalipto eu penso que lle poden quedar, si contamos tres xeracións, eso vén sendo como unhos 50 anos. En 50 anos si que se notará que aquí vai haber un cambio de especie, cambio de tratamento, e que xa estará agotada esa fase.» (1\_alfoz\_m)*




*«Si posiblemente desde o punto de vista de que vai haber moitas zonas con, agora, polo que se ve con nitens en vez de con globulus. Por tanto, eso. Non vai haber posiblemente outra especie porque non é competitiva. Entonces o propietario non se inclina por cambiar por unha especie que non sea competitiva. Entonces, eu creo que, globulus, nitens ou calquer outro eucalipto, máis ou menos, que teña unha produtividade importante; que pode ser, porque hai outros tipos de eucaliptos, pero bueno. » (6\_tra\_m)*

**A segunda visión, vencella o aumento de benestar da poboación co incremento do uso do monte por parte da mesma no 2040**, que iría acompañada da aparición de novas fórmulas de xestión no monte da Mariña no 2040. Os usos, distribuiríanse entre produtivos e non produtivos, pero non habería novos monocultivos. O eucalipto, non desaparecería, pero os usos industriais non desprazarían os non produtivos. Entre as mudanzas que esta visión abrangue atopámo-la creación de áreas públicas de aproveitamento libre no monte, unha diversificación das masas arboradas e o aumento do uso do monte para actividades de lecer. Estes cambios pretenden segundo as entrevistadas contribuir á preservación da historia e patrimonio en xeral, incrementa-lo interese e coñecemento do medio natural e a historia asociada e o fomento dos hábitos saudables.

*«Vamos a ter moitos grupos de xente que vai ir de excursión, a pasar temporadas, que vai ir a zonas donde haxa turismo rural, en épocas estacionais apropiadas ou no inverno, cando queiran, pero con unha relación distinta a como é hoxe.» (1\_alfoz\_m)*

*«Moitísimos usos. Por exemplo, podíamos cambiar unha costumbre que levamos collendo moitos, e moitas sobre todo, de pasar a tarde no centro comercial, para non comprar nada ou comprar catro bragas que podías comprar ó pé da casa, pero bueno... Fuche ó centro comercial e tomache un café cunha amiga e non sei que, e o pícaro todo entretenido porque botáchelle unha moneda alí nun coche e vai por aí pedaleando toda a tarde, pois por coller a merenda e... E iremos para zona, pasear, ensiñarlle ó neno pois... As especies que hai.» (2\_barr\_m)*



*«Ben, o monte ideal para min sería o monte donde, donde existira o eucalipto, por suposto, eu non son antieucaliptista, o monte cunha ordenación forestal ben feita. Unha concentración parcelaria xa para empezar loxicamente. Un monte onde se respeten a ecoloxía e a produción forestal, o sea a produción forestal como parte da nosa economía. E despois sobre todo, áreas de valor ecolóxico. Non teñen por que ser privadas, unhas podían ser incluso parcelas en custodia e outras podían ser parcelas expropiadas ó facer a propia ordenación forestal.»*  
(2\_barr\_m)

A implicación do sector público xoga un papel fundamental nesta visión como garante da remuneración servizos sociais e ecosistémicos do monte, asegurar que estes non recaen no propietario privado e evitar problemas do tipo "free rider". Como vías alternativas para asegura-la sostibilidade destes novos usos, esméntase a posibilidade de pagos de cantidades simbólicas polo acceso a zonas rurais, a custodia do territorio ou á expropiación de zonas de alto interese .Para a delimitación dos usos no monte, o asesoramento técnico faise imprescindible.

*«Por que non vas pagar unha cantidade simbólica para a conservación dun espacio natural? Polo menos para que non lle coste ó concellos sacar as arcas públicas, non? Eu pagaría. Os nenos gratis por suposto, jubilaos tamén. Pero tu non pagarías tres euros por pasar unha tarde nun espacio natural que non ves ó pé da casa? Pois si.»* (2\_barr\_m)

*«E logo que se poñan de acordo e plantamos cerdeiras? Cerdeiras. Ou nogales? Nogales. É o máis propio que é para poder explotalo porque os robles, si, tés que ter unha zona pa'... Eu faríaos nunha zona que sea de todos pública, pa' logo disfrutalo tamén todos. Pero tu que tiñas unha finca e plantes robles pa' que veña... Quen seña, igual que veñan de Barcelona, que de Vigo, que do outro lao, e axuntarse unhas mesas alí na miña finca, e eu poño a finca, poño os robles pero é... De que? E a min a cambio que me dan? Non me dan nada.»*(10\_foz\_m)

*«Pois eu creo que hai certos espazos que deberan ser perfectamente expropiables, non? O mesmo se expropia unha parcela para pasar unha*


*autoestrada, ou un carril bici, ou o que seña. Pois aquel espacio, si. É de propietarios, pero vámolos expropiar e pasa a ser de propiedade estatal, ou municipal, ou autonómico, ou do que seña e que non se pode tocar. Vámolos protexer porque aquilo é un signo de identidade para o noso pobo, non? »*  
(2\_barr\_m)

Como último elemento, esta visión relaciona o aumento do uso do monte e benestar cun cambio de valores entre a poboación no 2040, maior confianza entre as mesmas e unha aposta pola simplicidade voluntaria, por busca-la satisfacción de necesidades na contorna próxima. Para facelo, contempla a apertura de novas zonas de labradío no monte adicadas á produción de alimentación humana e que aumentarían a autosuficiencia da mesma.

*«A min, gustaríame, ter o que temos nesta terra, non traer nada de fóra, non é necesario. A terra produce, produce o que ten, agora probablemente teña plantas de fóra porque traemos, gústanos moito traer plantas tropicais e plantamos o noso kiwi, pero non son plantas aquí, non é a nosa planta, non é a nosa produción, non é o que se da aquí, aunque sexa limitada a nosa vexetación, pero o que hai aquí. Eu penso que a xente que viviu antes aquí era feliz co que tiña e aproveitaba o que tiña, porque era o que daba a terra y valoraba o que daba a terra. Eu creo que pra min sería o ideal, non aspirar a grandes cousas, nin moito máis doutros sitios ou doutros lugares, senón o que a propia terra dá.»* (5\_cer\_f)

En canto aos cambios nas preferencias, a educación ambiental é sinalada como clara responsable da concienciación da poboación, malia que se sinala a importancia das familias na transmisión deses valores. No 2040, a residencia no rural entenderíase como unha vía para buscar unha conexión maior coa natureza e a propiedade privada non estaría tan valorada.

*«Mentalizar aos propietarios que abran a súa... Que non teñan un concepto de propiedade pechado, nin anticuado, nin medieval, que teña o sitio cerrado con unha muralla porque "aquí non me entra nadie porque eu defendo esto con unha lanza e cada un que veña o mato". No. Portas abertas, dar facilidades. Eso si, non veñas aquí cunha moto e enchas esto de botellas nin de restos, o sea, entra, compórtate, respeta esto, pero portas abertas. Eu penso que eso, que esa*



*mentalidá, desde a educación básica, empezando polos meniños desde a escola, colexios, institutos, universidades, que se pode chegar aí.» (1\_alfoz\_m)*

*«Demostrar, ensinarlle á xente o paisaxe, o valor da paisaxe, o valor que hai na paisaxe. Na paisaxe hai moitas cousas, non é solo árbores, hai restos, restos da nosa cultura, en todas partes hai restos. Cando se fai unha carretera, ou casa, unha edificación, non miras que hai debaixo e debaixo hai restos dos nosos antepasados que, eu creo, que deberíamos respetar.» (5\_cer\_f)*

**O abandono do rural non se vai reverter no ano 2040**, con consecuencias negativas sobre o benestar e estreitamente ligado á perda de vencellos comunitarios e sentimento de lugar. Os atrancos administrativos e a perda de contacto co monte ligada á desaparición de xeracións directamente coñecedoras do monte van ser clave neste proceso de despoboamento. A falta de relevo xeneracional tería como causa principal a falta de oportunidades laborais no medio rural e estaría reforzada polo cambio de preferencias e valores na poboación.

O rural, ao deixar de ser residencia, perdería cotidianidade para moitas persoas no 2040, o que faría máis difícil a diversificación no monte, malia que os usos recreativos son referidos como posibles reclamos sobre as novas xeracións. O abandono non se distribuiría homoxéneamente no territorio da Mariña, e notaríase menos na zona de costa, urbana.

*«O que eu vexo con pesimismo é que cando se produce un movemento migratorio que colle unha dirección, é dicir, que vai desde o campo, á zona rural, e apunta cara á costa, e á zona urbanizada, é moi difícil facer un movemento de retroceso para eso. ¿Como é o movemento? Fines de semana, turismo rural, turismo en certas épocas; pero xa vas experimentar... (...)Tu tes a túa vida, o teu traballo, a túa zona... De vida, o teu hábitat. Tu queres ter autovías, queres ter cemento, queres ter espectáculos, queres convivir en unha zona tal... Entonces, é difícil o regreso, non sabes?De... En Galiza estamos perdendo un pouco o que podíamos chamar o tren rural.» (1\_alfoz\_m)*

Tamén dun xeito fatalista, unha das entrevistas fai referencia ao empeoramento das condicións ambientais, que supoñería unha traba á diversificación dos usos do monte e condicionaría as posibilidades de supervivencia da poboación:

*«No 2040 estaremos peor que agora, ecolóxicamente falando, moito peor. Por moitas voltas que lle demos quedannos mil anos enriba da Terra, non nos quedan máis anos de mil ou sea... ó ser humano, non? ó resto non o sei... Pero, no 2040 vai ser peor e vamos a ir empeorando ata que cheguemos a desaparecer.» (2\_barr\_m)*

### **Cal é o papel dos distintos actores no camiño cara un monte que aporte maior benestar á poboación mariñá no 2040?**

Con esta pregunta buscábase entender sobre todo de que xeito os propios entrevistados entendíanse a si mesmos e á sociedade civil como **eficaces**, con capacidade de modificación e control sobre as visións futuras que lles pedimos elaborar para o monte de dentro de 25 anos. En xeral, as persoas entrevistadas non amosan un sentimento de eficacia respecto do estado do monte, malia considerar que debera ser a sociedade civil organizada a garda dese proceso de mellora dos montes mariñaos no ano 2040. As perspectivas de que a sociedade se organice para a mellora dos montes, que a meirande parte das entrevistadas consideran a mellor opción, son pesimistas:

*«...Os galegos por unha vez, unha vez non senta precedente, nos decidamos a actuar colectivamente, como un pobo consciente do que temos, do que somos, que se xunten colectivamente para facer algo positivo e bon; o sea, que se den conta de que o colectivo supera o individual. E por unha vez non pasa nada, a ver se aprendíamos xa pa sempre.» (1\_alfoz\_m)*

*«Que se fixeran varias permutas dos montes, había que empezar por aí. Si para unir parcelas grandes si estas esperando que che veña unha concentración, é moi difícil. Aquí fíxose en Trabada unha que a levaron a cabo pero moi difícil, quedaron moi mal todos, lévanse todos mal.» (10\_foz\_m)*

A falta de capital social e a perda dos vencellos comunitarios, aparecen como principais causas da dificultade da organización dunha acción comunitaria dirixida á mellora dos montes, tanto con fins produtivos como non produtivos. O individualismo, egoísmo, baixa autoestima ou a perda do valor da reciprocidade son sinaladas como barreiras ao cambio do estado no monte.

*«Porque si valoráramos e respetáramos a nosa persoa e á persoa que temos ao lado, as cousas que temos ao redor, non faríamos a metade das cousas que facemos, que destruíamos moita vida natural, a vida animal. Eu penso que é cuestión de que vivimos para satisfacer o noso día a día, punto. Non nos importa destruír outra cousa. Penso que é así.» (5\_cer\_f)*

*«A maioría da xente, eu polo que vexo, a maioría da xente a postura que ten, é que cando a levan de excursión ós cañóns do Sil, sen ir máis lonxe, eh! Ou a levan fóra, e o que ten a sorte de ir a ver o Stonehenge a Inglaterra, veñen flipaos. Unhos polo cuidado que teñen aquilo: "Dios e que paisaxe máis bonito, e que cuidado estaba aquilo alí non vías o papel polo suelo, e alí no Stonehenge tes que deixar o coche un quilómetro antes, tes que ir un quilómetro andando para ir a ver as pedras aquelas, e tal". Hostia, flipadísimos, súper contentos de ver aquilo. Pero, vale, non é por comparar, cada cousa ten o seu... A súa historia, pero tí tes cousas ó pé da casa e tú eres o primeiro que enterra o papel cando acabas o bocadillo.» (2\_barr\_m)*

Fronte á percepción de ineficacia, as entrevistadas reivindicán a necesidade da implicación de todos os actores da sociedade. O cambio de valores, cara uns máis igualitarios e que apuntalen a autoestima do propio son tamén entendidos como solucións ao conformismo respecto do estado do monte na Mariña e o desaproveitamento da potencial contribución do monte ao benestar da poboación. O primeiro paso para a mellora dos montes, é o seu coñecemento. A vida de aldea afirma algunha das entrevistadas, debera ser ensalzada polo tipo de interacción co medio e os outros que facilita.

*«Home ten que estar máis metido na aldea, máis metida no entorno este que hai tan bonito, falar coa xente. Este neto meu tamén o ten o de falar coa xente, desde cativo, inda vén de Santiago, veu o outro día e vai visitalos todos por aí, pero deses sálenche poucos.» (10\_foz\_m)*


*«Mira, en primer lugar que a xente coñeza os seus propios montes. Que as generacións novas pisen o monte e queiran o monte cos seus pros e os cos contras. Desta maneira pódese preservar. Se eu lucho polo monte é porque meu pai inculcoume o cariño polo monte, eso é fundamental, sentir o monte que che gusta, non dicir: "Bah, non me importa nada". Eu se lucho por unha cousa vou conseguir algo sempre...» (8\_barr\_f)*

*«Implicar a todos: familias, profes, sociedade, administración, a todos, a todo ó mundo. Nos países europeo son as familias as que educan en valores, nos valores que debemos ter, nos valores de respecto, nos valores de cuidado da natureza. As propias familias son as que educan en eso. E aquí eu non vexo eso, cando alguén rompe unha planta ou tira algo, as propias persoas do arredor lle dicen: "Eso non esta ben, hai que cuidar a natureza". Aquí non se fai eso, eu non o vexo...Eu non o vexo. Non sei si se fai, pero non o vexo. Nós non temos esa cultura, ao contrario, parece que deixando toda a cochada, somos máis guais.» (5\_cer\_f)*

O aumento da confianza ten unha función hedonista para grande parte dos e das entrevistadas, aumenta o respecto e facilita unha vida serena e tranquila, moi necesaria diante da xeneralización dunha cultura da inmediatez, ambiciosa e que non coida da contorna:

*«Anque desconfíe que confíe un pouquiño máis. Eu penso que vale a pena, aínda que durante a vida che metan un bufo ou dous, pasar toda a vida confiando que non toda a vida desconfiando de todo o mundo. Pa' min eso é fatal, desconfiando todo."Que me levan tal, que... ". Pero deixa ir home que non pasa nada. Anque te veñan unha vez ou dúas na vida, que non vai chegar a tres pois... Bueno hombre, que lle vamos facer, adiós. Pero viviche tranquilo e viviche as malas, non estás sempre pensando que che van roubar, que non sei que, que non se canto. Claro, a cousa é sencilla, máis sencilla da que parece.»(10\_foz\_m)*

*«...Tamén deberíamos aprender a esperar. Outra cousa, que é a paciencia que queremos todo inmediatamente. Entonces, si tivéramos esa paciencia de saber esperar que os árboles produzan, teríamos outra forma de ver a vida, sen tanta presa, sen tanto correr, e mirándonos máis, e parándonos máis a falar. É unha utopía, pero a min, gústame.» (5\_cer\_f)*




Para acadar un cambio de valores a nivel social que consiga unha mellora nos montes, as entrevistadas destacan a necesidade de asesoramento técnico e de cambiar condutas pola vía do efecto demostración, fomentando a aprendizaxe e intercambio de saberes pola vía da experimentación. Entre as principais aplicacións, sinálanse a necesidade de facer un estudo técnico sobre os impactos para a poboación do eucalipto e a demostración da viabilidade económica da diversificación dos montes na zona.

O autopercepción de ineficacia, fai que a administración pública, en especial a autonómica, sexa sinalada na meirande parte dos casos como a responsable por omisión dos cambios futuros no monte mesmo cando datan unha clara desconfianza política cara a mesma, que se reduce respecto da administración local:

*«Penso que debería ser dos nosos gobernantes en principio, porque si non, non habería... Non hai mentalidade de cambio da xente nese sentido. Eu penso que en este país, si non se prohbe algo, non se cambia, si non é por lei, non se cambia, ou te obrigan ou non o cambias.» (5\_cer\_f)*

*«Penso que debería ser por arriba, pero con eficacia e con contundencia, non se pode deixar como agora, non se poden plantar eucaliptos, ou non pode haber eucaliptos a cincuenta metros de unha casa, ou a cen. Xa non se cumpre, ninguén obriga a quitar os eucaliptos. Hai lei pero non hai quen a execute, non hai ninguén que o controle, ou quen o obrige a facer, debía, ser máis contundente todo.» (5\_cer\_f)*

*«Eu non o poñería na cousa da administración porque nos enchería esto de restriccións. Eu penso que eso corresponde á institución máis próxima que é o concello. Tamén, se as asociacións forestais funcionasen como é debido, ou as comunidades de monte que hai no sur de Galicia, aquí hai algunha tamén, eh, hai en Viveiro, en Rúa, en Villastrofe, aquí na Cazolga, Ribadeo, hai algunha... As comunidades xa teñen certa tendencia en abrir un pouco eso para comuneiros, abrílles espacio. Os concellos podían axudar: " Vamos a facer esta pista, vamos abrir aquí unha zona de aparcamento, e aquí unha zona con merendeiro para que poidan vir aquí a asar unhos chourizos, e tal".» (1\_alfoz\_m)*




En xeral, as actuacións dos poderes públicos no monte, considéranse como causas do afogo dos e das labregas, das baixas rendas no rural e da limitación da capacidade de decisión das mesmas respecto dos usos nas súas propiedades, cando non responsables directas da extensión do eucalipto pola falta de control. A necesidade de actualización das ferramentas estatísticas respecto do estado do monte é sinalado como a primeira obriga da administración respecto do monte galego.

*«A administración non fixo nada... Relativamente. Tampouco se lle pide moito. Porque nunca se intentou e o que máis e o que menos escaqueábase para non pagarlles o periódico. Porque non había... Non hai ingresos.» (4\_rib\_m)*

*«Xa che digo, pasaron hai unhos anos que se vivía bastante ben pero agora os gobiernos deron en traghallar para un lado e para o outro, e dende que entramos agora na Comunidá Europea... Eu de política non entendo nada, pero aí xa foi donde se empezou... Porque daquela vendías un leite, e oes, quitabas do leite para gobernar a casa... E entonces os cartos do home que iba ó mar, eso quedábanche libres. E agora nada, agora non queda un peso libre.»(7\_cer\_f)*

*«Hombre, á administración. Hai que pensar que a reorganización da propiedá en Europa fíxose, na maioría, no século pasao. Non no século pasao, a principios do século pasao e aquí non se fixo. Entonces, aquí tiña que facerse eh... Entonces a administración é quen ten que intervenir en parte, lógicamente, presionando polo propietario e... Pero, realmente, ten que participar a administración. Nosotros collemos a iniciativa eh... Dalgunha forma fomos capaces de involucrar á administración, porque a administración colaborou con nosotros para facelo. Pero, partiu de nós, pero realmente logramos implicar á administración. E vale, si é así pois perfecto, pero senon é así a administración debe toma-la iniciativa.»(6\_tra\_m)*

*«Claro, aí había que ter unha estadística fiable, de saber cantos propietarios somos, que non a hai. Nin hai un inventario forestal fiable, que parece mentira, que un país que produce a metade da madeira de toda a Península, de toda a*



*Península incluída Portugal, e que non teñamos un inventario fiable. Nin sequera tamén de todos os propietarios forestais que hai.»(1\_alfoz\_m)*

#### 4.2.5.7. *Contraste de hipóteses.*

Mediante este traballo buscamos explorar en que medida os posicionamentos a favor ou en contra da situación do monte en Galicia (que categorizamos como pro-ambientais e non pro-ambientais) podían explicarse mediante os cambios no sentimento de lugar, que operacionalizamos como a combinación entre apego ao lugar e satisfacción. Quixemos abeirarnos ao conxunto de explicacións causais que explican o inmovilismo da poboación respecto da situación do monte en Galicia e á súa evolución percibida. Para facelo nos centramos no caso da Mariña lucense e desenvolvimos un deseño de investigación cualitativo.

O instrumento empregado para a nosa investigación compúxose por unha entrevista en profundidade semiestruturada, cuxos bloques temáticos se correspondían con ítems que a literatura da Psicoloxía Social e Ambiental sobre o sentimento de lugar ten sinalado como variables dependentes do mesmo e ao que engadimos unha pregunta dinámica extraída dos Estudos das Transicións, para achegarnos ás probabilidades de cambio e eficacia percibida na consecución dos mesmos respecto do monte.

Dúas hipóteses recollidas do traballo de Richard Stedman (2002), foron adaptadas ao noso obxecto de estudo: as causas de aceptación a nivel social do estado do monte en Galicia.

- **H1:** As persoas que dan apoio ao monocultivo forestal mostran un apego elevado ao territorio e unha satisfacción elevada respecto da situación do monte.
- **H2:** As persoas posicionadas contra o monocultivo forestal ou ben teñen un apego alto e unha satisfacción baixa/ ou ben se sinten persoalmente ameazadas polo cultivo do eucalipto

## **Os resultados do noso traballo de campo suxiren a aceptación das dúas hipóteses.**

En relación á primeira, as posicións favorables ao monocultivo forestal aparecían relacionadas cunha integración das características do monte na propia autodefinición (apego ao lugar) persoal e por unha satisfacción respecto do mesmo, que se centraba na obtención de rendas pero que incorporaba tamén a idea do cultivo forestal como a única vía posible de continuar unha tradición de cultivo e traballo no monte, dada a falta de alternativas respecto do usos do mesmo.


En segundo termo, nos casos nos que o monocultivo forestal era rexeitado, isto aparecía vencellado con dous tipos de combinacións distintas do apego ao lugar e da satisfacción co mesmo. Por unha banda, atopamos persoas que malia expresar un alto grao de integración das características do monte e do lugar na propia definición, (apego ao lugar), non se atopaban satisfeitas co estado do mesmo por entende-la expansión dos cultivos forestais como barreiras á aparición doutros usos, produtivos sobre todo, pero tamén recreativos. Por outra banda, atopabamos persoas que rexeitaban o estado do monte na Mariña, malia sentirse identificadas co mesmo (apego ao lugar) pero que mostraban unha satisfacción baixa ao entendelo como unha ameaza aos seus recordos do monte na infancia como un espazo biodiverso e por non ser este uso predominante compatible co papel cá o monte debera cumprir: preservación do patrimonio, respecto e oportunidade de contacto coa natureza e cambio do estilo de vida, reforzo dos vencellos comunitarios e mudanza de valores cara uns de maior respecto a terceiros (incluído medio natural, persoas e animais).

Os noso resultados reafirman tamén as achegas de Stedman (2003) respecto de **o sentimento de lugar non é independente do tipo de atributos nos que este se funda. O estado do monte importa.** Vimos tamén na liña do seu traballo que satisfacción e apego teñen efectos contrarios sobre a probabilidade de aceptar ou rexeitar o estado do monte. Mentres o apego ao lugar ten unha relación positiva respecto da probabilidade de ter un

comportamento pro-ambiental; a satisfacción co lugar, ten unha relación negativa co mesmo.

Ademais, **tamén na liña do seu traballo (Stedman, 2003) atopamos que no noso caso de estudo, o feito de ter significados iguais sobre o monte, non conlevaba que o contido dese significado fose o mesmo**, co que os efectos de ter un determinado tipo de significado sobre o monte integrado, aparecía tanto relacionado coa aceptación da eucaliptización como co seu rexeitamento. Distintos atributos físicos do monte poden estar asociados con iguais significados. A modo de exemplo, o monte era comprendido como parte do patrimonio para moitas das entrevistadas. Para algunhas o patrimonial do monte tiña que ver sobre todo co aproveitamento produtivo do mesmo, co que o eucalipto non ameazaba ese significado. Segundo outras, o carácter patrimonial do monte está relacionado coa súa diversidade, coa non artificialización do mesmo pola introdución de cultivos forestais, que rexeitaban

**Eses diferentes contidos para os mesmos significados non estaban só relacionados coa propia experiencia**, imaxes respecto do monte adquiridas na infancia ou puntos de referencia distintos froito da experiencia persoal tal e como teñen suxerido as investigacións de Stedman (2002) e Marcus (1992). Nalgúns casos respondían a unha comprensión ideolóxica, declarativa, sobre o papel do monte e relacionábase cun apego de tipo voluntario, non autobiográfico.



## 5. Conclusións, limitacións e liñas futuras de traballo: un repaso a preguntas e obxectivos de investigación.

Este traballo comezaba a andar dende unha perspectiva errónea: a de que os e as galegas aceptabamos maioritariamente a eucaliptización do monte porque non queremos o noso, porque desprezamos á terra e non temos apego ao lugar. Era a vía fácil e demostrouse falsa. Como tantos prexuízos, solucionouse aumentando o coñecemento sobre o mesmo, lendo e viaxando, por segui-la dita. A través das páxinas de enriba fumos esfolando a relación das persoas co monte e como teñen vivido e viven o uso en auxe do monte como espazo para as plantacións forestais: a eucaliptización.

En xeral, vemos que o lugar segue xogando un papel fundamental na identificación das persoas, malia apuntarse unha perda de vencellos comunitarios que poderían levar a que dita identificación asociada ao lugar de orixe ou residencia, perdese importancia relativa. A relación das persoas co monte, sen embargo, ten mudado en múltiple formas debido ao espallamento dos cultivos forestais. Entre elas, destaca unha: o amplo abano de posibles usos do monte antes posible, reduciuse.

A aceptación da extensión do eucalipto é unha cuestión complexa e como tal hai que abordala. A simplificación responde normalmente a unha postura interesada sobre o asunto, contribúe á creación de prexuízos e reforza a emerxencia de dous bloques antagónicos: a dos e das paisanas, (os do rural de toda a vida) e a dos e das ecoloxistas (ben urbanitas , benruralitas "enaxenados", que non pisan o monte). En todo caso, a simplificación non axuda aos cambios no monte, inmoviliza, e promove que as cousas non cambien en ningún dos sentidos posibles.

O espallamento dos eucaliptais responde a varios tipos de razóns: á súa produtividade, a falta de usos produtivos alternativos e a un entendemento do mesmo como continuación da explotación produtiva do monte que os devanceiros practicaban. Se recuperámo-los obxectivos que este traballo propoñía, vemos que os resultados en relación aos mesmos debuxan unha

perspectiva se non optimista, cando menos non fatalista respecto das posibilidades de mellora da calidade ambiental do monte, que inclúen unha relativa repregamento das masas de eucalipto no futuro. Existen posibilidades, pero hai unha necesidade imperiosa de tomar medidas canto antes, para non "perde-lo tren do rural" e facer certos procesos irreversibles.

### **1. Avalia-la contribución do modelo forestal e a cadea forestal-madeira ao benestar en sentido amplo de Galicia na actualidade.**

O expansión do eucalipto no monte en Galicia na actualidade ten as súas raíces no rápido proceso de cambio do sistema de economía de base agrícola tradicional. Explícase tamén polo efecto demostración das repoboacións practicadas polo Patrimonio Forestal do Estado e ICONA, a escasa eficacia das normas de ordenamento forestal galegas, as axudas directas á plantación até o ano 2000 e pola demanda de especies de medra rápida para trituración nas plantas pasteiras de Navia e Lourizán. O espallamento desta especie, ademais, ten que ver coa estrutura da propiedade da terra, que desincentiva o uso múltiple do monte e fomenta as estratexias de maximización de beneficios por parte dos e das pequenas propietarias.

Malia te-la cadea forestal-madeira unha importante implantación nas zonas rurais e ser responsable dunha considerable porcentaxe da industria nestas áreas, a súa contribución ao PIB é modesta no rural, exceptuando casos puntuais onde teñen peso as industrias de segunda transformación. A rendibilidade das plantacións forestais é a principal contribución ao benestar destes usos, malia sinalarse que representan unha fonte secundaria de ingresos para a meirande parte dos e das propietarias forestais. Con todo, os cultivos forestais e os ingresos provintes deles, foron unha importante axuda para a poboación no contexto de crise actual e durante as derradeiras décadas e funcionaron como un seguro diante imprevistos para amplas capas sociais. No que atende ás oportunidades de traballo ligadas ao sector, o emprego dentro da cadea non é considerado relevante como dinamizador do rural e non contribúe a frea-lo despoboamento rural. A progresiva mecanización das

actividades ligadas ao sector, aventuran unha redución dos postos de traballo no mesmo.

## **2. Analiza-los efectos que os principais cambios no monte en Galicia teñen sobre o sentimento de lugar das persoas e as repercusións para a sustentabilidade futura das comunidades.**

En xeral as persoas enténdense fortemente vencelladas aos seus lugares de orixe, identificación na cal o monte cumpre un papel importante. O espallamento do eucalipto entre as formacións arbóreas non implica un menor sentimento de lugar. Como vimos, o monocultivo de eucalipto ten efectos sobre o apego ao lugar e a satisfacción. Os impactos sobre o apego ao lugar son moderados. Os relativos á satisfacción teñen maior relevancia no senso en que o monocultivo enténdese como unha ameaza aos significados do monte como espazo de recreo, goce e para algunhas das persoas que o entenden como patrimonio.

As persoas consideran que atributos físicos do monte e interaccións con outras realizadas nese espazo forman parte da súa identidade, malia sinalarse unha perda de contacto e un enfeblecemento progresivo dos vencellos có monte asociados á eucaliptización. O eucalipto é causa e consecuencia da perda do apego comunitario. A perda gradual de vencellos coa comunidade ten unha orixe consensuada: o abandono do rural. O eucalipto é entendido sobre todo como unha consecuencia do movemento da poboación cara ás cidades, malia indicarse tamén que pode ser unha causa.

A sustentabilidade futura das comunidades, recollida no concepto de sentimento de lugar, pasa por un cambio de valores cara un maior respecto ao medio e unha recuperación do capital social e capacidade autoorganizativa das mesmas..

## **3. Tantexar posibilidades de cambio cara un modelo de aproveitamento e uso dos recursos forestais compatibles co desenvolvemento local e rural sostible en Galicia.**

Independentemente das preferencias e valores asociados ao monte, atopamos a idea compartida de que o eucalipto supón unha ameaza á paisaxe, que habería que diversificar as masas forestais e que unha maior convivencia dos usos produtivos e non produtivos do mesmo sería beneficiosa para o conxunto da poboación, propietarios forestais incluídos.

O apego comunitario sobre todo e a colaboración das administracións públicas no ordenamento do monte son sinalados como factores chave para a consecución dun modelo de desenvolvemento sustentable e que acade unha mellora do benestar da poboación do rural.

Nun lado da balanza, o abandono do rural, un fenómeno que semella ser difícilmente reversible e que dificultaría a diversificación dos usos do monte. No outro, o efecto chamada sobre as xeracións mozas que os novos usos do monte, de lecer, poderían ter, sumado a unha maior porcentaxe de persoas que traballarían a terra para produción de alimentación e unha maior incorporación de I+D+i nos sectores produtivos asentados no rural.


### **Limitacións do Traballo: notas procedimentais e metodolóxicas.**

Bauböck, della Porta, Lago & Ungureanu (2012) citaban a Merton (1987), para afirmar que se deben “establecer os fenómenos” mediante evidencia empírica antes de avanzar explicacións nas Ciencias Sociais. Malia que este traballo bebía das demostracións empíricas realizadas por outros autores<sup>50</sup> na cuantificación da relación do sentimento de lugar coa probabilidade de comportamento proambiental, así como da demostración do sentimento de lugar como unha dimensión central no benestar, estes traballos estaban circunscritos a outros contextos culturais e baseados noutros atributos físicos da paisaxe. Este feito, ao terse extrapolado directamente o esquema de análise, obríganos a tomar con precaución os resultados á hora de facer xeralizacións.

Por outra banda, a accesibilidade só parcial aos datos do Inventario Forestal do MAGRAMA dificultaron tamén a obtención de resultados precisos sobre a

---

<sup>50</sup>En especial nos baseabamos nas descubertas de Stedman; Manzo & Devine Wright; Twigger-Ross & Uzzell e Brehm.




situación e evolución das masas forestais galegas e empregáronse fontes secundarias para achegarnos a ela, malia non se-lo máis recomendable.

O de sentimento de lugar é un concepto estático, unha foto fixa, cando os vencellos das persoas co monte non o son e como xa ten advertido a literatura arredor do tema. Centrarse neste construto teórico para comprender como teñen evolucionado os vencellos co monte ao fío dos cambios nas masas forestais, presenta problemas procedimentais e como xa ten indicado a literatura sobre o tema (Lewicka, 2016).

Tamén, a nosa análise clasifica ás persoas en dous conglomerados: o das que basean o seu sentimento de lugar nunha concepción produtiva do monte e o das persoas que o fan sobre as dimensións non produtivas. Este exceso de simplificación, se ben atende a unha necesidade descritiva do fenómeno, debe ser completada con outras análises e métodos. Malia que as persoas tenden a amosar unha comprensión maioritariamente sesgada cara algún deses significados, o común é que aparezan combinados, como tentamos reflectir ao longo das páxinas enriba.

Así mesmo, e malia que o deseño cualitativo deste estudo non perseguía unha representatividade dos resultados, senón unha aproximación aos factores e procesos que explican o sentimento de lugar en relación co cambio do monte, o tamaño da mostra e as dificultades no proceso de selección de informantes fan recomendables futuras ampliacións: tanto para abri-la posibilidade para a xeralización dos mesmos e como para ser quen de cuantificar a medida na que os nosos resultados son particularizables.

Con todo, dadas as limitacións polo tamaño da mostra, a localización territorial da mesma e as particularidades dos e das informantes, o método empregado neste traballo adecúase ao problema prantexado e fornece explicacións relevantes para entende-lo modo en que a eucaliptización (e o estado do monte en xeral) incorpórase á identidade da poboación.



## **Futuro, axenda de investigación: da idea á práctica e da práctica á idea.**

A eucaliptización do monte pode entenderse como unha traxedia dos comúns. Diante da falta de incentivos e control por parte dos poderes públicos, cada axente individual actuando racionalmente opta por unha estratexia de maximización dos beneficios e rematan por destruír un recurso compartido que cando non convén a ninguén: a natureza.


A finais de agosto, 13 colectivos xuntábanse e presentaban un manifesto titulado "Compromiso rural galego vivo"<sup>51</sup>, alarmando do risco de desestruturación do territorio e perda de dinamismo no rural galego como consecuencia dunha imposición sobre o rural de intereses externos ao mesmo e ás súas xentes. Reinvidicaban, con isto, urxentes intervencións sobre o mesmo e o redireccionamento das políticas públicas realizadas cara o apuntalamento do benestar e oportunidades da poboación. Existe, pois, unha masa crítica que esixe a introdución de cambios

O problema de fondo, segundo Oliveira Baptista (en López Iglesias, 2012, p.137) é que "o rural xa non é agrario pero aínda non é outra cousa". Na mesma liña, na análise teórica máis enriba viamos que o 42% da superficie galega cambiou de uso entre 1985 e 2005. Isto invita a facerse dúas cuestións: que outra cousa pode ser o rural sen que estes cambios supoñan unha imposición da poboación urbana, nun tempo no que a rururbanización é xa un feito en Galicia? E por outra banda, que usos e funcións do monte deben preservarse?

Fumos vendo que a eucaliptización foi da man dende os seus inicios de oposición de distintos actores sociais. Pero en nome de que ten sentido rebelarse contra o eucalipto a día de hoxe, cando o rural vive unha xa de por si fráxil situación á sombra dun despoboamento en alza? Como vimos no apartado anterior ao cotexar resultados e hipóteses, o eucalipto non rebaixa o nivel sentimento de lugar. Altera, iso si, cualitativamente o mesmo. Sitúa, noutras palabras, como vía principal para o establecemento de vencellos co

---

<sup>51</sup> Obelleiro ( 26 de agosto de 2016), Sermos Galiza.



monte a satisfacción dunha necesidade económica. O eucalipto fai do monte un instrumento para unha ampla maioría social.

Para algunhas persoas isto significa unha ruptura; para outras unha continuación. Se regresamos por un intre ao apartado 4.1.3, onde vimos que a elección de metas para a perpetuación da experiencia humana dependen do sentido de pertenza e sentido de lugar que outorga a sabedoría, queremos basealo no noso futuro nunha visión utilitarista do monte? Este traballo decántase polo non e alega que o respecto e fomento da diversidade de visións que funden o sentimento de lugar é a base do desenvolvemento sostible, da resiliencia. Entede-lo monte dende unha visión aberta e integradora, biocéntrica, podería servir de apoio ás comunidades rurais, incrementando a súa autonomía, facilitando o seu autogoberno e liberándoas relativamente da súa exposición aos cambios no exterior.

A gobernanza dos procesos de cambio no rural será a clave que decantará as respostas a esas preguntas. Vimos que é unha cuestión de poder. Só a implicación directa da poboación do rural e a sensibilidade diante das especificidades locais das intervencións dende a administración pública, favorecerán a obtención de resultados consensuados e salvagardarán os intereses compartidos, os comúns, para amplas maiorías sociais. E como facemos isto?

A resposta non é doada. Este traballo arroxa luz sobre algunhas das cuestións a ter en conta para pensarmos ese rural futuro, en especial no que atende aos temas forestais:

- Primeiro, a desconfianza política no rural ten unha base histórica e autobiográfica, que é difícil de cambiar.
- Segundo, á xente se lle convence facendo, a demostración e experimentación, pouco empregadas como técnicas de aprendizaxe na actualidade, son vías efectivas para a involucración das xeracións de maior idade e favorecen o escalamento dos cambios a nivel social polos seus efectos demostración e arrastre.


- Terceiro, existe un grande baleiro a encher no estudo das dimensións subxectivas do benestar, dentro das cales o sentimento de lugar se enmarca. En relación a isto, non existen traballos lonxitudinais de máis de 12 meses de percorrido (Lewicka, 2016) sobre o sentimento de lugar, que serían convintes realizar.
- Cuarto, as xeracións que crearon relacións máis íntimas co monte vía o seu traballo directo están desaparecendo, urxe atende-la situación documentando amplamente o seu coñecemento e facilitando a súa transmisión.
- Quinto, a batalla contra a eucaliptización líbrase na definición dos significados. É unha loita de poder. Acadar que as persoas desliguen a idea de patrimonio e os eucaliptos, ou o desenvolvemento sostible coa instalación de centrais térmicas; é a base para a concienzación ambiental e que o coidado do medio para a formar parte dos estilos de vida, do noso cotián.
- E sexto e a modo de convite a seguir: hai indicios de que a degradación do monte pola vía da intensificación dos cultivos forestais tocou o seu teito de cristal. Se non por medio da intervención da administración ou esgotamento do modelo produtivo, si polo cambio cultural e de valores. Os eucaliptos xa non son desexables socialmente.

### **De oportunidades e retos: cambia-lo prisma para unha transición cara á sostibilidade do monte (e de Galicia).**

A incorporación de metodoloxías participativas na xestión política comeza a integrarse no acervo político das xeracións novas. Consideramos que debe aproveitarse. Entre outras fórmulas a aplicar, a planificación estratéxica sería unha ferramenta útil e eficaz no deseño e consecución de futuros desexables para a poboación. En tódalas intervencións políticas rigorosas e deseño de medidas participativas, a avaliación e seguemento do impacto son cuestións xa fundamentais. Pensamos que o sentimento de lugar debe pasar a incorporarse como medida do nivel de benestar e resiliencia das comunidades sobre as que estas medidas afectan.

Para facelo, as aportacións dos xa citados Estudos das Transicións, son interesantes tamén no senso en que examinan procesos de cambio dun xeito sistémico e contemplan as esferas económica, cultural, tecnolóxica, ecolóxica e institucional mediante as cales a estrutura mesma da sociedade cambia (Rotmans et al., 2001, citado en Quist e Pesch, 2014), indicando que son as transicións lideradas por multitude de actores as que comúnmente levan á resolución de problemas sociais salientables. Para comprender os procesos de cambio social e entender como favorecelos, a Perspectiva Multinivel (Geels, 2011) é un dos marcos interpretativos de maior difusión dentro dos Estudos das Transicións. Céntrase esta análise nas interaccións entre nichos (micro-unidades onde emerxen as innovacións); reximes (unidades meso de significado, nas que se establecen as prácticas e normas comúns, reforzando patróns de comportamento e aparición de situacións de bloqueo) e panoramas (contextos macro, esóxenos e que determinan as posibilidades tanto sociais como tecnolóxicas de trasfondo nunha sociedade, non modificables no curto prazo).

A aplicación deste esquema de análise, pode ser útil e tense empregado con bos resultados na xestión de transicións cara a sostibilidade. Podemos facelo noso para o caso que nos ocupa? O do monte en Galicia? Cremos que si. A retroalimentación entre eucaliptización e abandono do rural, que datamos, pode entenderse como un rexime que bloquea a aparición de innovacións no rural, a penetración dos chamados nichos innovadores. Como facer que esas novas propostas cheguen a modifica-los reximes con miras a ter un monte máis sostible? A axencia ou capacidade de cambio dos distintos actores sociais é a idea clave sobre a que afondar e dende a que construír respostas adaptadas ao caso do monte galego e de Galicia en xeral. En que casos na historia recente de Galicia eses núcleos innovadores conseguen atravesar a fronteira do micro e chegan a instalarse como normas e prácticas comúns? En que momentos conseguiu a poboación empoderada, ou o que é o mesmo, autopercebíndose con capacidade de control e cambio sobre o seu contexto próximo, impoñerse nun beneficio común?




Respecto do monte faise necesario un traballo rigoroso que axude á creación dunha caixa de ferramentas, de boas prácticas de xestión que contribúan ao coidado do patrimonio natural, ao empoderamento das comunidades rurais e ao desenvolvemento sostible en xeral. A fin disto, propoñía Tomás Rodríguez Villasante (2006) pasar das *orto-doxias* ás *socio-praxes* de base popular, desborda-lo cualitativo, cuantitativo e participativo para desenvolver unha metodoloxía dialéctica mediante a cal entender e axudar á difusión da creatividade situada, de casos prácticos nos que distintos actores sociais conseguen supera-la convencionalidade no seu contexto e desbordala co fin de acadar unha transformación social. Desta visión, dérvase un primeiro reto: o da elaboración participada dunha escolma de prácticas creativas relacionadas co monte (pero extensible a outras áreas) pensadas dende a propia poboación e para o seu benestar.

Pode ser esta a base fundadora dun novo proxecto de país, dunha nova identidade do rural ou galega, entendida dun xeito aberto, ao de Murado? Outra vez a imposibilidade intrínseca da experimentación nas Ciencias Sociais abre á porta á incertidume. Como mínimo, pensamos, ten posibilidades para facelo e atendería á demanda patente e identificada neste traballo de reforza-las vías de apego comunitario no rural.

Concluía Francisco Díaz Fierros (2006, p. 339) a súa viaxe polos temas ambientais na historia de Galicia, engadindo ás fases de recuperación da personalidade como pobo galego que no seu día formulara Ramón Piñeiro (histórica, cultural e económica) unha última, a ambiental. Se con este traballo temos contribuído só un pouco nesa fazaña, que algúns danse en chamar loita contra o impaís<sup>52</sup> dámonos por satisfeitas.

---


<sup>52</sup>Facemos referencia aquí ao escritor Xavier Alcalá.




## 6. Bibliografía.

- Adegas (2015). Experiencias sostibles no monte galego. Recuperado de: [http://adega.gal/web/media/documentos/fichas\\_24\\_pliego.pdf](http://adega.gal/web/media/documentos/fichas_24_pliego.pdf)
- AGADER (2011). Informe As Mariñas. Recuperado de: <http://agader.xunta.es/UserFiles/File/PlanDesenvolvementoSostible/AsMarinas.pdf>
- Alianza Rural Galega (2016). Valoración das directrices para a revisión do Plano Forestal de Galiza. Recuperado de: [http://www.adega.gal/media/documentos/Valoracion\\_directrices\\_PLANO\\_FORESTAL.pdf](http://www.adega.gal/media/documentos/Valoracion_directrices_PLANO_FORESTAL.pdf)
- Altman, I. & Low, S.M. (1992). *Place attachment*. Nova York, EUA: Plenum Press.
- Alvarez, M. & Field, D. B. (2009). Tradeoffs among Ecosystem Benefits: An Analysis Framework in the Evaluation of Forest Management Alternatives, *Journal of Forestry*, Volume 107, Number 4, June, 188-196
- Arenas, S.G., Ojea, E. & Piñeiro, A. (2013). A industria forestal en Galicia. Claves para un futuro desexable en Galicia? Como mellorar a capacidade forestal en Galicia? Diálogos 03. *Grial. Revista Galega de Cultura*, 199, 36-45, Xullo, Agosto, Setembro 2013. Santiago de Compostela: Editorial Galaxia.
- Bello Bello, F. (2012). Unha visión do mundo rural galego R. (coord. ) *Galicia, un mundo rural vivo*. Lalín, España: Universidade Internacional Menéndez Pelayo, pp.60-65.
- Barreiro Rivas, X.L. & Blanco Casais, M. (2012). La recesión económica y cultural del rural gallego: causas, formas y perspectivas en Rodríguez González, R. (coord. ) *Galicia, un mundo rural vivo*. Lalín, España: Universidade Internacional Menéndez Pelayo, pp.14-37
- Bauböck, R., della Porta, D., Lago, I. & Ungureanu, C. (2012). De las guerras metodológicas al pluralismo metodológico? *Revista Española de Ciencia Política*. Núm. 29, Julio 2012, pp. 11-38.
- Beramendi, M. (14/01/2014). Monte Gallego: 20 años perdidos? *La Voz de Galicia*. Accesible en: [http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/economia/2014/01/14/monte-gallego-20-anos-perdidos/0003\\_201401G14P33991.html](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/economia/2014/01/14/monte-gallego-20-anos-perdidos/0003_201401G14P33991.html)
- Blossfeld, H-P. (1996). Macro-sociology, Rational Choice Theory, and Time. A Theoretical Perspective on the Empirical Analysis of Social Processes. *European Sociological Review*, 12, pp. 181-206 en Lago Peñas, I. (2009). *Causalidad, estadística y mecanismos causales. "From methodological 'wars' to methodological pluralism?"*. Barcelona: Universitat Pompeu Fabra.
- Brehm, J.M. (2007). Community attachment: the complexity and consequence of the natural environment facet. *Human ecology* 35:477-488

